



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de OUTUBRO de 2024**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día once de outubro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(799).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de outubro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(800).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MODELO DE LICENCIAMENTO DO SOFTWARE PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10480/113.

Visto o informe xurídico de data 01/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/09/2024, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Introdución:

Enténdese por software libre e de fontes abertas aquel que se distribúe cunha licenza que permite a liberdade de executalo, de coñecer o código fonte, de modificalo ou melloralo e de redistribuír copias a outros usuarios. O que lle distingue, a este clase de software con respecto ó privativo, son as condicións plasmadas na licenza relativas de dereitos e deberes das partes, provedor e usuario, baixo as cales se distribúe; a diferenciación non se produce, por tanto, pola súa natureza tecnolóxica ou porque haxa custo ou non na adquisición do software. É software libre e de fontes abertas calquera software, todo software, produto ou desenvolvemento a medida, que se distribúa cunha licenza que permita o exercicio do catro liberdades: execución, coñecemento, modificación e redistribución .

Dende a perspectiva da Administración, ente xerador e receptor de software, o exercicio das catro liberdades ten consecuencias de calado estratéxico nas aplicacións para o exercicio de potestades e, en particular, na Administración electrónica, que afectan á defensa do interese xeral, á transparencia, á eficacia, á independencia tecnolóxica, ao acceso aos servizos, á seguridade, á relación cos administrados, ao control sobre os programas e aplicacións, ao acceso e conservación da información en soporte electrónico, e, en definitiva, a catro aspectos operativos perseguidos pola Administración ao longo de sucesivas ondas tecnolóxicas como son a liberdade de elección, a protección do investimento, a mellor relación prezo/rendemento e a garantía de comunicación e interoperabilidade.

Como explica a Comunicación da Comisión sobre o papel da Administración electrónica no futuro de Europa [<http://europa.eu.int/ispo/ida/>], a Administración electrónica persegue a mellora dos servizos públicos e a súa prestación multicanle polo medio electrónico xunto coas canles tradicionais e o apoio ao desenvolvemento das políticas públicas. Entre os aspectos especialmente significativos da Administración electrónica figuran: a prestación de servizos en liña en condicións de dispoñibilidade 24x7 e a accesibilidade sen discriminación xeográfica ou social de ningún tipo, de confianza, seguridade e privacidade, de interoperabilidade organizativa, técnica e semántica, de posibilidade de elección por parte dos cidadáns e as empresas sen condicionarlles tecnicamente á adquisición de determinadas contornas propietarias.

Neste ámbito, a extensión do uso do software libre e de fontes abertas débense ter en conta as seguintes consideracións:

- A dimensión social do software libre e de fontes abertas: O software libre e de fontes abertas conta cunha dimensión social que implica a asociacións, entidades sen ánimo de lucro e cidadáns particulares, ademais do mundo académico e dos sectores económicos público e privado; deste movemento fíxose eco a industria de tecnoloxías da información, de maneira que a mesma contribúe xa coa súa iniciativa de produtos e servizos a realimentar positivamente o fenómeno. Supón unha oportunidade económica e de desenvolvemento a posta en coñecemento, mediante distribución con licenza



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

de software libre e de fontes abertas en beneficio de se mesma e da sociedade, de aplicacións e programas dos que é propietaria dos dereitos de autor relativos ao código fonte e a documentación, especialmente no caso dos denominados sistemas de interese común (Ex. rexistros de E/S, sistemas de notificacións, pasarelas de pagos, nóminas e persoal, contabilidades, xestión de expedientes, etc.)

- A transcendencia da interoperabilidade deriva da interrelación entre infraestruturas, servizos, contidos e accesibilidade. Ten especial importancia no despregamento dos servizos de Administración electrónica e no esforzo necesario para que sexan visibles, accesibles e funcionalmente operables por parte dos cidadáns e as empresas sen condicionarlles á adquisición de determinadas contornas tecnolóxicas concretos.
- A independencia tecnolóxica interesa á propia Administración e aos cidadáns e atópase estreitamente ligada á normalización e á interoperabilidade. A dispoñibilidade do código fonte xunto co exercicio do catro liberdades dá lugar a un escenario que interesa a toda entidade que desexa aprovisionarse de software, ben de produtos ou ben de desenvolvementos a medida. Por outra banda, o usuario de software libre non está tan exposto ás tensións que xeran as migracións ou actualizacións forzadas non ligadas ás súas propias necesidades.
- O software libre e de fontes abertas configura un escenario de confianza por transparencia no que o código pode estar suxeito a escrutinio.
- O uso conxunto de formatos abertos de documentos sobre a base de especificacións públicas abertas libres de patentes e de “royalties” xunto con software libre configura un escenario de independencia tecnolóxica e de interoperabilidade favorable tanto á conservación ao longo do tempo, como de respecto á pluralidade e liberdade de opción no acceso aos documentos administrativos por parte das administracións, cidadáns e empresas, sen obrigarlles a adquirir unha solución propietaria determinada.
- O software libre está igualmente sometido a propiedade intelectual e a dereitos de autor, segundo o previsto na lexislación nacional (Lei de Propiedade Intelectual) e comunitaria (Directiva 91/250/CEE). Na contratación de desenvolvementos de software a medida, a Administración, como práctica habitual, se reserva, con exclusividade e para todos os efectos, os dereitos de explotación, que son os relativos á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación

Marco Xurídico

A Unión Europea incluíu a reutilización, asociada á práctica de compartir e colaborar, en diversos actos e documentos comunitarios entre eles pódense destacar:

- O Plan de acción de administración electrónica 2011-2015 (Plan2011-2015) establecía a reutilización como un concepto vinculado á implantación de tecnoloxías innovadoras, á interoperabilidade, así como á eficacia e eficiencia.

- O Plan de acción de administración electrónica 2016-2020 (Plan2016-2020)
- destacaba a reutilización como un valor crave para a implantación de novas tecnoloxías en distintas contornas, dando continuidade ao Plan anterior.
- Os obxectivos dixitais 2030 (Obxectivos2030) establecidos na Década Dixital
- Europea reforzan a importancia da dixitalización do sector público, animando aos servizos públicos a compartir solucións a través das plataformas habilitadas.
- A Estratexia Europea de Interoperabilidade (EIS) aconsella a reutilización sistemática de solucións entre as administracións públicas da Unión Europea e inclúe un bloque de medidas de acompañamento relativas ao apoio ás comunidades de interese e á integración de plataformas de colaboración.
- O Novo Marco Europeo de Interoperabilidade (NewEIF) contempla a reutilización asociada aos conceptos, as aplicacións, os servizos, as especificacións, os modelos de datos e as fontes de información administrativa. En concreto, o principio catro establece a reutilización como un concepto esencial para o desenvolvemento eficiente dos servizos públicos. Así mesmo desde a súa recomendación sexta “anímase ás administracións públicas a reutilizar e compartir solucións e a cooperar no desenvolvemento de solucións conxuntas ao implantar os servizos públicos europeos”.
- A reutilización da información do sector público atópase regulada na Unión Europea pola (Directiva(UE)2019/1024).

Estas recomendacións europeas desenvólvense no noso país en de a Lei 40/2015, de 1 de outubro, sobre o réxime xurídico do sector público (Lei40/2015) e o seu real decreto de desenvolvemento (RD203/2021), no Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, que regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da administración electrónica (RD4/2010), e na Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público (Lei37/2007) e o seu real decreto de desenvolvemento (RD1495/2011).

Para informar e facilitar aos organismos do sector público o cumprimento do real decreto de desenvolvemento da Lei 37/2007 (RD1495/2011) dispónse da Guía de aplicación do Real Decreto 1495/2011 (Guía1495/2011).

- Adicionalmente, mediante Resolución de 19 de febreiro de 2013 da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, aprobouse a Norma Técnica de Interoperabilidade de Reutilización de recursos da información (NTI-RISP). Para servir como ferramenta de apoio á aplicación e implantación do disposto nesta Norma Técnica, publicouse o seu Guía de aplicación (GuíaNTI-RISP) .

Alcance do licenciamento proposto

O obxectivo principal da liberación de activos é a posible reutilización dos mesmos por outros interesados. As organizacións, en especial, as administracións públicas,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

dedican esforzos a crear activos que poden existir xa. A reutilización destes activos pode permitir a posta en común de recursos e resultados, por unha banda, no seo das administracións públicas e entre elas, contribuindo ao aforro de recursos, esforzos e tempo, e, doutra banda, coa sociedade, contribuindo ao interese social e económico.

El obxecto de licenciamiento proposto inclúe aos “programas de computador”, segundo LPI, 1996 desenvolvidos directamente ou por terceiros cuxa propiedade intelectual pertenza ao Concello de Vigo. Hai que ter en conta que para poder establecer o ámbito de aplicación do licenciamiento ao concepto identificado como programa de computador, é necesario en cada caso identificar cada un dos elementos que poden formar parte do mesmo e en caso de utilizar compoñentes de terceiros identificar as licenzas que estes utilizan e asegurarse de que non existen incompatibilidades co modelo que se propoña. Este proceso de análise debe ser informado o servizo con ámbito de coñecemento en materia de tecnoloxías da información.

Modelo de Licenciamiento

A lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas nos seus artigos 145 e 146 fomenta a reutilización e transferencia tecnolóxica entre administracións e contempla a declaración das aplicacións, desenvolvidas por estas, como fontes abertas cando diso derívase unha maior transparencia no funcionamento da Administración Pública ou con iso foméntese a incorporación dos cidadáns á sociedade da Información. Neste sentido hai numerosos exemplos de distintas administracións, locais (Concello de Barcelona, Zaragoza) como autonómicas (Goberno Vasco, Xunta de Andalucía , Generalitat Valencia ou Xunta de Extremadura) no fomento e uso deste tipo de software como elemento fundamental no desenvolvemento cotián da súa operativa.

Artigo 16 do RD/2010 desenvólvense as condicións de licenciamiento aplicables aos activos propiedade cuxa reutilización poida estar a disposición doutras administracións ou dos cidadáns.

O modo de licenciamiento que dá soporte ao exercicio das catro potestades que promove o a difusión de fontes abertas encádrase dentro do modelo GNU (Licenza Pública Xeral Free Software Foundation, Inc. <https://fsf.org/>) e dentro delas existen un gran conxunto de modelos de licenciamiento . De todas as licenzas de software libre e de fontes abertas, as que ofrecen as maiores garantías son as licenzas GPL e MIT. Ambas as licenzas:

- Permiten a calquera organización a utilización do software para calquera propósito.

- Permiten que se modifique o código orixinal e en consecuencia habilita a posibilidade de que os usuarios evolucionen o código achegando melloras ou corrixindo problemas existentes.
- Permiten redistribuír o software, tanto na súa forma orixinal como nunha forma modificada. Isto é fundamental para a colaboración e o desenvolvemento comunitario de software.
- Son consideradas licenzas de código aberto. Isto significa que cumpren coa definición da Iniciativa de Código Aberto (OSI) e promoven o acceso ao código fonte do software.

A principal diferenza entre ambas é que a licenza GPL obriga a que as derivacións tamén se licencien baixo GPL (Anexo I) , mentres que a MIT (Anexo II) é máis permisiva en canto ás condicións de redistribución.

En consecuencia, e de cara ao Concello de Vigo, ambas as licenzas ofrecen as mesmas garantías aínda que a licenza MIT, dado o seu carácter máis permisivo e flexible, achega as seguintes vantaxes adicionais:

- Menos barreiras para a contribución: Debido á súa natureza permisiva, os desenvolvedores están máis dispostos a contribuír a proxectos con licenza MIT, xa que non están obrigados a liberar os seus propios desenvolvementos baixo os mesmos termos. Isto pode incentivar a colaboración e a innovación.
- Incentiva en consecuencia que desde o ámbito privado desenvólvanse evolucións, módulos compatibles, integracións e en xeral compoñentes adicionais que poidan mellorar e enriquecer o funcionamento da plataforma, e dos que o Concello de Vigo pódese beneficiar. Isto considérase especialmente relevante porque ofrece a posibilidade de dispor non só de contribucións doutras Administracións e comunidades de usuarios senón tamén das achegas que se poidan facer desde o sector privado.
- A licenza MIT é máis compatible con outras licenzas, mesmo con licenzas propietarias. Isto fai que sexa unha opción atractiva para proxectos que poderían necesitar integrarse ou colaborar con outro software de diferentes licenzas.
- Atracción de Usuarios e Desenvolvedores: A menor cantidade de restricións pode atraer a máis usuarios e desenvolvedores a utilizar e contribuír ao software con licenza MIT, xa que poden integralo nos seus propios proxectos sen compromisos adicionais.

Por todo o anteriormente explicado, considérase que a licenza MIT ofrece as mesmas vantaxes que a licenza GPL e engade algunhas vantaxes adicionais, que poderían ser tremendamente beneficiosas para o Concello de Vigo.

O licenciamento a a posta a disposición de terceiros do software cuxa propiedade intelectual pertence ó Concello de Vigo non carrega custos en tanto que se fará con medios propios.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Á vista do exposto, e previo informe Xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

Acordo

1. Aprobar dous tipos de licenciamiento, GPL e MIT, para o software cuxa propiedade intelectual pertenza ao Concello de Vigo.
2. Aprobar a delegación na Concalleira Delegada en materia de Administración Electrónica e tecnoloxías da información o establecemento, por resolución, do tipo de licenciamiento escollido para de cada programa.
3. Dar publicidade do acordo na Sede electrónica Municipal
4. Habilitar unha sección na Sede Electrónica Municipal para a publicación do código licenciado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

GNU General Public License, versión 3

LICENZA PÚBLICA XERAL DE GNU

Versión 3, 29 de xuño de 2007

Copyright Ano 2007 Free Software Foundation, Inc <<http://fsf.org/>> .

Autorízase a reprodución e difusión das copias do presente documento de licenza, pero prohibese a modificación de calquera das súas partes.

Preámbulo

A licenza pública xeral de GNU (GNU GPL, polas súas siglas en Inglés©s) é unha licenza libre e gra-tuíta con dereito de copia para software (soporte lóxico) e outros tipos de obras.

As licenzas para a maioría do software e outras obras de índole práctica están deseñadas para privar ás persoas da liberdade para difundir e modificar as obras. Pola contra, a licenza pública xeral de GNU garante a libre distribución e modificación de todas as versións dun programa, co fin de asegurarlle a dita liberdade a todas as persoas usuarias. Na Fundación para o Software Libre utilizamos a Licenza Pública Xeneral de GNU para a maioría do noso software; tamén se lle aplica a calquera ou-

tra obra publicada desta maneira polos seus autores ou autoras. Vostede tamén pode aplicala aos seus programas.

Cando falamos de software libre, referímonos á liberdade, non ao prezo. As nosas licenzas públicas xerais están deseñadas para garantirlle a vostede a liberdade de distribuír copias de software libre (e cobrar por elas, se así o desexa), obter o código fonte, ou ter a posibilidade de obtelo, modificar o software ou utilizar partes del en novos programas libres, e saber que pode facer estas cousas.

Para protexer os seus dereitos, necesitamos evitar que outras persoas ou entidades lle neguen estes dereitos ou lle pidan que renuncie a eles. Por tanto, no caso de que vostede distribúa ou modifique este software, terá certas responsabilidades co fin de garantir a liberdade de uso.

Por exemplo, se vostede distribúe copias dun programa desta natureza, xa sexa de forma gratuíta ou a cambio de diñeiro, debe estender ás persoas destinatarias do software (soporte lóxico) as mesmas liberdades que lle foron outorgadas a vostede. Debe asegurarse de que tamén reciban ou teñan a posibilidade de obter o código fonte. E debe mostrarlles os presentes termos co fin de que coñezan os seus dereitos.

As persoas ou entidades desenvolvedoras que utilizan a GNU GPL seguen dous pasos para protexer os dereitos que vostede recibe: (1) declarar os dereitos de autor do software, e (2) ofrecerlle esta licenza para que vostede poida copiar, distribuír e/ou modificar o software legalmente.

Para protexer o desenvolvemento e a autoría, a GPL explica claramente que non se ofrecen garantías por este software libre. Polo ben do público usuario e da protección da autoría, a GPL esixe que as versións modificadas se identifiquen como tales, de modo que os problemas que poidan conter estas versións non se lles atribúan erroneamente ás persoas desenvolvedoras de versións anteriores.

Existen algúns dispositivos deseñados para negarlles ás persoas usuarias o acceso para instalar ou executar versións modificadas do software que conteñen, mentres que a industria pode facelo. Isto é esencialmente incompatible co obxectivo de protexer a liberdade das persoas usuarias para modificar o software. O patrón sistemático o de tal abuso danse na Área de produtos para o uso por parte de persoas a nivel individual, precisamente unha Área na cal se volve máis incompatible. Por tanto, deseñamos esta versión da GPL co fin de prohibir a práctica en tales produtos. No caso de que eses problemas xurdisen noutras esferas, existe pola nosa parte unha vontade de atender a este tipo de casos en futuras versións da GPL, segundo se requira para protexer a liberdade das persoas usuarias.

Por último, todos os programas se ven ameazados constantemente por patentes de software. Os estados non deberán permitirlles ás patentes restrinxir o desenvolvemento e o uso de software en computadores para fins xerais, pero, no caso de que isto suceda, desexamos evitar o risco especial de que as patentes que se lle apliquen a un programa libre efectivamente outorguen tal exclusividade. Para logralo, a GPL garante a imposibilidade do uso das patentes para apropiarse dun programa e restrinxir devandita liberdade.

A continuación, inclúense os termos e condicións particulares para a reprodución, distribución e modificación do software.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

TERMOS E CONDICIÓNS

0. Definicións

Por "licenza" enténdese a versión 3 da licenza pública xeral de GNU.

O termo "copyright" (dereitos de autoría) tamén se estende ás leis que protexen estes dereitos para outros tipos de obras, tales como deseños de circuítos integrados sobre placas semicondutoras.

Por "programa" enténdese calquera obra incluída nesta licenza sobre a que se poidan exercer dereitos de

autoría. Para referirnos a cada persoa licenciataria, utilizamos o termo "vostede". As persoas licenciatarias ou destinatarias poden ser persoas ou organizacións.

Por modificar unha obra enténdese o proceso de copiar ou adaptar unha obra en forma parcial ou total dun modo que requira autorización de copyright e que non sexa a reprodución dunha copia exacta. A obra resultante é unha versión modificada da obra anterior ou unha obra baseada na a obra anterior.

Por obra cuberta enténdese o programa sen modificacións ou unha obra baseada no programa.

Por propagar unha obra enténdese calquera acción sobre ela que, no caso de non ter autorización, puidese implicar responsabilidade, xa sexa de forma directa ou indirecta, de infrinxir as leis de dereitos de autoría aplicábeis, salvo que tal acción se realice nun computador ou se modifique unha copia privada. A propagación inclúe a reprodución, distribución (con ou sen modificacións), divulgación e, nalgúns países, outras actividades tamén.

Por transmitir unha obra enténdese calquera tipo de propagación que lle permita a unha terceira persoa ou entidade facer ou recibir copias. A mera interacción cunha persoa usuaria a través dunha rede informática, cando non se transfere unha copia, non se considera unha transmisión.

Unha interface de persoa usuaria interactiva mostra avisos legais apropiados na medida en que, dun modo práctico e ben visíbel, (1) mostre un aviso de copyright apropiado e (2) informe a persoa usuaria de que non se ofrecen garantías pola obra (salvante que efectivamente se ofrezan garantías) e que as persoas licenciatarias poden transmitir a obra conforme as disposicións desta licenza, ademais de mostrar a forma en que se pode consultar unha copia desta licenza. Se a interface presenta unha lista de comandos da persoa usuaria ou opcións, tales como un menú, a lista debe incluír un ítem visíbel que cumpra con este criterio.

1. Código fonte

O código fonte dunha obra é o formato preferido da obra para realizar modificacións nela. Por código obxecto enténdese calquera formato dunha obra que non sexa código fonte.

Unha interface estándar é unha interface que pode ser unha norma oficial, segundo o defina un organismo de normas recoñecido, ou ben, no caso de interfaces específicas para unha linguaxe de programación particular, unha interface de uso xeneralizado entre as persoas desenvolvedoras que traballan con esa linguaxe.

As bibliotecas de sistema dunha obra executábel comprenden calquera cousa, non sendo a obra na súa totalidade, que (a) inclúa na forma normal de empaketamento do compoñente principal, pero que non sexa por si mesma o compoñente principal, e (b) sirva unicamente para permitir o uso da obra con tal compoñente principal ou para implementar unha interface estándar para a cal exista a disposición do público unha implementación en forma de código fonte. Un compoñente principal, neste contexto, é un compoñente fundamental (núcleo, sistema de xanelas, etc.) do sistema operativo específico (se houber) no que funcione a obra executábel, ou un compilador utilizado para producir a obra, ou un intérprete de código obxecto utilizado para executalo.

A fonte correspondente para unha obra en código obxecto refírese a todo o código fonte necesario para xerar, instalar e (para unha obra executábel) executar o código obxecto e modificar a obra, incluídas as secuencias de comandos para controlar esas actividades. Con todo, non inclúe as bibliotecas de sistema da obra, así como tampouco ferramentas de aplicación xeral ou programas libres xeralmente dispoñíbeis que se utilicen sen modificacións para realizar esas actividades pero que non formen parte da obra. Por exemplo, a fonte correspondente inclúe os arquivos de definición de interface asociados aos arquivos fonte para a obra, así como o código fonte para as bibliotecas compartidas e os subprogramas vinculados de forma dinámica requiridos especificamente conforme ao seu deseño, por exemplo, mediante a comunicación de datos intrínseca ou o control de fluxo entre eses subprogramas e outras partes da obra.

A fonte correspondente non necesita incluír nada que as persoas usuarias poidan rexenerar automaticamente doutras partes da fonte correspondente.

A fonte correspondente para unha obra en código fonte é esa mesma obra.

2. Permisos básicos

Todos os dereitos que se outorgan conforme a esta licenza outórganse coa protección do copyright que ampara o programa e son irrevogábeis cando se cumpran as condicións establecidas. Esta licenza autoriza en forma expresa e ilimitada a executar o programa sen modificacións. O produto obtido a partir da execución dunha obra amparada está cuberto por esta licenza unicamente se o produto, dado o seu contido, constitúe unha obra amparada. Esta licenza recoñece os seus dereitos de uso razoábel e outros equivalentes, conforme as leis de copyright.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Vostede pode crear, executar e propagar obras amparadas que non transmita, sen condicións na medida en que a súa licenza siga vixente dalgunha outra maneira. Vostede pode transmitir obras amparadas a terceiras persoas co único fin de que estes realicen modificacións exclusivamente para vostede, ou que lle proporcionen os medios para executar esas obras, con tal de que vostede cumpra cos termos desta licenza no que respecta á transmisión de calquera material que exceda o seu control do copyright. Quen desta maneira creen ou executen as obras amparadas para vostede deben facelo exclusivamente no seu nome, baixo a súa dirección e control e sobre a base de termos que lles prohiban facer copias do seu material protexido por dereitos de autoría fóra da relación que manteñen con vostede.

A transmisión baixo calquera outra circunstancia permítese unicamente conforme ás condicións que se describen a continuación. Prohíbese sublicenciar; a sección 10 fai que sexa innecesario.

3. Protección dos dereitos legais das persoas usuarias fronte á Lei antievasión

Ningunha obra amparada se considerará parte dunha medida tecnolóxica efectiva conforme a calquera lei aplicábel que cumpra as obrigas do artigo 11 do tratado de copyright OMPI (Organización Mundial da Propiedade Intelectual, WIPO polas súas siglas en inglés) adoptado o 20 de decembro de 1996 ou a leis similares que prohiban ou restrinxan a evasión de devanditas medidas.

Cando vostede transmite unha obra amparada, renuncia a calquera facultade legal de prohibir a evasión de medidas tecnolóxicas na medida en que a evasión se realice ao facer uso dos dereitos que se outorgan conforme a esta licenza con respecto á obra amparada, e nega calquera intención de restrinxir o uso ou a modificación da obra como unha forma de facer valer, en contra das persoas usuarias da obra, os seus dereitos legais ou os dereitos legais de terceiras partes para prohibir a evasión de medidas tecnolóxicas.

4. Transmisión de copias literais

Vostede pode transmitir copias literais do código fonte do programa tal cal o reciba, por calquera medio, coa condición de que publique dun modo visíbel e adecuado un aviso de copyright apropiado en cada copia;

manteña intactos todos os avisos que establecen que esta licenza e calquera termo non-permisivo que se agregue conforme á sección 7 se lle aplican ao código; manteña intactos todos os avisos mediante os cales se nega calquera tipo de garantía; e lles proporcione a todas as persoas destinatarias unha copia desta licenza xunto co programa.

Vostede pode cobrar o prezo que vostede desexe ou non cobrar nada por cada copia que transmita, e pode ofrecer mantemento ou protección de garantía a cambio dunha tarifa.

5. Transmisión de versións modificadas do código fonte

Vostede pode transmitir unha obra baseada no programa, ou as modificacións para produci-lo a partir do programa, en forma de código fonte conforme os termos da sección 4, coa condición de que tamén cumpra con todas as condicións que se inclúen a continuación:

* a) A obra debe conservar avisos visíbeis que establezan que a modificou e que inclúa a data correspondente.

* b) A obra debe conservar avisos visíbeis que establezan que se realiza conforme a esta licenza e a todas as condicións que se agreguen baixo a sección 7. Este requirimento modifica o requirimento da sección 4 que establece que se deben manter intactos todos os avisos.

* c) Debe outorgar unha licenza pola obra completa, en forma íntegra, conforme a esta licenza, a calquera terceira persoa que adquira unha copia. Por tanto, esta licenza, xunto con calquera termo adicional aplicábel da sección 7, aplícaselle á obra na súa totalidade e a todas as súas partes, independentemente do modo en que se empaqueten. Esta licenza non autoriza para outorgar licenzas para a obra de ningún outro modo, pero non invalida esa autorización se vostede a recibiu por separado.

* d) Se a obra tivese interfaces de usuario ou usuaria interactivas, cada unha delas deberá mostrar os avisos legais apropiados. No entanto, se o programa tivese interfaces interactivas que non mostraren avisos legais apropiados, non necesita incluílos.

Denomínase conxunto á compilación dunha obra cuberta con outras obras diferentes e independentes que pola súa natureza non sexan extensións da obra cuberta nin se combinen con ela para formar un programa máis grande nun volume dun medio de distribución ou almacenamento, se a compilación e o copyright consecuente non se utilizan para restrinxir o acceso ou os dereitos legais das persoas usuarias da compilación alén do que permitan as obras individuais. A inclusión dunha obra incluída nun conxunto non implica que esta licenza se lle aplique ás outras partes do conxunto.

6. Transmisión de códigos que non son códigos fonte

Vostede pode transmitir unha obra cuberta en código obxecto conforme os termos das seccións 4 e 5, a condición de que tamén transmita a fonte correspondente lexíbel por máquina conforme os termos desta licenza, dalgunha das seguintes maneiras:

* a) Transmisión do código obxecto dentro dun produto físico (incluídos medios físicos de distribución) ou incorporado a este, acompañado da fonte correspondente nun medio físico duradeiro habitual para o intercambio de software.

* b) Transmisión do código obxecto dentro dun produto físico (incluídos medios físicos de distribución) ou incorporado a este, acompañado dunha oferta escrita, que sexa válida por un prazo mínimo de tres anos e polo tempo que vostede ofrezca repostos ou servizo técnico para ese modelo do produto, para proporcionarlle a calquera persoa que posúa o código obxecto (1) unha copia da fonte correspondente para todo o software do produto que estea cuberto por esta licenza, nun medio físico duradeiro habitual para o intercambio de software, a cambio dun prezo que non exceda o custo razoábel



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

da acción física de transmitir esta fonte, ou (2) acceso á copia da fonte correspondente desde un servidor de rede sen custo ningún.

* c) Transmisión de copias individuais do código obxecto xunto cunha copia da oferta escrita para proporcionar a fonte correspondente. Esta opción permítese unicamente en ocasións e para fins non comerciais, e só na medida en que vostede reciba o código obxecto cunha oferta desta natureza, conforme á subsección 6b.

* d) Transmisión do código obxecto ofrecendo acceso desde un lugar determinado (en forma gratuita ou onerosa) e ofrecendo un acceso equivalente á fonte correspondente do mesmo xeito e desde o mesmo lugar sen custo adicional. Non é necesario que lles esixa ás persoas destinatarias que copien a fonte correspondente xunto co código obxecto. Se o lugar ofrecido para copiar o código obxecto fose un servidor de rede, a fonte correspondente poderá estar nun servidor diferente (operado por vostede ou por unha terceira persoa) que ofrezca posibilidades de reprodución equivalentes, coa condición de que se inclúan, xunto co código obxecto, instrucións claras para atopar a fonte correspondente. Independentemente de que servidor aloxa a fonte correspondente, vostede mantén a obriga de se asegurar de que estea dispoñíbel polo tempo que sexa necesario para satisfacer estes requirimentos.

* e) Transmisión do código obxecto mediante transferencia entre persoas usuarias (peer to peer), coa condición de que se lles informe da situación do código obxecto e a fonte correspondente da obra para o público en xeral sen custo ningún conforme á subsección 6d.

Non se precisa incluír unha parte separábel do código obxecto, de código fonte excluído da fonte correspondente como unha biblioteca de sistemas, para transmitir o código obxecto da obra.

Por produto de persoa usuaria enténdese (1) un produto de consumo, que é calquera ben persoal tanxíbel que se utilice habitualmente para fins persoais, familiares ou domésticos, ou (2) calquera cousa que se deseñe ou comercialice para a súa incorporación nunha vivenda. Ao determinar se un produto é un produto de consumo, os casos dubidosos deberán resolverse a prol da cobertura. Para un produto específico que recibe unha persoa usuaria particular, un uso habitual é o uso común ou típico que se lle adoita dar a ese tipo de produto, independentemente da condición da persoa usuaria particular ou da forma en que a persoa usuaria particular utilice o produto ou das expectativas propias ou doutras persoas respecto do uso do produto. Un produto considérase un produto de consumo independentemente de que se lle poida dar usos substanciais de índole comercial, industrial ou alleos ao consumo, non sendo que eses usos representen o único modo significativo de utilizar o produto.

Por información de instalación dun produto de usuario ou usuaria enténdese calquera método, procedemento, clave de autorización ou outro tipo de información requirida para instalar e executar versións modificadas dunha obra cuberta en tal produto de usuario ou usuaria a partir dunha versión modificada da súa fonte correspondente. A información debe ser suficiente para garantir que o funcionamento continuo do código obxecto modificado non se vexa afectado ou imposibilitado só polo feito de se ter realizado a modificación.

No caso de que vostede transmita o código obxecto dunha obra conforme a esta sección nun produto de usuario ou usuaria, xunto co produto da persoa usuaria ou especificamente para o seu uso nun produto de usuario ou usuaria, e a transmisión se produza como parte dunha transacción mediante a cal os dereitos de posesión e uso deste produto de persoa usuaria se lle transfiran á persoa destina-

taria por un prazo limitado ou ilimitado independentemente das particularidades da transacción), a fonte correspondente transmitida conforme a esta sección deberá ir acompañada da información de instalación. Con todo, este requirimento non se lle aplicará no caso de que nin vostede nin unha terceira persoa conserven a capacidade para instalar o código obxecto modificado no produto de usuario ou usuaria (por exemplo, que a obra se instalase en memoria ROM).

O requirimento de proporcionar información de instalación non implica a necesidade de seguir provendo servizo técnico, garantías ou actualizacións para unha obra que sexa modificada ou instalada pola persoa destinataria ou para o produto de persoa usuaria no cal a modificou ou instalou. Poderá negarse o acceso a unha rede cando a modificación en si mesma poida afectar dun modo adverso e substancial o funcionamento da rede ou infrinxa as normas e os protocolos de comunicación a través da rede.

A fonte correspondente que se transmita e a información de instalación que se proporcione conforme a esta sección deberán presentarse nun formato sobre o cal exista documentación pública (e cunha implementación

dispoñíbel para o público en código fonte) e non deberán requirir ningunha clave ou contrasinal especial para o seu desempaquetado, lectura ou reprodución.

7. Termos adicionais

Os permisos adicionais son termos que complementan os termos desta licenza ao permitir excepcións a unha ou máis condicións. Os permisos adicionais que se lle aplican ao programa na súa totalidade deberan tratarse coma se formasen parte desta licenza, na medida en que sexan válidos conforme as leis aplicábeis. No caso de que os permisos adicionais se apliquen unicamente a unha parte do programa, esta parte poderá utilizarse por separado conforme a eses permisos, pero o programa na súa totalidade seguirá rexéndose de acordo con esta licenza independentemente dos permisos adicionais.

Cando vostede transmita unha copia dunha obra cuberta, poderá; optar por eliminar calquera permiso adicional da copia ou de calquera parte dela (en certos casos, cando vostede modifique a obra, poderán establecerse permisos adicionais para requirir a súa eliminación). Ten autorización para incluír permisos adicionais nun material que vostede agregue a unha obra cuberta e sobre o cal vostede posúa ou poida outorgar permisos de copyright apropiados.

Independentemente de calquera outra disposición desta licenza, respecto do material que vostede agregue a unha obra cuberta, vostede poderá; (na medida en que o autoricen as persoas titulares dos dereitos de copyright do dito material) complementar os termos desta licenza cos seguintes termos:

* a) Ausencia de garantías ou limitación da responsabilidade alén dos termos das seccións 15 e 16 desta licenza; ou

* b) Obriga de conservación de atribucións de autoría ou avisos legais razoábeis específicos no dito material ou nos avisos legais apropiados que se mostren nas obras que o conteñan; ou

* c) Prohibición de terxiversación da orixe do material, ou requirimento de que nas versións modificadas deste material se indique dun modo razoábel que son diferentes da versión orixinal; ou



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

- * d) Limitación do uso dos nomes das persoas licenciadoras ou autoras do material para fins publicitarios; ou
- * e) Negativa respecto do outorgamento de dereitos conforme as leis de marcas para o uso de certos nomes comerciais, marcas de produtos ou marcas de servizos; ou
- * f) Requirimento de indemnización das persoas licenciadoras ou autoras do material por parte de calquera persoa que transmita o material (ou versións del modificadas) baixo presuncións contractuais de responsabilidade das e dos destinatarios por calquera responsabilidade que esas presuncións contractuais imponhan directamente sobre as e os licenciadores e sobre os autores ou autoras do material.

Calquera outro termo adicional non permisivo considerárase unha restrición adicional no contexto da sección 10. No caso de que o programa, tal cal vostede o recibiu, ou calquera parte del conteña un aviso que indique que se rexe segundo esta licenza xunto cun termo que constituía unha restrición adicional, poderá eliminar o termo. No caso de que un documento de licenza conteña unha restrición adicional pero permita a extensión da licenza ou a transmisión do programa conforme a esta licenza, vostede poderalle agregar á obra cuberta calquera material conforme os termos dese documento de licenza, coa condición de que a restrición adicional non se manteña tras a extensión da licenza ou a transmisión do programa.

No caso de que vostede agregue termos a unha obra cuberta conforme a esta sección, deberá incluír nos arquivos fonte correspondentes unha declaración dos termos adicionais que se lle aplican aos arquivos ou un aviso que indique a localización dos termos aplicábeis.

Poderanse establecer termos adicionais, sexan estes permisivos ou non permisivos, nunha licenza escrita independente, ou a modo de excepcións; sexa como for, aplicaranse os requirimentos mencionados anteriormente.

8. Anulación

Vostede non está autorizado para propagar ou modificar unha obra cuberta de ningún outro modo que non se estipule nesta licenza. Calquera intento non autorizado por propagala ou modificala considerárase nulo e levará a anulación automática dos dereitos que lle outorgou esta licenza (incluída calquera licenza de patente outorgada conforme o parágrafo terceiro da sección 11).

No entanto, no caso de que deixe de violar as cláusulas desta licenza, unha persoa titular de dereitos de copyright particular poderá restituírle a licenza (a) de forma provisoria, até tanto tal titular dea por finalizada a súa licenza de forma expresa e definitiva, e (b) de forma permanente, se esa persoa titular non notifica a infracción por algún medio razoábel antes dos 60 días posteriores á anulación.

Asi tamén, a licenza que lle outorgue unha persoa titular de dereitos de copyright particular restituíráselle de forma permanente se a persoa titular lle notificar a infracción por algún medio razoábel, esta for a primeira vez que vostede recibise unha notificación de violación desta licenza (por calquera obra) emitida por esa persoa titular, e vostede emendase a infracción nun prazo de 30 días a partir da recepción da notificación.

A extinción dos seus dereitos conforme a esta sección non anula as licenzas daquelas terceiras persoas ás que vostede lles outorgou copias ou dereitos conforme esta licenza. No caso de que os seus dereitos se anulen e non se lle restituían de forma permanente, vostede non estará; capacitado para recibir novas licenzas para o mesmo material conforme á sección 10.

9. Aceptación innecesaria para a posesión de copias

Vostede non ten a obriga de aceptar esta licenza para poder recibir ou executar unha copia do programa.

De modo similar, a propagación secundaria dunha obra amparada que se produza unicamente como consecuencia dunha transferencia entre persoas usuarias (peer to peer) co fin de recibir unha copia tampouco require aceptación. No entanto, esta licenza é o único que o autoriza a propagar ou modificar calquera obra cuberta.

No caso de que vostede non acepte esta licenza, os actos anteriores representarán unha violación das leis de copyright. Por tanto, ao modificar ou propagar unha obra cuberta, vostede expresa a súa aceptación desta licenza para facelo.

10. Traspaso automático de licenza a destinatarios ou destinatarias subseguintes

Cada vez que vostede transmite unha obra cuberta, o destinatario ou destinataria recibe automaticamente das persoas licenciadoras orixinais unha licenza para executar, modificar e propagar a obra conforme esta licenza.

Vostede non é responsábel de asegurar o cumprimento desta licenza por parte de terceiras persoas.

Unha transacción entre entidades é unha transacción mediante a cal se lle transfire o control dunha organización ou de todo o patrimonio dunha organización, se subdivide unha organización ou se fusionan dúas ou máis organizacións. No caso de que a propagación dunha obra cuberta se deba a unha transacción entre entidades, cada parte da transacción que reciba unha copia da obra tamén recibirá todas as licenzas para a obra que o predecesor ou predecesora da parte tiver ou puider outorgar conforme o parágrafo anterior, máis o dereito de recibir do seu predecesor ou predecesora a fonte correspondente da obra, se o predecesor ou predecesora a ten no seu poder ou pode obtela con esforzos razoábeis.

Vostede non pode impor restricións adicionais para o exercicio dos dereitos que se outorgan ou consolidan conforme esta licenza. Por exemplo, vostede non pode impor tarifas, dereitos de autoría ou outros cargos a cambio do exercicio dos dereitos que se outorgan conforme esta licenza, así como tampouco pode iniciar accións legais (incluídas demandas e contestacións a demandas nun proceso legal) sobre a base dunha infracción de patentes por crear, usar, comercializar, ofrecer para a venda ou importar o programa ou calquera parte del.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

11. Patentes

Un colaborador ou colaboradora é unha persoa ou entidade titular de dereitos de copyright que autoriza o uso conforme esta licenza do programa ou dunha obra sobre a cal se basee o programa. A obra con licenza outorgada desta maneira denomínase versión en colaboración do colaborador ou colaboradora.

Os dereitos de patente fundamentais dun colaborador ou colaboradora son todos os dereitos de patente baixo a titularidade ou o control da persoa colaboradora, xa sexa porque os adquiriu tras o outorgamento desta licenza ou a partir dela, que poidan infrinxirse dalgún modo permitido por esta licenza para crear, usar ou vender a súa versión en colaboración, pero non inclúen dereitos que se poderán infrinxir unicamente como consecuencia de modificacións posteriores á versión en colaboración. Para os efectos desta definición, o control inclúe o dereito de outorgar sublicenzas de patente dun modo consonte cos requirimentos desta licenza.

Cada colaborador ou colaboradora outórgalle a vostede unha licenza de patente internacional non exclusiva libre de dereitos de autoría conforme os dereitos de patente fundamentais da ou do colaborador para crear, usar, comercializar, ofrecer á venda, importar e executar, modificar e propagar dalgún outro modo o contido da súa versión en colaboración.

Nos tres parágrafos que se inclúen a continuación, unha licenza de patente é calquera contrato ou acordo expreso, independentemente da súa denominación, mediante o cal se conveña non exercer dereitos de patente (como, por exemplo, unha autorización expresa para facer uso dunha patente ou unha cláusula que estableza que non se iniciarán accións legais por infrinxir os dereitos de patente). Por outorgar unha licenza de patente desta natureza a outra parte enténdese o acto de celebrar un contrato ou acordo mediante o cal se convén non exercer dereitos de patente en contra da dita parte.

No caso de que vostede transmita unha obra amparada, sabendo que está; suxeita a unha licenza de patente, e a fonte correspondente da obra non estiver dispoñíbel para a súa reprodución, en forma gratuíta e conforme os termos desta licenza, a través dun servidor de rede de acceso público ou outro medio igualmente accesíbel, vostede deberá; (1) poñer a fonte correspondente a disposición do destinatario ou destinataria subseguinte, (2) renunciar ao beneficio da licenza de patente para esta obra en particular, ou ben (3) tomar as medidas necesarias para estender a licenza de patente aos destinatarios e destinatarias subseguintes dun modo acorde cos requirimentos desta licenza. A frase sabendo que está suxeita a unha licenza de patente significa que vostede efectivamente sabe que, de non ser pola licenza de patente, a transmisión da obra cuberta nun país ou o uso que puider darlle as persoas destinatarias á obra amparada nun país infrinxirían unha ou máis patentes identificábeis no dito país que vostede considera válidas por diversas razóns.

No caso de que, en relación cunha transacción ou contrato individual, vostede transmitise unha obra amparada ou a difundise conseguindo a súa transmisión e outorgase a algunhas das partes que reciban a obra amparada unha licenza de patente que as autorizase a usar, difundir, modificar ou transmitir unha copia específica da obra cuberta, a licenza de patente que vostede outorgue estenderase automaticamente a todos os destinatarios e destinatarias da obra cuberta e ás obras que se baseen nela.

Unha licenza de patente considérase discriminatoria cando non inclúe dentro do seu ámbito de amparo un ou máis dos dereitos que se outorgan especificamente conforme a esta licenza, prohibe o uso de devanditos dereitos ou se outorga como condición de que non se usen os ditos dereitos. Vostede non debe transmitir unha obra cuberta se fose unha das partes dun acordo con outra entidade ou persoa que se dedicase á distribución de software, conforme ao cal vostede debese pagarlle á outra entidade ou persoa pola actividade que vostede realice con respecto á transmisión da obra e esa entidade ou persoa outorgase a calquera das partes que reciban de vostede a obra cuberta unha licenza de patente discriminatoria (a) en relación coas copias da obra cuberta transmitidas por vostede (ou as copias que se fagan desas copias), ou (b) principalmente para compilacións ou produtos específicos que conteñan a obra cuberta e en relación con estes, a menos que vostede celebre o contrato ou que a patente se outorgase antes do 28 de marzo de 2007.

Ningunha disposición desta licenza deberá interpretarse como excluín-te ou limitativa de ningunha licenza implícita ou outras defensas legais contra infraccións ás que, doutro xeito, vostede puidese ter dereito conforme á lei de propiedade intelectual vixente.

12. Protección da liberdade de terceiras partes

No caso de que lle fosen impostas condicións (xa sexa por unha orde xudicial, un contrato ou dalgún outro modo) que contradixesen as condicións desta licenza, vostede non quedará eximido de cumprir as condicións desta licenza. No caso de que non poida transmitir unha obra cuberta dun modo que lle permita cumprir simultaneamente coas obrigas establecidas por esta licenza e calquera outra obriga pertinente, non poderá transmitila de ningún modo. Por exemplo, no caso de que vostede acepte termos que o obriguen a cobrar dereitos de autoría por redistribución a daqueles aos que vostede transmite o programa, a única forma de satisfacer tanto estes requirimentos como esta licenza será absterse de transmitir o programa.

13. Uso conxunto coa licenza pública xeral Affero de GNU

Independentemente de calquera outra disposición desta licenza, vostede ten permiso para vincular ou combinar calquera obra cuberta cunha obra con licenza outorgada conforme á versión 3 da licenza pública xeral Affero de GNU nunha única obra combinada e transmitir a obra resultante. Os termos desta licenza seguirán aplicándose á parte que corresponda á obra cuberta, pero os requirimentos especiais da sección 13 da licenza pública xeral Affero de GNU sobre a interacción a través dunha rede aplicaráselle á combinación como tal.

14. Revisións desta licenza

A Fundación para o Software Libre poderá publicar revisións e/ou versións novas da licenza pública xeral de GNU de cando en vez. Tales versións serán de natureza semellante á versión actual, pero poderán diferir canto aos detalles para afrontar novos problemas ou coidados.

Cada versión recibirá un número de versión que a distinga. No caso de que o programa especifique que se rexe por unha versión determinada da licenza pública xeral de GNU ou calquera versión pos-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

terior, vostede poderá optar por adoptar os termos e condicións desta versión específica ou de calquera versión posterior que publique a Fundación para o Software Libre. No caso de que o Programa non especifique un número de versión da licenza pública xeral de GNU, vostede poderá rexerse por calquera versión que publique a Fundación para o Software Libre.

Se o programa especifica que un apoderado ou apoderada pode decidir que versións da licenza pública xeral de GNU poden aplicarse no futuro, a declaración pública do apoderado ou apoderada sobre a aceptación dunha versión determinada autorizarao a vostede, de forma permanente, a optar por tal versión para o programa.

Poida que as versións posteriores da licenza se lle outorguen permisos adicionais ou diferentes. No entanto, non se lles imporán obrigas adicionais a ningunha persoa autora ou titular de dereitos de copyright como resultado da adopción da versión posterior que vostede elixa.

15. Carencia de garantías

O PROGRAMA OFRÁCESE SEN NINGÚN TIPO DE GARANTÍAS, NA MEDIDA EN QUE O PERMITAN AS LEIS APLICÁBEIS. SALVANTE DISPOSICIÓN CONTRARIA POR ESCRITO, OS OU AS TITULARES DE DEREITOS DE AUTORÍA E/OU OUTRAS PARTES PROVÁN O PROGRAMA "TAL CAL" SEN GARANTÍAS DE NINGÚN TIPO, XA SEXAN EXPRESAS OU IMPLÍCITAS, INCLUÍDAS, AÍNDA QUE NON DE FORMA TAXATIVA, AS GARANTÍAS IMPLÍCITAS DE VALOR COMERCIAL E APTITUDE PARA UN PROPÓSITO DETERMINADO.

VOSTEDE ASUME TODOS OS RISCOS CON RESPECTO Á CALIDADE E O DESEMPEÑO DO PROGRAMA. NO CASO DE QUE O PROGRAMA TIVESE DEFECTOS, VOSTEDE ASUME O CUSTO DE TODAS AS ACTIVIDADES DE MANTEMENTO, REPARACIÓN OU CORRECCIÓN.

16. Limitación da responsabilidade

EN NINGÚN CASO, SALVO QUE ASÍO DISPOÑAN AS LEIS APLICABLES OU UN CONTRATO POR ESCRITO, UNHA PERSOA TITULAR DE DEREITOS DE AUTORÍA OU UNHA TERCEIRA PARTE QUE MODIFIQUE E/OU TRANSMITA O PROGRAMA SEGUNDO SE AUTORIZA ANTERIORMENTE SERÁ RESPONSÁBEL PERANTE VOSTEDE DE CALQUERA DANO, INCLUÍDOS OS DANOS XERAIS, ESPECIAIS, FORTUÑOS OU DERIVADOS, QUE POIDAN XURDIR DO USO OU A INCAPACIDADE DE USO DO PROGRAMA (INCLUÍDOS, AÍNDA QUE NON EXCLUSIVAMENTE, A PERDA DE INFORMACIÓN, A SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN IMPRECISA OU AS PERDAS QUE POIDAN

SUFRIR VOSTEDE OU TERCEIRAS PARTES OU A INCAPACIDADE DO PROGRAMA PARA INTERACTUAR CON OUTROS PROGRAMAS), AÍNDA CANDO ESTE OU ESTA TITULAR OU TERCEIRA PARTE FOSE ADVERTIDA DA POSIBILIDADE DE TALES DANOS.

17. Interpretación das seccións 15 e 16

No caso de que as cláusulas de ausencia de garantías e limitación da responsabilidade anteriores carecesen de validez legal a nivel local conforme os seus termos, os xulgados deberán aplicar as leis locais que máis se asimilen a unha exención absoluta de calquera responsabilidade civil en relación co programa, salvo que unha copia do programa estea acompañada dunha garantía ou presunción de responsabilidade a cambio dunha tarifa.

FIN DE TERMOS E CONDICIÓNS

Como aplicar estes termos aos seus programas novos

Se vostede desenvolve un programa novo e desexa que o público lle atope a maior utilidade posíbel, a mellor maneira de logralo é facer deste un software libre para que todos o poidan redistribuír e modificar conforme a estes termos.

Para facelo, achegue os seguintes avisos ao programa. O máis seguro é engadilos ao comezo de cada arquivo fonte co fin de que se estableza dun modo efectivo a exclusión de garantías. As mesmo, cada arquivo deberán incluír a liña do copyright e unha ligazón á localización do aviso completo.

Copyright ©

Este programa é software libre: vostede pode redistribuílo e/ou modificalo conforme os termos da licenza pública xeral de GNU publicada pola Fundación para o Software Libre, xa sexa a versión 3 desta licenza ou (á súa elección) calquera versión posterior.

Este programa distribúese co desexo de que lle resulte útil, pero SEN GARANTÍAS DE NINGÚN TIPO; nin sequera coas garantías implícitas de VALOR COMERCIAL OU APTITUDE PARA UN PROPÓSITO DETERMINADO. Para máis información, consulte a licenza pública xeral de GNU.

Xunto con este programa, débese incluír unha copia da licenza pública xeral de GNU.

De non ser así, vexa en <<http://www.gnu.org/licenses/>>. Inclúa tamén información de contacto que lles permita ás persoas destinatarias comunicarse con vostede, xa sexa por correo electrónico ou convencional.

Se o programa admite a interacción entre terminais, asegúrese de que mostre un breve aviso como o que se inclúe a continuación cando se inicie en modo interactivo:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Copyright ©

Este programa proporciónase SEN GARANTÍAS DE NINGÚN TIPO; para máis información escriba 'show w'.

Este programa é software libre e vostede pode redistribuílo consonte certas condicións; para máis información, escriba 'show c'.

Os comandos hipotéticos 'show w' e 'show c' deberán mostrar as partes correspondentes da licenza pública xeral. De máis está dicir que os comandos do seu programa poden ser diferentes; para unha interface gráfica de persoa usuaria, deberán utilizar un cadro de diálogo do tipo Acerca de.

No caso de que traballe como programador ou programadora para unha entidade empregadora ou establecemento educativo, asegúrese tamén de que asinen unha renuncia de copyright para o programa, se fose necesario. Para máis información verbo deste respecto e sobre como aplicar e cumprir a GNU GPL, vexa en <<http://www.gnu.org/licenses/>>.

A licenza pública xeral de GNU non autoriza a inclusión do seu programa en programas de propiedade privada.

Se o seu programa fose unha biblioteca de subrutinas, poida que considere máis útil permitir a vinculación de aplicacións de propiedade privada coa biblioteca. Se vostede desexar facer isto, utilice a licenza pública xeral reducida de GNU en lugar desta licenza. Pero primeiro, por favor, lea a información que se inclúe en

Anexo II

Licenza MIT

Copyright (c) [2024] [Concello de Vigo]

Pola presente concédese permiso, libre de cargo, a calquera persoa que obteña unha copia deste software e dos arquivos de documentación asociados (o «Software»), a comerciar no Software sen restrición algunha, incluíndo sen limitación os dereitos de utilizar, copiar, modificar, fusionar, publicar, distribuír, sublicenciar e/ou vender sublicenciar e/ou vender copias do Software, e a permitir que as persoas ás que llo Software, con suxeción ás seguintes condicións:

O aviso de copyright anterior e este aviso de permiso incluíranse en todas as copias ou partes substanciais do Software.

O SOFTWARE FORNÉCESE «TAL CAL», SEN GARANTÍA DE NINGÚN TIPO, EXPRESA OU IMPLÍCITA, INCLUÍDAS, ENTRE OUTRAS, AS GARANTÍAS DE COMERCIALIZACIÓN, IDONEIDADE PARA UN FIN DETERMINADO E NON INFRACCIÓN.
EN NINGÚN CASO AUTORES NIN OS TITULARES DOS DEREITOS DE AUTOR SERÁN RESPONSABLES DE NINGUNHA RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE, XA SEXA CONTRACTUAL, EXTRA CONTRACTUAL OU DOUTRO TIPO, DERIVADA DE, DE OU EN CONEXIÓN CO SOFTWARE OU O USO OU OUTRAS OPERACIÓNS CO SOFTWARE.

3(801).- DAR CONTA DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 17590/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/10/2024, asinado pola letrada -titular de Asesoría Xurídica Municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión de efectos da sentenza no procedemento abreviado nº 156/2023 (SPEIS).

EXPTE	N.º PEP	AUTO	
		Núm.	Data
17344-111	154/2024	82	19/07/2024
17387-111	163/2024	89	04/09/2024

Este auto estima a solicitude formulada polo demandante, sobre extensión de efectos de sentenza (ditada no PA 156/2023), que declarou o dereito á percepción de complemento de produtividade polo desenvolvemento de funcións de superior categoría en ausencia de oficiais do SPEIS.

As resolucións toman como base estimatoria o informe do xefe do SPEIS que detalla o número de gardas que realizou o demandante en tal calidade.

Polo que se condena ao Concello ao abono das cantidades que procedan en concepto de produtividade por actividade extraordinaria levada a cabo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

A Área de RRHH debe coñecer dos recursos e executar estes autos, que son firmes por contía.

2.- Contencioso. Expediente nº 15424/111
Sentenza nº 227 do 1 de abril de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 115/2023
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Contra resolución do Concello de Vigo desestimatoria da solicitude de permuta efectuada polos demandantes funcionarios con praza de bombeiros na Deputación de Álava e Concello de Vigo, respectivamente.
Expte(s): 39604/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza que non é firme, pero contra a que só é posible interpoñer recurso de casación, estima o recurso interposto polo Concello e revoga a sentenza ditada polo XCA 2 de Vigo.

Na resolución se examina, se, nun caso como o presente, no que dous funcionarios municipais aos que lles resulta aplicable norma de rango legal autonómica en materia de función pública diferente, teñen dereito a permutar os postos de traballo unicamente aplicando a normativa estatal supletoria, o que neste caso lles resultaría favorable, ou ben se as normas autonómicas son igualmente aplicables.

Pois ben, entende a sentenza que a aplicación da Lei de emprego público de Galicia, que non permite a un dos dous demandantes permutar, resulta de aplicación plena posto que a relación é estatutaria, e o contido das normas, indispoñible, e neste caso non se cumprían cos requisitos para que a permuta puidese operar.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedementos de orixe:

RC-A nº 219/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 318/2022 de 15/12/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 26/01/2023.

3.- Contencioso. Expediente nº 16885/111
Sentenza nº 124 do 20 de xuño de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 28/2024
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta do recurso de reposición formulado o 18/10/2023 fronte á desestimación presunta das solicitudes formuladas en datas 2.12.2019 (RE W402091-819); 11.2.2020 (RE: 200023150); 29.12.2021 (RE: 210297068), y 13.3.2023 (RE 230064674) en materia de solicitude de valoración de posto de traballo e do dereito a percepción do completo de produtividade correspondente aos exercicios 2017, 2018, 2019, 2021 y 2022.
Expte(s): 35135/220, 43052/220, 7129/106, 8476/106 e 9402/106

A sentenza estima parcialmente o recurso interposto polo empregado municipal e recoñece o dereito do actor a percibir as retribucións complementarias en concepto de produtividade dos exercicios 2018, 2019, 2021 e 2022 con condena da demandada ao abono da suma que se liquidará en execución en sentenza atendendo as instrucións sobre plantilla aprobadas o 20 de setembro de 2010.

No FX 1º pronúnciase sobre a solicitude de valoración do posto de traballo e modificación do complemento específico considerando que o cauce impugnatorio para este tipo de pretensións é a reacción fronte a aprobación da calquera das modificacións da RPT, como sinala a STSXG contencioso, secc 1 de 15.05.2024.

A sentenza sen pronunciamento sobre as custas, é susceptible de recurso de apelación que foi interposto en relación ao período que condena a administración ao pago.

Debe coñecer o resolto o Servizo de RRHH e Formación.

4.- Contencioso. Expediente nº 15445/111

Sentenza nº 532 do 3 de xullo de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 135/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 27/07/2022, desestimatoria da solicitude de declaración de excedencia por incompatibilidade por prestación de servizos no sector público, contra denegación da Xefa de Área de RRHH e Formación do 5/8/2022 á toma de posesión como funcionario de carreira no Concello de Vigo, como Policía Local e contra Proposta-Resolución do 24/08/2022 elaborada pola Área de RRHH e Formación.

Expte(s): 39831/220, 40237/220 e 40487/220

Contía: Indeterminada

Por medio desta sentenza se desestima o recurso de apelación interposto pola representación do Concello de Vigo contra a sentenza de instancia que resolveu o dereito do recorrente (funcionario da Policía Local) a que se lle declare en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público.

A resolución, en liña con outras semellantes, interpreta a lexislación en materia de incompatibilidades no relativo ao exercicio do dereito de opción entre postos, cando se está en disposición de ocupar máis dun no sector público. Con expresa remisión ao contido da STSX do 18/10/2023 (Rec. Apel. 337/2023), entende que debe ser dentro do prazo para tomar posesión cando se debe manifestar a opción por parte do interesado, e non no acto de toma de posesión.

Non se aprecia infracción do art. 62.1 do TREBEP posto que a toma de posesión se esixe para adquirir a condición de funcionario de carreira, e neste caso o recorrente xa a obtivo porque era funcionario da Policía Local doutro Concello.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedementos de orixe:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

RC-A nº 280/2022 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 2/2023 de 11/01/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 23/02/2023.

5.- Contencioso. Expediente nº 14810/111
Sentenza nº 531 do 3 de xullo de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2
Recurso de apelación: 130/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Execución provisional 24/2022 de sentenza sobre proceso selectivo de promoción interna na Policía Local.

Esta sentenza que se está a comunicar, non é firme, pero contra a mesma só é posible interpoñer recurso de casación. Impón as custas do procedemento. O asunto do que provén é a execución dunha sentenza ditada sobre proceso selectivo de promoción interna na Policía Local.

Neste recurso se formulou cales eran os efectos da retroacción na execución da sentenza, con relación ao pronunciamento da instancia. Cómpre indicar que por medio de auto do 5/10/2023 o órgano de instancia xa acordou o arquivo da execución da mesma, polo que un recurso de casación ademais de imposible de fundar, porque non se infrinxe norma algunha. Tratouse dun asunto de natureza procesual.

A sentenza entende que resulta irrelevante, en primeiro lugar, que a execución fose provisional ou definitiva. E canto aos efectos retroactivos, resolve que na execución hai que atender aos termos nos que se ditou a sentenza que se execute, e neste caso, a pesares de que a mesma non contiña mención aos efectos retroactivos, ao tratarse dunha estimación íntegra, hai que interpretar que esa retroacción se produce con respecto á data na que se nomeou indebidamente ao codemandado.

A área de RRHH debe coñecer do resolto, reiterando que a sentenza se atopa executada.

Procedementos de orixe:

RC-A nº 272/2019 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 59/2020 de 17/04/2020, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 05/06/2020.

Recurso Apelación nº 294/2020 TSXG, Sentenza nº 744/2021 de 09/12/2021, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 03/02/2022.

Recurso casación nº 2447/2022 ditado polo T. Supremo, Providencia de 06/07/2023, inadmisión do recurso.

6.- Contencioso. Expediente nº 14409/111
Sentenza nº 1192 do 4 de xullo de 2024
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Recurso de casación: 9062/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: XGL 5-8-2021. Retribucións: complementos de festividade e nocturnidade e horas extraordinarias.
Expte(s): 38102/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza resolve e estima o recurso de casación promovido polo Concello de Vigo contra a sentenza do TSXG, sen imposición de custas. A sentenza é firme.

A resolución estima tamén o recurso de apelación interposto polo codemandado, atendendo ás dúas cuestións de interese casacional sobre as que se pronuncia.

Un deles é con respecto ao prazo de prescrición dos créditos fronte ás administracións públicas locais, entendendo que tal prazo é de catro anos, e non de cinco como resolvera o TSXG.

A segunda das cuestións é a relativa ao dereito á percepción de retribucións pola prestación de servizos nocturnos ou festivos. Se se prestan fóra da xornada ordinaria de traballo por quendas non se integran na nómina como un concepto estable, e se retribuirán como plus ou gratificación, de modo que só se retribúen se se prestan, o que non alcanza ás vacacións, permisos, licencias ou situacións de incapacidade temporal.

Se o que acontece é que se dentro do réxime a quendas o servizo o ten que prestar en horario nocturno ou festivo, e forman parte esas horas nocturnas e festivas da súa xornada ordinaria, procede o abono, e isto é o que se unifica, casa e establece como doutrina. Pero sen recoñecer a estes conceptos unha identidade de seu como "complementos", como fixera o TSXG e se cuestionaba.

Este criterio, xa xeral, e especialmente incidente sobre o persoal que presta servizos mediante quendas, ten que terse en conta pola área de RRHH con carácter xeral dende este momento, e atender á súa extensión tamén ao persoal laboral municipal por atoparse a súa estrutura retributiva equiparada ao do persoal funcionario municipal.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedementos de orixe:

RC-A nº 323/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 302/2021 de 22/012/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 24/02/2022.

Recurso Apelación nº 187/2022 TSXG Con/Ad Sección nº 1, Sentenza nº 766/2022 de 18/10/2022, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 01/12/2022.

7.- Contencioso. Expediente nº 17300/111

Auto nº 72 do 9 de xullo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Extensión de efectos de sentenza: 126/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo das reclamacións formuladas contra Decreto do Concelleiro de Seguridade e Mobilidade de 06/02/2019, polo que se autoriza ao xefe do Corpo de Bombeiros, para que poda acordar a suspensión dos descansos do persoal adscrito a dito servizo.

Contía: 30.001,00 €

Esta sentenza estima a solicitude de extensión de efectos da Sentenza firme ditada no P.O. 333/2020, e recoñece o dereito do demandante a que se lle abonen as cantidades en



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

concepto de diferencias retributivas que resulten polas horas en exceso realizadas sobre a xornada ordinaria anual. Non é firme e é posible interpoñer recurso de apelación.

Os procedementos de extensión de efectos valoran a identidade fáctica, e neste caso concorre segundo o órgano xurisdiccional, ademáis de que a solicitude presentada na vía administrativa polo actor carece de resolución expresa. Concorrendo todos os presupostos legais, o Xulgado acorda a estimación da extensión de efectos.

Cómpre sinalar que a sentenza da que se solicita extensión de efectos non se atopa executada, senón en proceso de execución, cun incidente promovido pola representación do Concello, que pode afectar á execución da resolución que se está a comunicar, malia o afirmado no auto con respecto a isto. Se ben, sería en cada executoria onde se expoñerán as circunstancias de cada asunto de modo pormiudado.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 16969/111
Sentenza nº 545 do 10 de xullo de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 126/2024
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Auto ditado expediente execución provisional 48/2023
Contía: Indeterminada

Esta sentenza que se comunica non é susceptible de recurso ordinario algún, e só é posible interpoñer casación.

Resolve o recurso interposto polo actor contra o auto ditado no marco da execución provisional, xa que pretendía unha alteración das cantidades informadas nesa executoria, discutindo de novo a aplicabilidade da fórmula establecida no acordo regulador do Concello de Vigo.

A Sala reitera o exposto na resolución do recurso contra o auto de execución ditado anteriormente, e entende que este auto resolve igualmente de modo congruente co anterior, e este pola súa vez, é conforme ao resolto en canto ao fondo, resultando nunha execución conforme a dereito.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedementos de orixe:

RC-A nº 330/2020 PO XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 311/2022 de 09/12/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 20/04/2023.

Recurso Apelación nº 13/2022 TSXG, Sentenza nº 598/2022 de 08/07/2022, inadmite o r. apelación interposto polo Concello e estima parcialmente o interposto polo demandante, comunicada na sesión da XGL do 25/08/2022.

Recurso Apelación nº 81/2024 TSXG, contra Auto de 16/11/2023 da Execución Provisional 48/2023, Sentenza nº 339/2024 de 07/05/2024, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 21/06/2024.

9.- Contencioso. Expediente nº 16756/111

Sentenza nº 544 do 10 de xullo de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 61/2024

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da solicitude presentada o 05/05/2023 sobre recoñecemento do dereito a percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, IT, asuntos propios e demais permisos retribuídos, así como ao pagamento dos atrasos correspondentes.

Expte(s): 42984/220

Contía: Indeterminada

Sentenza non firme do TSXG, pola que se desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza do xulgado contencioso administrativo núm 2 de Vigo. A sentenza do TSXG confirma a de instancia que establecía: (1) o recoñecemento do dereito do actor (funcionario do Corpo da Policía Local) a percibir os pluses de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, situacións de incapacidade temporal, días de libre disposición e demais permisos retribuídos; (2) a fórmula de cálculo das horas extraordinarias debe utilizar como base de cálculo os días efectivamente traballados cada mes e non trinta; (3) o prazo de prescrición do período que comprenden as cantidades reclamadas é de 5 anos, e non de 4 , ao abeiro do Decreto Lexislativo 1/1999. Impón ao apelante a cantidade de 1.000 euros en concepto de custas. Contra esta sentenza cabe recurso de casación.

Debe coñecer esta resolución o servizo municipal e concellería de RRHH.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 272/2023 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 280/2023 de 15/12/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 16/02/2024.

10.- Contencioso. Expediente nº 16734/111

Sentenza nº 557 do 10 de xullo de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 80/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Auto ditado en execución provisional nº 59/2023.

Contía: Indeterminada

A sentenza que se está a comunicar desestima o recurso de apelación interposto pola representación do demandante, funcionario do SPEIS, contra o auto ditado no procedemento de execución provisional dunha sentenza.

A Sala resolve que o criterio do Xulgado é o correcto, e que non procede modificar a fórmula de cálculo das horas extraordinarias, pretensión da parte contraria no seu recurso, xa que se esta fórmula se atopa aclarada e aplicada de oficio correctamente polo Concello dende a firmeza do PA 45/2019, tramitado polo XCA 2 de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

No tocante ao outro extremo pretendido, que é o de atender a un concreto número de horas sinaladas nun documento, a Sala reitera o exposto polo Xulgado e lembra que neste momento se está perante a execución provisional, non a definitiva, onde se poderá corrixir o número total, de proceder. Porque a Sala tamén considera que o período temporal aparece correctamente acoutado no auto impugnado.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedementos de orixe:

RC-A nº 325/2020 PO XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 198/2021 de 30/08/2021, estimatoria.

Recurso Apelación nº 46/2022 TSXG, Sentenza nº 956/2022 de 16/12/2022, inadmite r. apelación interposto polo concello e estima parcialmente o interposto polo demandante, comunicada na sesión da XGL do 26/01/2023.

RC-A nº 325/2020 PO XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 151/2023 de 01/06/2023, sentenza desestimatoria ditada en execución do resolto en apelación, comunicada na sesión XGL do 28/07/2023.

11.- Contencioso. Expediente nº 15719/111

Sentenza nº 556 do 10 de xullo de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 200/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de cantidades por horas extraordinarias.

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme pero contra a que só é posible interpoñer recurso de casación, inadmite o recurso por razón da contía, conforme á alegación que se fixo valer pola representación do Concello.

Trátase do segundo recurso de apelación promovido polo demandante, funcionario do SPEIS, contra a sentenza do XCA 1 de Vigo, e que forma parte dunha relación de máis de medio cento de recursos conexos, resolto polo XCA 1 e 2 de Vigo.

A Sala do TSXG considera, con respecto á contía, que a condena non superaría os 30.000 euros, en concepto de diferencias de cantidade con relación ao abono das gratificacións por servizos extraordinarios, atendendo ao resultado estimatorio parcial da sentenza que apelou (STS 8/6/2020).

Canto á reclamación de responsabilidade patrimonial, por importe de 25.000 euros, a Sala resolveu que ao non declararse a inadmisibilidade do recurso contencioso nese aspecto na resolución de instancia, entende que o recurso de apelación é igualmente inadmisibile, ao non exceder a reclamación por dano moral de 30.000 euros.

A Área de Recursos Humanos e a de Seguridade, xunto coa Xefatura do SPEIS deben coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 193/2020 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 106/2021 de 02/07/2021, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 29/10/2021.

12.- Contencioso. Expediente nº 17249/111
Sentenza nº 158 de 10 de xullo de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 119/2024
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da solicitude de complemento de produtividade por realizar ademais das súas funcións ás de auxiliar administrativa.
Expte(s): 1717/110 e 42661/220

Sentenza estimatoria da pretensión da demandante (funcionaria municipal) consistente no recoñecemento das cantidades económicas reclamadas en concepto de produtividade, polo desenvolvemento de tarefas relativas a un posto de inferior categoría.

A sentenza foi rectificada mediante auto do 16 de xullo de 2024 no relativo á posibilidade de ser recorrida en apelación e respecto aos períodos recoñecidos no fallo e o cálculo resultante das cantidades.

Na actualidade a sentenza foi recorrida en apelación, estando pendente da sentenza do TSXG.

Darase traslado do mesmo ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 16962/111
Sentenza nº 576 do 17 de xullo de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña
Recurso de apelación: 136/2024
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Auto de 30/01/2024 ditado execución provisional 45/2023.
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só é posible interpoñer recurso de casación, estima parcialmente o recurso.

O demandante impugnou un auto no marco da execución provisional da sentenza, no que se cuestionaba tanto a fórmula de cálculo da hora extraordinaria, como o período a ter en conta para o abono das cantidades nesta execución provisional.

A Sala considera superado o debate sobre a fórmula de cálculo, xa que o TSXG resolvera con anterioridade sobre este extremo, e non procede modificación algunha.

No tocante ao período, e sen prexuízo de que na execución definitiva se proceda á liquidación exacta, se estima parcialmente o recurso e dispón que procede que o período sexa o que noutra resolución anterior o Xulgado estableceu, isto é dende novembro do 2015 ata setembro do 2021.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto e proceder ao reaxuste do período.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Procedementos de orixe:

RC-A nº 329/2020 PO XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 320/2022 de 19/12/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 23/02/2023.

Recurso Apelación nº 644/2021 TSXG, Sentenza nº 610/2022 de 20/07/2022, desestima o r. apelación interposto polo Concello e estima parcialmente o interposto polo demandante, comunicada na sesión da XGL do 08/09/2022.

Recurso Apelación nº 98/2024 TSXG, contra Auto de 16/11/2023 da Execución Provisional 45/2023, Sentenza nº 404/2024 de 29/05/2024, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 05/07/2024.

14.- Contencioso. Expediente nº 15680/111

Sentenza nº 586 do 19 de xullo de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 210/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra o Concello de Vigo pola privación do seu dereito de toma de posesión da praza da policía local correspondentes á OEP 2017-2018-2019 pola quenda de mobilidade horizontal.

Expte(s): 40801/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza non é firme, pero contra a mesma só é posible interpoñer recurso de casación, e resolve a estimación do recurso de apelación da recorrente, sen impoñer custas.

Na resolución, a Sala do TSXG resolve en consonancia con asuntos anteriores e idénticos, e declara o dereito da demandante, funcionaria de carreira pertencente a un corpo da Policía Local, a que se declare a súa situación como de excedencia por prestación de servizos no sector público.

Considera que non era preciso que tomase posesión no Concello de Vigo, e que tal declaración de excedencia tiña que realizarse de oficio polo Concello, sen que exista contravención, ao realizar isto, coa normativa en materia de incompatibilidades.

A área de RRHH debe coñecer do resolto e executar a sentenza no prazo sinalado na mesma (1 mes dende a súa firmeza).

Procedemento de orixe:

RC-A nº 308/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 41/2023 de 20/02/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 20/04/2023.

15.- Contencioso. Expediente nº 16238/111

Sentenza nº 603 do 19 de xullo de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 431/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Contra decreto da Concelleira Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, do 24/03/2022, que ordena a provisión temporal en réxime de comisión de servizos, do posto de traballo vacante de xefe/a departamento administrativo de Alcaldía.

Expte(s): 39576-220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só é posible interpoñer recurso de casación, desestima o recurso do sindicato CCOO e impón as custas do procedemento.

O acto impugnado era unha resolución para a provisión temporal en comisión de servizos dun posto vacante. A sentenza da Sala recolle os antecedentes da tramitación deste expediente, e nomeadamente, a xustificación da necesidade e urxencia de proveer a vacante de modo temporal, para que non se vise afectado o interese público.

Se confirma a sentenza de instancia e se considera que ningún dos motivos expostos pola apelante desvirtúan o acomodo á normativa en materia de función pública; básica e autonómica, respectada no procedemento. Se considera igualmente suficiente a motivación para a provisión temporal, e o feito de que este acto é autónomo da executoria da sentenza estimatoria na que a parte apelante é a executante, e que non hai intención de evitala por medio desta convocatoria.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 162/2022 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 152/2023 de 31/07/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 13/10/2023.

16.- Contencioso. Expediente nº 13584/111

Providencia do 19 de xuño de 2024

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de Casación: 5906/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do 14/04/2021 do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se aproban as liquidacións nº 134-2021 cofinanciamento Escola Infantil da rúa Palencia e nº 135-2021 cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares correspondentes á metade da contía anual do ano 2021.

Contía: 99.000,00 €

Esta resolución acorda a inadmisión do recurso de casación promovido polo Concello de Vigo contra a sentenza do TSXG, no proceso no que se impugnou a resolución de liquidación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo cofinanciamento das escolas infantís da Rúa Palencia e Valadares.

A providencia considera que o asunto carece de interese casacional, xa que a normativa nuclear do asunto e dos relacionados é autonómica, e canto á constitucionalidade do precepto que se expuxo (da Lei 2/2021, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación) resulta motivado o extremo contrario na sentenza de instancia polo que segundo a Sala, resulta infrutuosa a súa invocación.

A resolución é firme.

O Servizo de Educación, e a Área de Servizos Sociais deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

RC-A nº 309/2021 PO TSXG Con/Ad Sección nº 1, Sentenza nº 472/2023 de 07/06/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 28/07/2023.

17.- Contencioso. Expediente nº 17233/111

Sentenza nº 146 do 28 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 93/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos ao caer na Rúa Colombia nº 24.

Expte(s): 7144/243

Contía: 28.357,22 €

Esta sentenza desestima o recurso e adquire firmeza, ao ditarse en única instancia. Non impón as custas a ningunha das partes.

Na resolución se examinan as condicións da vía o día no que se produciu o accidente por cuxos danos reclama a demandante e se conclúe que non se estaba perante algo insalvable, pero a pesares dos desafortunados danos persoais na demandante, non existe nexo causal entre o servizo público e tales danos.

O servizo de patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 17236/111

Sentenza nº 149 do 28 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 96/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na vía pública.

Expte(s): 6760/243

Contía: 5.768,37 €

Esta sentenza se dita en única instancia, e polo tanto, adquire firmeza. Desestima o recurso e non impón as custas do procedemento.

O asunto tratado era a tramitación dun expediente de responsabilidade patrimonial polos danos causados ao demandante, por mor dunha caída na Avda do Tranvía. A sentenza desestima pola inexistencia de proba, testemuñas ou análogas, que avalen a versión do demandante.

A maiores, o recollido no parte da Policía Local tampouco engade información que sustente a tese do actor, de modo que se considera que carece de proba a demanda formulada.

O servizo de patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 17155/111

Auto nº 54 do 8 de xullo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 96/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos causados ao vehículo matrícula 5475JPY ao bater contra contedores do lixo sitos na Avda. de Castelao nº 37.

Expte(s): 7182/243

Contía: 476,45 €

O Auto declara rematado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da recorrente, sen custas.

Dito recoñecemento ten base na resolución administrativa de data 20-06-2024 que estima a reclamación de responsabilidade patrimonial e imputa a responsabilidade á concesionaria do servizo de xestión sostible e integrada dos residuos municipais de Vigo FCC Medio Ambiente SA.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

20.- Contencioso. Expediente nº 17072/111

Sentenza nº 270 do 12 de xullo de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7102/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na vía pública.

Expte(s): 6260/243

Contía: 116.093,14 €

Sentenza desestimatoria do recurso de apelación presentado polo actor contra a sentenza do XCA núm 1 de Vigo, que desestimou o recurso c-a interposto contra a resolución presunta desestimatoria da reclamación patrimonial formulada polo demandante ante o Concello de Vigo, por importe de 116.093,14 €, polos danos padecidos como consecuencia dunha caída na praza das Palmeiras (Avda. Mtnéz. Garrido).

Nesta sentenza a Sala fundamenta o fallo indicando que, dando por certo que na esquina na que comenzaban as escaleiras que subían a praza había una loseta deteriorada, non quedou acreditado co vigor debido que o veciño houbera tropezado con ésta e non co borde de algúns dos peldaños, xa porque o que facía nese momento era subir por eles, ou xa porque o que facía era pasar en paralelo e pegado ao bordillo, supostos ambos os dous nos que o tropezo non se debería a aquela deficiencia, senón a falta de atención a hora de abordar ou franquear un elemento de risco, como era a escaleira; tampouco se precisou en que punto ou a que distancia se atopaba o banco no que se atopaban as testemuñas propostas pola parte actora.

Ante a falta de proba xa recollida pola xulgadora de instancia, se desestima a pretensión, sen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Procedemento de orixe:

RC-A nº 138/2023 po XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 40/2024 de 04/03/2024, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 12/04/2024.

21.- Contencioso. Expediente nº 17254/111

Sentenza nº 169 do 16 de xullo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 136/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos ao caer cando transitaba pola rúa Coruña nº 42.

Expte(s): 6869/243

Contía: 12.000 €

Esta sentenza, ditada nun procedemento abreviado, non é susceptible de recurso, e polo tanto adquire firmeza.

Na mesma se resolve a desestimación do recurso interposto contra a desestimación presunta dunha reclamación por responsabilidade patrimonial, polos danos corporais ocasionados por unha caída na vía pública, na Rúa Coruña, en Vigo.

Practicada a proba, o Xulgado considera que non existiu unha anormalidade nos servizos públicos, determinante dos danos causados. O estándar de servizo se cumpriu, e non procede estimar o recurso porque o defecto no pavimento era mínimo, polo tanto, non causa dunha caída.

O servizo de patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

22.- Contencioso. Expediente nº 17082/111

Sentenza nº 137 do 24 de xullo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 76/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de RPA, polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa Progreso.

Expte(s): 6693-243

Contía: 3.690 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial na que solicitaba a indemnización polos danos sufridos con ocasión dunha caída ao tropezar cuns muretes ubicados na beirarrúa da rúa Progreso de Vigo, por non quedar debidamente probado as circunstancias da caída (donde e cando sucedeu) proba que correspondía a parte reclamante.

A sentenza que é firme non contén un pronunciamento sobre as costas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio do Concello de Vigo.

23.- Contencioso. Expediente nº 17207/111
Auto nº 68 do 26 de xuño de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 102/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados ao vehículo matrícula 7565-GWY cando circulaba pola rúa Eduardo Iglesias confluencia coa rúa Progreso.

Expte(s): 7014/243

Contía: 4.336,79 €

Este auto resolve a terminación do proceso por satisfacción extraprocesual -na vía administrativa- das pretensións da parte demandante, e acorda o arquivo do proceso.

O expediente axuizado era de responsabilidade patrimonial polos danos causados ao reclamante, nun accidente nas inmediacións do Mercado do Progreso, ao esvarar co seu vehículo (motocicleta) polo mal estado do pavimento.

O servizo de patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 17029/111
Sentenza nº 126 do 21 de xuño de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 63/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación de reclamación económico-administrativa formulada contra providencia de apremio ditada no expediente sancionador nº 2022/67122, infracción Código de Circulación

Expte(s): 5856/550 e 304717/700

Contía: 200 €

Esta sentenza, é firme, e desestima con imposición de custas á parte demandante, o recurso interposto contra unha resolución do TEA do Concello de Vigo, que ten como orixe a prema derivada pola súa vez, dun procedemento sancionador por estacionar nunha zona reservada a discapacitados.

O Xulgado resolve que a demandante cuestionaba a incoación da vía executiva, e a ausencia de notificación dun dos actos. Canto a isto último, a notificación, a entende correctamente practicada posto que se ben se negou a recibila, posteriormente se realizou por vía postal.

A actuación administrativa foi plenamente axustada a dereito, e procedía tanto a incoación da vía executiva posterior, como o resto de trámites, posto que pola demandante nada se alegou, nin se procedeu en prazo ao abono do importe da infracción.

A Recadación executiva debe coñecer do resolto.

25.- Contencioso. Expediente nº 17176/111
Sentenza nº 148 do 28 de xuño de 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 86/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo desestimatoria do recurso de revisión de oficio por actos nulos contra o expediente sancionador, que lle impón sanción de 1.105,26 €.

Expte(s): 316678/280

Contía: 1.105,26 €

A sentenza que se comunica é firme, porque contra a mesma non é posible interpoñer recurso algún.

Se desestima a demanda, que pretendía a estimación do recurso contra a resolución desestimatoria dun recurso de revisión de oficio contra actos nulos.

O expediente co que se relacionaba o remitido era un sancionador pola comisión dunha infracción por consumo de drogas e condución baixo os seus efectos, cuestionando o procedemento sancionador.

A sentenza entende correctamente tramitado o mesmo, e especialmente o acto iniciador do mesmo, conforme ao RDL 6/2015, que é a denuncia do axente.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

26.- Contencioso. Expediente nº 17313/111

Sentenza nº 168 do 16 de xullo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 143/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Área de Seguridade do 14/03/2024, desestimatoria de recurso de reposición formulado contra proposta de resolución de 15/01/2024, pola que se impón sanción de 1000 euros e retirada de 6 puntos.

Expte(s): 317656/280

Contía: 1.000 €

Sentenza firme pola que se estima a pretensión da demandante, consistente na anulación da sanción de tráfico de 1000 euros e retirada de 6 puntos por conducir baixo os efectos das drogas.

A xulgadora de instancia estima o recurso por canto a proba de drogas foi practicada pola Policía Local dúas horas despois do sinistro, e non inmediatamente despois do mesmo, polo que non queda probado, tal e como indica a demandante, que fumara cannabis no momento da condución, xa que a mesma alega que consumiu dito estupefaciente despois do accidente, e non antes nin durante se atopaba conducindo.

Tampouco consta no atestado da Policía Local o motivo de que a proba de drogas fora practicada dúas horas máis tarde, polo que non quedan probados os feitos indicados no parte policial como constitutivos de infracción.

Con imposición de custas ao Concello de 200 euros, e sen posibilidade de ser recorrida (firme).

Remítirase dita resolución á xefatura da Policía Local e á xefatura do servizo de Seguridade para o seu coñecemento.

27.- Contencioso. Expediente nº 17162/111
Sentenza nº 129 do 19 de xullo de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 97/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 20/02/2024 do recurso de reposición formulado contra outra do 05/12/2023 ditada en expediente sancionador.
Expte(s): 316428/280
Contía: 300 €

A sentenza firme estima o recurso e anula a sanción de tráfico por exceso de velocidade. Considera que as notificacións foron practicadas correctamente, que a limitación de velocidade é correcta; non obstante está prescrita a infracción grave por ter transcorrido o prazo de 6 meses para ditar a resolución sancionadora (aínda tendo en conta os períodos nos que o concello realizou actuacións nos que se suspende o computo do prazo). Debe coñecer o resolto o departamento de Seguridade.

28.- Contencioso. Expediente nº 17086/111
Sentenza nº 133 do 24 de xullo de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 78/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Decreto do Concello de Vigo de data 15/01/2024 que acorda sancionar por non identificar ao condutor.
Expte(s): 315629/280
Contía: 900,00 €

Esta sentenza é firme por contía, e resolve desestimando o recurso interposto contra a resolución do expediente sancionador en materia de tráfico.

A sanción que se lle impuxo ao demandante foi por non cumprir o requirimento de identificación do condutor. Examinado o expediente, a sentenza recolle que se cumpriron os trámites legalmente esixidos, tanto os relativos á notificación, e as circunstancias habituais de domicilio no cal practicar as mesmas, como que constando a ausencia de alegacións polo demandante, a denuncia opera como acto resolutorio do procedemento sancionador.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

29.- Contencioso. Expediente nº 16289/111
Sentenza nº 216 do 19 de xuño de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3
Recurso de apelación: 7174/2023
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Obxecto: Acordo da XGL de 29/01/2021, sobre liquidación do lote 2 do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade.

Expte(s): 6370/241

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, non é firme, pero contra a mesma só é posible interpoñer recurso de casación, desestima o recurso interposto polo Concello e confirma a sentenza de instancia.

Na resolución se resolve a impugnación da sentenza de instancia, levada a cabo por razóns xurídicas ao considerar que determinados aspectos controvertidos, non tiveron resposta adecuada polo órgano de instancia. A resolución administrativa obxecto de recurso foi o acordo da XGL sobre a liquidación do contrato de concesión de servizo público de aparcamentos soterrados, cuxa sociedade xestora figura en concurso e liquidación (Cocheras Olívicas de Puentes).

A sentenza considera que se resolveu en primeira instancia a valoración da proba de modo axeitado, e desbota os argumentos expostos. Tanto no relativo á inaplicación ou repercusión do beneficio industrial, ao non apreciar identidade entre a sociedade concesionaria e a construtora, como o momento a considerar como de inicio da amortización (e remitíndose a un precedente anterior, polo que aprecia cousa xulgada).

Tampouco se acepta a aplicación do establecido na actual Lei de Contratos a este expediente para a dedución, entendendo inaplicable esta norma de rango legal, e xustificando que non se está perante unha resolución por causa imputable á contratista, posto que o caso é o dunha resolución por ministerio da lei.

O servizo de Transportes, a Tesouraría e Contratación deben coñecer do resolto.

Procedementos de orixe:

RC-A nº 95/2021 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 224/2023 de 18/09/2023, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 17/11/2023.

30.- Contencioso. Expediente nº 16544/111

Sentenza nº 340 do 1 de xullo de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4052/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Acordo do Tribunal Económico-Administrativo do 01/03/2023 que inadmite reclamación económico-administrativa contra resolución desestimatoria de solicitude de rectificación de autoliquidación nº PV4557.19

Expte(s): 5739/550 e 52042/514

Contía: 109.592,24 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso de apelación interposto pola mercantil demandante, confirmando tanto a corrección da práctica da notificación electrónica, como o carácter de situación xurídica consolidada a efectos do Imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

O Servizo de Xestión Tributaria (Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana-Plusvalía) como o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

Procedementos de orixe:

RC-A nº 125/2023 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 266/2023 de 26/10/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 17/11/2023.

31.- Contencioso. Expediente nº 15967/111

Decreto nº 13 do 26 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 175/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Inactividade ao non adoitar as medidas necesarias para mitigar, ata un nivel aceptable e normativamente autorizado, o ruído provocado durante as festas do Nadal polas atraccións e o mercado do nadal ou subsidiariamente ordear a suspensión das activades que alteraban a vida dos veciños afectados.

Expte(s): 9587/106

Contía: Indeterminada

Esta resolución, resolve o desistimento da parte actora conforme ao principio de disposición da acción e declara a terminación do procedemento.

A parte demandante era unha comunidade de propietarios que recorría a inactividade municipal por mor dos ruídos e molestias causados polo mercado e atraccións durante a campaña de Nadal.

O Servizo de Comercio e o Servizo de Medioambiente deben coñecer do resolto.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 16902/111

Decreto nº 281 do 28 de xuño de 2024

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 6/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Materia de contías, recoñecemento de produtividade correspondente ao período decembro 2021 a novembro do 2022 (Servizo de Deportes)

Esta resolución acorda ter por desistida á parte demandante e archivar o procedemento. A pretensión da demanda era o recoñecemento do dereito á percepción de cantidades en concepto de produtividade.

O servizo de deportes e a área de RRHH e formación deben coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 16124/111

Sentenza nº 3434 do 10 de xullo de 2024

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 4671/2023



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: determinación de continxencias accidente laboral

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só é posible interpoñer recurso de casación para a unificación de doutrina, desestima o recurso do actor.

O demandante, estivo contratado con cargo a un programa municipal de emprego, e impugnaba o tipo de continxencia, entendendo que se trataba da profesional. A Sala resolve que a patoloxía previa e dexenerativa é dabondo como para considerar que non se está perante ese tipo de continxencia, que non é posible equiparalo a un accidente de traballo.

Non consta proba en contrario do razoado na instancia, igualmente desestimatoria, polo que se ratifica esa sentenza anterior e desestima o recurso.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

3.- Social. Expediente nº 16839/111
Decreto nº 400 do 22 de xullo de 2024
Xulgado do Social nº 4 de Vigo
Ordinario: 63/2024
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Reclamación de cantidade correspondente á produtividade do ano 2022.
Contía: 1.233,48 €

Por medio desta resolución se acorda o arquivo do procedemento, xa que a parte demandante desistiu da súa demanda, conforme ao principio de disposición da acción.

O actor reclamaba cantidades en concepto de complemento de produtividade, pola realización de funcións na área de cultura.

A área de RRHH e formación e o servizo de cultura deben coñecer do resolto.

4.- Social. Expediente nº 16860/111
Auto nº 32 do 31 de xullo de 2024
Xulgado do Social nº 2 de Vigo
Modificación substancial das condicións laborais: 73/2024
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Acoso laboral en solicitude de modificación das condicións de contrato e reclamación dunha indemnización de danos e perdas derivados da vulneración de dereitos fundamentais (axente Policía Local).

O auto que se notificou polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, aprecia falta de xurisdición dese órgano, e entende que no seu caso, a pretensión do actor debe coñecela os xulgados do contencioso-administrativo.

O demandante, funcionario da Policía Local do Concello de Vigo, accionou pola vía da modificación substancial das condicións de traballo, alegando que un oficial da Policía Local o acosara durante períodos determinados. O auto resolve que as condicións de traballo dos

funcionarios públicos só é posible revisalas perante a xurisdición contencioso-administrativa, e o modo no que se artellan as pretensións e o tipo de pretensións, só sería posible revisalas por un Xulgado do contencioso-administrativo.

A área de RRHH e a xefatura da Policía Local deben coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(802).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL DE APOIO A UAD CEDRO. EXPTE. 3007/315.

Visto o informe xurídico de data 03/10/2024 e o informe de fiscalización do 07/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/10/2024, asinado polo xefe de CEDRO, o xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e conformado pola concelleira-delegada de Área e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 27.08.2024 a Concelleira da Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude acordou iniciar o novo procedemento de contratación do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO, encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería de Política Social, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Xefe de Servizo de CEDRO (26.08.2024), o Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude o 27.08.2024, que tamén asinou nesa mesma data a Resolución de inicio deste expediente de contratación (trámite nº 3).
- Memoria económica (última versión) subscrita polo Xefe de Área de Benestar Social o 01.10.2024, conformada pola Concelleira (trámite nº 55).
- Documentos económicos de contabilidade (RC 12024000165376 e RC_FUT12024000165392), asinados pola dirección superior contable e orzamentaria o 01.10.2024 (trámites núms. 60 e 61).
- Prego de Prescricións Técnicas, asinado o 29.08.2024 polo Xefe de Servizo de CEDRO, o Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 15).
- Memoria xustificativa do contrato (última versión), asinada o 02.10.2024 polo Xefe de Servizo de CEDRO, o Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 64).
- Anexo I - Medios materiais (trámite nº 16).

- Informe da Xefa da Área de contratación e novos proxectos do 02.10.2024 (trámite nº 66) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo, asinado (última versión) o 02.10.2024 (trámite nº 72) pola Xefa da Área de contratación e novos proxectos.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo (2024).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é a contratación de parte dos servizos da “Unidade Asistencial de Drogodependencias” (UAD) e da “Unidade de Día” (UD) de CEDRO; centro municipal para o tratamento das drogodependencias que ven prestando este servizo desde hai uns 40 anos, cun volume asistencial total no exercicio de 2023 de (980 pacientes). Este elevado volume asistencial imposibilita a atención con medios unicamente municipais, polo que é necesaria a contratación externa de parte do servizo como se ven facendo nos últimos anos.

Os servizos asistenciais a desenvolver son, con carácter xeral, os referenciados no Catálogo de Programas Asistenciais do Plan de Galicia sobre Drogas e Circuito de Asistencia Sanitaria ós Trastornos Adictivos de Galicia e, con carácter específico, os que anualmente se comprometen por adscrición do Concello de Vigo ó Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Consellería de Sanidade, o SERGAS e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde.

O obxectivo xeral é prestar unha atención multidisciplinar, gratuíta, voluntaria e confidencial, coordinada nas áreas médica, psicolóxica e social, para o tratamento de calquera patoloxía adictiva relacionada co uso de substancias, agás as exclusivamente alcohólicas, abordando as tres etapas diferenciadas do proceso terapéutico: desintoxicación, deshabitación e reinserción.

III.2. O presente contrato figura na planificación da contratación da Área de Benestar Social para este exercicio e está incluído no Plan anual de contratación 2024, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 29.12.2023 (Exp. n.º 6940/241.).

III.3. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturaación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, da Resolución do 28.06.2024 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOPPO n.º 133, do 09.07.2024) e o Acordo da XGL do 28.06.2024, Apdo. Terceiro, Pto.6; BOPPO n.º 134, do 10.07.2024). A Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, en Resolución do 27.08.2024, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.4. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Xefa da Área de contratación e novos proxectos de data 02.10.2024 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.5. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración do contrato será dun (1) ano, con posibilidade dunha (1) prórroga dun (1) ano. A data prevista de inicio do novo contrato é o 01.12.2024.

III.6. Tendo en conta a súa contía (valor estimado = 1.730.933,42€), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto, con tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada (Art. 22 LCSP). O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.G, 1.H, 1.I e 1.J das FEC).

III.7. O seu orzamento base de licitación ascende a 952.013,38€ (IVE a soportar pola Admón. = 86.546,67€) e o gasto podería financiarse con cargo á aplicación orzamentaria n.º 3112.227.99.01 (“Xestión de servizos asistenciais de CEDRO”).

III.8. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, como así consta xa nos novos documentos de Contabilidade anexados ós trámites núms. 60 e 61 (RC 12024000165376 e RC_FUT12024000165392) e a Intervención xeral municipal deberá fiscalizalo antes da súa aprobación.

III.9. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato (trámite n.º 3), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 15), con Anexo I de medios materiais (trámite n.º 16), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 72) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (952.013,38€, IVE incluído), que se imputará á aplicación n.º 3112.227.99.01 (“*Xestión de servizos asistenciais de CEDRO*”) dos orzamentos municipais, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- 2024: 79.334,45€
- 2025: 872.678,93€

Prórroga:

- 2025: 79.334,45€
- 2026: 872.678,93€

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

5(803).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN A SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2023-2024. EXPTE. 23533/333.

Visto o informe xurídico de data 04/10/2024 e o informe de fiscalización do 08/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/10/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o técnico de Deportes e conformado polo concelleiro-delegade de Deportes e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Atendendo á observación trasladadas pola intervención do Concello de Vigo, e ao obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 23533/333 sobre as Bases e a Convocatoria de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á súa actividade da tempada 2023-2024, procédese a informar sobre as consideracións observadas e á modificación da proposta tal como a continuación se detalla:

1. Corrixíuse o erro material detectado no traslado da suma dos puntos dos expedientes 23723-333, 23704-333, 23698-333, 23718-333, 23833-333, 23809-333, 23647-333 e 23754-333, datos que se corrixen.
2. Propónse a ampliación do prazo de xustificación das subvencións que permita a tramitación dos 195 expedientes nos prazos administrativos axeitados.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo as observacións detalladas:

I- ANTECEDENTES

1. Mediante Acordo de data 12.04.24 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2023/2024 e súa convocatoria e autorizou o gasto por importe de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros) con cargo á partida ornamental 3410.489.00.00 "Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro" do orzamento do ano 2024.

2. Mediante anuncio publicado no BOPPO núm 80 de data 24.04.24, foi publicada a convocatoria, con indicación de que o prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, sería de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. No período de presentación de solicitudes se presentaron 201 solicitudes de entidades deportivas.

4. Consta incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- a) Certificado municipal de ausencia de débedas das entidades solicitantes, emitido pola Tesourería Municipal o 01-07-2024.

- b) Informe da xefatura de Deportes do 12-07-2024, relativo aos gastos/pagamentos realizados polo uso de instalacións deportivas no ano 2023, de diferentes entidades deportivas.

5. Informe da xefatura de Deportes do 03.10.24 sobre avaliación individual das solicitudes e Acta da Comisión Avaliadora do 03.10.24, asinada polo Xefe de servizo-director deportivo da Concellería de deportes, polo Técnico deportivo do servizo de deportes e polo Concelleiro Delegado de Deportes.

II.- FUNDAMENTOS

Vista a proposta do 03.10.24 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro Delegado de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, o Xefe de servizo-director deportivo da Concellería de deportes, e o Técnico deportivo do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que o importe destinado ás subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, na que se detalla que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2023-2024, ou no ano 2023 de ser o caso, sobre un máximo de 86 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia do proxecto e da entidade deportiva no ámbito da cidade: Valorarase de forma xeral o proxecto, con ata 20 puntos, sempre que este reúna as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable e tendo en conta os seguintes criterios:

- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial (Provincial, autonómico, nacional ou internacional) das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

a.2. Organización de eventos deportivos que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase un só evento por entidade.

A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo

Para ser tido en conta, o proxecto deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado de acordo cos criterios indicados de valoración.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Valoraranse de forma xeral os proxectos, con ata 20 puntos, sempre que estes reúnan as condicións mínimas para que se consideren técnica e economicamente viables e tendo en conta os seguintes criterios:

- Volume de participación.
- Nivel deportivo da competición.
- Oficialidade da competición (Incluída no calendario oficial da federación)
- Ámbito territorial da competición (Internacional, Nacional, autonómico, provincial ou local).
- Antigüidade do proxecto.
- Atención ó deporte feminino.
- Atención ó deporte adaptado.
- % de financiamento privado.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Número total de licencias (Masculinas e femininas) ata categoría previa á absoluta incluída. Ata 22 puntos

Volume total de licencias ata a categoría previa á absoluta e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 10 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 200 licencias.
- 10 puntos: De 201 a 250 licencias.
- 12 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 14 puntos: De 301 a 350 licencias.
- 16 puntos: De 351 a 400 licencias.
- 18 puntos: De 401 a 450 licencias.
- 22 puntos: >450

Volume total de licencias de base ata a categoría previa á absoluta e puntuación para Actividades subacuáticas, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 4 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 5 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 7 puntos: De 1.201 a 1.300 licencias.
- 9 puntos: De 1.301 a 1.400 licencias.
- 12 puntos: De 1.401 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: De 1.501 a 2.000 licencias.
- 22 puntos: > de 2.000 licencias.

b.2. Número de licencias de categoría feminina: Ata 6 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 45 licencias.
- 3 puntos: De 46 a 60 licencias.
- 4 puntos: De 61 a 75 licencias.
- 5 puntos: De 76 a 90 licencias.
- 6 puntos: >90 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 45 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 4 puntos: De 401 a 450
- 4 puntos: De 451 a 500
- 6 puntos: >500 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 3 puntos.

Outorgaranse 3 puntos ós proxectos deportivos de entidades deportivas federadas cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

d) Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 15 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 15, por cada 600,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2023. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 600,00€ de gasto acreditado.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2023/2024, ou en calquera caso, no ano 2024 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

A esta convocatoria presentáronse un total de 201 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 195 e rexeitáronse 6 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de 1.829 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 1.100.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 601,42€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

A comisión de valoración das solicitudes presentadas acredita e informa ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa a Facenda autonómica autorizando ó Concello a comprobar este dato coa Seguridade Social, a AEAT e o Concello de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a presentación dunha declaración responsable.

A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 03.10.24, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflectidos na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1.829 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 1.100.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 601,42€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas.

A Base 16ª establece o 15 de outubro como límite para que as entidades beneficiarias xustifiquen a subvención. Non obstante, e tal como establece o art. 70.3 do R.D. 887/2006,

de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, atendendo ó prazo limitado que as 195 entidades terían para presentar a xustificación tendo en conta a data de tramitación da resolución da convocatoria, considérase necesaria a ampliación do prazo de xustificación ata o 10.11.24.

A acta de avaliación foi revisada e corrixida a petición de intervención do concello debido á detección dun erro material no traslado da suma dos puntos dos expedientes 23723-333, 23704-333, 23698-333, 23718-333, 23833-333, 23809-333, 23647-333 e 23754-333, atendendo ó establecido no artigo 109.2 de 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións, que establece que as Administracións poderán rectificar en calquera momento, de oficio, ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

III. PROPOSTA

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar as subvencións entre os clubs relacionados segundo a distribución prevista no Anexo I, por un importe total de 1.057.218,57€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 do orzamento do 2024, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade na tempada 2023-2024.

Segundo.- Rexeitar as solicitudes das entidades detalladas no anexo II polos motivos indicados no dito anexo II.

Terceiro.- Ampliar o prazo fixado nas Bases da convocatoria ata o 10 de novembro de 2024.

Cuarto.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIONS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA ESPECIFICA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACION A SUA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2023-2024.

	Nº EXP-TE	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
1	23811-333	ATLETISMO	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G36645109	20	12.028,43 €
2	23764-333	ATLETISMO	C.A.R MARISQUEIRO	G27737477	2	1.202,84 €
3	23783-333	ATLETISMO	CLUB VETERANOS SAMIL	G36841906	1	601,42 €
4	23739-333	ATLETISMO	COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	22	13.231,27 €
5	23787-333	ATLETISMO	CSCR BEADE	G36904530	9	5.412,79 €
6	23746-333	ATLETISMO	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G36645018	11	6.615,64 €
7	23715-333	BADMINTON	CLUB BADMINTON CIES	G36827418	19	5.000,00 €
8	23653-333	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G36875391	26	15.636,96 €
9	23649-333	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G36942142	50	30.000,00 €
10	23770-333	BALONCESTO	CLUB NOVOBASKET VIGO	G27791474	21	9.000,00 €
11	23727-333	BALONCESTO	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G36756831	2	1.202,84 €
12	23678-333	BALONMANO	AGRUPACION GALICIA SOCIAL	G36622934	10	6.014,22 €
13	23747-333	BALONMANO	CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL	G36948115	37	22.252,60 €
14	23794-333	BALONMANO	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	G27871375	20	12.028,43 €
15	23737-333	BILLAR	CLUB BILAR MANHATTAN	G27852011	5	3.007,11 €
16	23642-333	BOLOS	CLUB BOLOS VALLADARES SAN BARTOLOME	G27738962	3	1.804,26 €
17	23646-333	BOXEO	CLUB DEPORTIVO SAGABOX	G36987626	5	3.007,11 €
18	23827-333	BOXEO	REBOURAS TEAM	G27812650	8	4.811,37 €
19	23817-333	CICLISMO	+ENDURO MTB	G27796556	1	601,42 €
20	23757-333	CICLISMO	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G36814515	3	1.804,26 €
21	23655-333	CICLISMO	CLUB CICLISTA CORUXO	G27710730	4	2.405,69 €

	Nº EXP-TE	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
22	23791-333	CICLISMO	CLUB CICLISTA TEIS	G36754323	8	4.500,00 €
23	23781-333	CICLISMO	CLUB CICLISTA VIGUES	G36650885	18	10.825,59 €
24	23713-333	CICLISMO	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIESAS	G36703213	2	1.202,84 €
25	23894-333	DEPORTE ADAPTADO	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	G27727965	6	3.000,00 €
26	23671-333	DEPORTE ADAPTADO	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	G27776459	6	3.000,00 €
27	23660-333	DEPORTE ADAPTADO	ASOC.PLAYA DE SAMIL	G36918084	6	2.800,00 €
28	23805-333	DEPORTE ADAPTADO	ASOCIACION DEPORTIVA MENELA	G36817575	7	1.500,00 €
29	23674-333	DEPORTE ADAPTADO	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G36814093	6	2.900,00 €
30	23730-333	DEPORTE ADAPTADO	CLUB MINAUTA	G36834240	6	3.608,53 €
31	23826-333	DEPORTE ADAPTADO	CLUBE SALADINO CORTIZO	G36836716	6	2.100,00 €
32	23633-333	ESGRIMA	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G36869873	20	12.000,00 €
33	23688-333	ESGRIMA	SALA VIGUESA ESGRIMA ANTIGA	G94027513	4	2.405,69 €
34	23751-333	ESGRIMA ANTIGUA	FALCATA	G27775808	1	601,42 €
35	23775-333	FUTBOL	ARENAS DE ALCABRE SCD	G36823912	24	13.000,00 €
36	23813-333	FUTBOL	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G36770931	12	7.217,06 €
37	23798-333	FUTBOL	BALAIOS FC	G36737724	13	7.818,48 €
38	23777-333	FUTBOL	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G36743433	8	4.811,37 €
39	23645-333	FUTBOL	CLUB DEPORTIVO NIETO	G36687309	12	6.000,00 €
40	23641-333	FUTBOL	CLUB PEÑASCO	G27804970	17	10.224,17 €
41	23638-333	FUTBOL	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G36649283	35	21.049,75 €
42	23701-333	FUTBOL	CLUB RAPIDO DE BOUZAS	G36711513	30	18.042,65 €
43	23710-333	FUTBOL	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	22	13.231,27 €
44	23742-333	FUTBOL	MOLEDO CLUB FUTBOL	G36734226	9	5.412,79 €
45	23734-333	FUTBOL	RACING DE CASTRELOS FC	G36710762	15	9.021,32 €
46	23741-	FUTBOL	RAPIDO DE PEREIRO FC	G36874832	15	9.021,32 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

	Nº EXP-TE	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUN-TOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
	333					
47	23627-333	FUTBOL	SCD ATLANTIDA DE MATAMA	G36620854	15	9.021,32 €
48	23731-333	FUTBOL	UVCD CANDEAN	G36863348	12	7.217,06 €
49	23843-333	FÚTBOL	C.D. TEIS	G36752640	9	2.868,22 €
50	23780-333	FÚTBOL	CLUB COLEGIO HOGAR SAN RO-QUE	G36647311	16	9.000,00 €
51	23635-333	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G36645612	15	9.021,32 €
52	23812-333	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G36690519	10	6.014,22 €
53	23818-333	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO COYA	G36753911	12	7.217,06 €
54	23659-333	FÚTBOL	GRAN PEÑA, C.F.	G36663656	25	15.035,54 €
55	23650-333	FÚTBOL	INDEPENDIENTE, C.F.	G36710416	12	7.217,06 €
56	23766-333	FÚTBOL	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G36684124	16	9.622,74 €
57	23736-333	FÚTBOL	UNION DEPORTIVA COMESAÑA	G36745586	6	3.608,53 €
58	23785-333	FÚTBOL	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA	G36628774	22	13.231,27 €
59	23677-333	FÚTBOL GAÉLI-CO	ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO	G27808575	6	3.608,53 €
60	23765-333	FUTBOL SALA	C.D.A.P.A.Z F.S.	G27785039	11	5.000,00 €
61	23644-333	FUTBOL SALA	CLUB CIOS VIGO	G.36795680	16	9.200,00 €
62	23800-333	FUTBOL SALA	CLUB LABOR	G36926293	6	2.400,00 €
63	23795-333	FUTBOL SALA	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G36982239	27	16.238,38 €
64	23629-333	FUTBOL SALA	IES CORUXO FS	G27726835	19	11.427,01 €
65	23735-333	FUTBOL SALA	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G36645075	12	7.000,00 €
66	23834-333	FÚTBOL SALA	CLUB MARISTAS EL PILAR	G36690782	7	4.209,95 €
67	23723-333	FÚTBOL SALA	CLUB APOSTOL SANTIAGO	G36646446	25	19.250,00 €
68	23721-333	FÚTBOL SALA	PECHECHES FÚTBOL SALA	G27778521	11	6.615,64 €
69	23668-333	HALTEROFILIA	CLUB HALTEROFILIA VIGO	G36757623	6	3.608,53 €
70	23696-	HIPICA	CD. ESTABLOS VIGO	G36982296	1	601,42 €

	Nº EXP-TE	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
	333					
71	23665-333	HOCKEY	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G36684850	13	7.818,48 €
72	23676-333	HOCKEY PATÍNS	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G36680239	29	17.441,22 €
73	23744-333	JUDO	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G36681633	23	13.832,70 €
74	23803-333	JUDO	JUDO CLUB GALICIA SUR	G27781541	7	4.209,95 €
75	23704-333	KARATE	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G36870160	6	3.608,53 €
76	23679-333	KENDO	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G27709120	4	1.500,00 €
77	23808-333	LOITA	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G36955565	5	2.500,58 €
78	23700-333	LOITA	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G36707586	5	2.950,00 €
79	23782-333	LOITA	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G36708303	8	4.500,00 €
80	23667-333	LOITA	KUZUSHI	G36696227	3	1.804,26 €
81	23769-333	MONTAÑISMO	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G36743540	1	601,42 €
82	23774-333	MONTAÑISMO	CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	G36637890	9	5.412,79 €
83	23838-333	MONTAÑISMO	CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA	G36630192	5	2.900,00 €
84	23799-333	MOUNTAIN BIKE	VIGOENDURO MTB	G27864107	1	601,42 €
85	23761-333	NATAACION	C.N.VIGO RIAS BAIXAS	G36827079	28	16.839,80 €
86	23672-333	NATAACION	CLUB NATAACION TRAVIESAS	G36823524	1	601,42 €
87	23714-333	NATAACION SINCRON.	CLUB NATAACION SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G27763812	15	9.021,32 €
88	23662-333	PADEL	PADEL FEMENINO CIES	G27713759	1	601,42 €
89	23756-333	PATINAXE	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G36645091	20	12.028,43 €
90	23729-333	PATINAXE	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G36811974	14	8.419,90 €
91	23776-333	PATINAXE	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	22	13.231,27 €
92	23849-333	PATINAXE	CLUB PATIN VAGALUME	G36982304	17	10.224,17 €
93	23758-333	PATINAXE	CLUB PATINAJE BALAIOS	G27846864	17	9.000,00 €
94	23724-333	PATINAXE	CLUB PATINAXE ART. VALLADARES	G36765733	12	7.000,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

	Nº EXP-TE	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUN-TOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
95	23815-333	PATINAXE	CLUB PATINAXE CORUXO	G27865831	6	3.000,00 €
96	23807-333	PATINAXE	FEDERACION VIGUESAPEÑAS REC EL OLIVO	G36704666	14	7.000,00 €
97	23694-333	PETANCA	ASOCIACION CULTURAL DEPORTI-VA XESTAS	G36628543	3	1.804,26 €
98	23832-333	PETANCA	CLUB A TOXEIRA	G36849040	1	601,42 €
99	23814-333	PETANCA	CLUB DO LUME	G36852671	1	601,42 €
100	23732-333	PETANCA	CLUB PETANCA ASOC VECINOS DE SAMPAIO	G36930832	1	601,42 €
101	23745-333	PETANCA	CLUB PETANCA BREOGAN	G36802247	1	601,42 €
102	23709-333	PETANCA	CARAPUCHA	G27779446	1	601,42 €
103	23698-333	PETANCA	CLUB PETANCA ENSINO	G36798866	4	2.405,69 €
104	23717-333	PETANCA	CLUB PETANCA FLORIDA	G36792711	1	601,42 €
105	23797-333	PETANCA	CLUB PETANCA GALAICOS	G27840750	1	601,42 €
106	23753-333	PETANCA	CLUB PETANCA GALICIA	G36881639	1	601,42 €
107	23771-333	PETANCA	CLUB PETANCA MADROA	G27722354	1	601,42 €
108	23740-333	PETANCA	CLUB PETANCA TEIS	G36288413	1	601,42 €
109	23656-333	PETANCA	CLUB PETANCA VIGO	G36702413	1	601,42 €
110	23683-333	PETANCA	SOCIEDAD CULTURAL RECREATI-VA PARDAVILA	G36648996	1	601,42 €
111	23796-333	PIRAGÜISMO	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	9	5.412,79 €
112	23680-333	PIRAGÜISMO	CLUB PIRAGUISMO OLIVICO	G27822006	13	7.818,48 €
113	23767-333	REMO	CLUB DE REMO CORUXO	G36726750	7	4.209,95 €
114	23716-333	REMO	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G36650273	10	6.014,22 €
115	23846-333	REMO	CLUB REMO VIGO	G27852896	5	3.007,11 €
116	23855-333	SQUASH	CLUB CIES SQUASH	G27869437	19	11.427,01 €
117	23804-333	SQUASH	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G27736438	8	4.811,37 €
118	23675-333	SQUASH	VIGO SQUASH	G36929511	9	5.412,79 €

	Nº EXP-TE	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
119	23661-333	TAEKWONDO	A.D. KIAP	G36788594	5	3.007,11 €
120	23648-333	TAEKWONDO	AS SPORT VIGO	G27749837	3	1.804,26 €
121	23718-333	TAEKWONDO	CENTRO BUDO CASTRELOS	G36680106	7	4.000,00 €
122	23788-333	TAEKWONDO	CLUB DEPORTIVO SEUN GSPORT	G27810761	4	2.405,69 €
123	23690-333	TAEKWONDO	CLUB TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	3	1.804,26 €
124	23778-333	TENIS	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G36613685	7	4.209,95 €
125	23768-333	TIRO CON ARCO	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G36807881	2	900,00 €
126	23762-333	TRIATLON	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G27730597	16	9.622,74 €
127	23842-333	TRIATLON	TRINORTH	G27796721	1	601,42 €
128	23666-333	VARIOS	C.D. COLEGIO MARIANO	G36649408	9	3.000,00 €
129	23847-333	VARIOS	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALLADARES	G36805158	25	15.035,54 €
130	23833-333	VARIOS	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G36614097	6	3.608,53 €
131	23806-333	VARIOS	CLUB ESCUELA ROSALÍA	G27827856	9	5.412,79 €
132	23726-333	VELA	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G36630127	4	2.405,69 €
133	23720-333	VOLEI PRAIA	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	18	10.825,59 €
134	23802-333	VOLEIBOL	BLACK VOLEY VIGO	G27747864	2	1.202,84 €
135	23706-333	VOLEIBOL	CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS	G36713493	28	16.839,80 €
136	23749-333	WU SHU	FIT SPORT	G36988947	4	2.405,69 €
137	23719-333	XADREZ	CLUB XADREZ DR.CASÁS VILA DE BOUZAS	G36918613	5	900,00 €
138	23643-333	XIM. ACROBATICA	CLUB FLIC FLAC	G36931582	40	21.000,00 €
139	23763-333	XIM. ARTISTICA	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	19	11.427,01 €
140	23712-333	XIMNASIA	MANIOTAS	G36684819	29	17.441,22 €
141	23779-333	PETANCA	CLUB PETANCA SALGUEIRA	G36894517	1	601,42 €
142	23752-333	BALONCESTO	CLUB DEPORTIVO SAN JOSE DE CLUNY VIGO	G27857465	5	3.007,11 €
143	23773-	XADEZ	XADREZ LUCENA	G36893154	4	2.405,69 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

	Nº EXP-TE	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
	333					
144	23809-333	VARIOS	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	G36612752	29	17.441,22 €
145	23831-333	RUGBY	VIGO RUGBY CLUB	G36680924	21	12.629,85 €
146	23784-333	MONTAÑA	CLUB MONTAÑA ALUD	G36897437	4	2.405,69 €
147	23760-333	BAILE	CLUB BAILE DEPORTIVO BAILA AL COMPAS	G27711597	3	1.000,00 €
148	23786-333	ESPEOLOGIA	CLUB ARADELAS	G36642247	1	601,42 €
149	23810-333	VARIOS	AGRUPACION DEPORTIVA MONTE-CASTELO	G36747574	8	4.811,37 €
150	23733-333	FUTBOL SALA	CLUB DEPORTIVO BEADE	G27711472	8	4.400,00 €
151	23699-333	PETANCA	AGRUPACION DEPORTIVA CAN-DEAN VIXIADOR	G42761429	1	601,42 €
152	23669-333	VARIOS	POLICIA LOCAL	G36912459	3	1.804,26 €
153	23707-333	HIPICA	EQUIPO ECUESTRE D.V.	G27868793	1	601,42 €
154	23772-333	PADEL	VIGOPADEL	G27853951	1	601,42 €
155	23862-333	FÚTBOL	C.D.SAMPAYO	G36654564	3	1.804,26 €
156	23725-333	FÚTBOL	ANPABAL FUTBOL CLUB	G27758168	3	1.804,26 €
157	23636-333	BOLOS	CLUB BOWLING CELTA	G36685345	5	2.900,00 €
158	23654-333	FÚTBOL	CLUB DE FÚTBOL SAN ESTEBAN	G36733020	1	601,42 €
159	23748-333	PIRAGÜISMO	BOUZAS CAIAC	G67795062	1	601,42 €
160	23759-333	HOCKEY	HOCKEY CIES	G27787233	5	2.903,00 €
161	23708-333	BOWLING	LIMITE 200 BOWLING CLUB	G36936938	2	1.202,84 €
162	23695-333	KARATE	CLUB HELENOS	G36855773	4	2.405,69 €
163	23697-333	FÚTBOL	CCR CABRAL	V36658680	7	2.515,00 €
164	23647-333	BALONCESTO	ASOC BASKETGAL	G27817584	6	3.500,00 €
165	23841-333	TENIS DE MESA	EXODUS TM	G27878610	1	601,42 €
166	23670-333	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO VALLADARES	G36629657	19	11.427,01 €
167	23664-	FÚTBOL	AGRUPACION DEPORTIVA VIGO	G36651123	13	7.818,48 €

	Nº EXP-TE	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
	333					
168	23793-333	PATINAXE	CLUB INDALO PATINAXE ARTISTICO	G16794968	16	9.622,74 €
169	23705-333	PETANCA	CLUB SABAJANES	G36646271	1	601,42 €
170	23738-333	PETANCA	CLUB PETANCA O FORO	G27753284	1	601,42 €
171	23711-333	PETANCA	CLUB PETANCA BEMBRIVE	G36816114	1	601,42 €
172	23829-333	GRAPPLING	ARTE SUAVE ESPAÑA	G67723726	1	601,42 €
173	23839-333	BOLOS	CLUB BOLOS CELTAS DE VALLADARES	G36881316	2	1.202,84 €
174	23822-333	BALONMANO	UB LAVADORES	G36810075	35	21.049,75 €
175	23728-333	CICLISMO	TELMO PELUQUEROS, FC	G27766641	1	601,42 €
176	23754-333	TRIATLON	CLUB DEPORTIVO DELIKIA	G67788828	13	7.818,48 €
177	23801-333	PETANCA	CLUB PETANCA OUTEIRO	G27788314	1	601,42 €
178	23652-333	VARIOS	AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARRA	G36655033	3	1.804,26 €
179	23828-333	FUTBOL	CLUB O PANASCO	G36757276	1	601,42 €
180	23830-333	MOUNTAIN BIKE	MONTEFERRO BIKE CLUB	G36821338	3	1.800,00 €
181	23835-333	BOXEO	FLOW COMBAT	G27870765	4	1.700,00 €
182	23837-333	ATLETISMO	GMTA&CHUVONERS	G27782618	1	601,42 €
183	23743-333	FRONTENIS	CLUB ALBORADA FRONTENIS	G36683118	6	2.900,00 €
184	23630-333	TENIS DE MESA	CLUB DEPORTIVO CTM VIGO	G27779016	3	1.804,26 €
185	23703-333	PETANCA	CLUB PETANCA CABRAL	G36765055	1	601,42 €
186	23750-333	BAILE	ESCUELA DEPORTIVA JESUS PENAS (DR.FLEMING)	G27809276	3	1.200,00 €
187	23789-333	FUTBOLSALA	KOMPITE	G27849983	6	2.015,53 €
188	23790-333	FUTBOL	SARDOMA CF	G36615607	20	12.028,43 €
189	23792-333	PETANCA	CLUB PETANCA VICTORIA	G70980263	1	601,42 €
190	23816-333	ARTE Y DANZA	CLUB DE BAILE DEPORTIVO ARTE Y DANZA	G72426232	4	2.405,69 €
191	23820-333	HOCKEY	HOCKEY HERBA VIGO STICK	G44564003	1	601,42 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

	Nº EXP-TE	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUN-TOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
192	23821-333	TAEKWONDO	YIDAM CEIP BALAIOS	G27782176	2	1.202,84 €
193	23824-333	ATLETISMO	CLUB COUTADAS TRAIL TEAM	G36630259	1	601,42 €
194	23825-333	CICLISMO	CLUB CICLISTA XTREMBIKE	G36223139	1	601,42 €
195	23845-333	PATINAXE VE-LOCIDADE	CLUB DEPORTIVO CELTA PATIN	G56319452	1	601,42 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2023-2024”.

- Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G36850378	23854-333
CLUB DEPORTIVO PASOS-BAILE GALICIA	G27750371	23840-333

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4 de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2023/2024 ou no ano 2024:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
CLUB BILLARISTAS ERRANTES	G27825322	23836-333
ASOC ACUDIN	G56697352	23844-333

- Por presentar a solicitude fora de prazo:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
REAL AEROCLUB DE VIGO	G36610384	23921-333
CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G36819779	23922-333

6(804).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO Á XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 11765/320.

Visto o informe xurídico do 03/10/2024 e o informe de fiscalización do 07/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta, asinado polo técnico de Xestión, a

técnica de Administración Xeral e conformado polo concelleiro-delegado, e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola técnica de Administración xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, en data 6 de agosto de 2024.
2. Memoria económica do contrato, asinada pola técnica de Administración xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, e o concelleiro da área de Goberno de Orzamentos de Facenda, en data 6 de agosto de 2024.
3. Certificado de existencia de crédito do 7/08/2024 (RC núm. 12024000130434)
4. Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de Administración xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 7/08/2024.
5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 7/08/2024, asinado pola técnica de Administración xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola técnica de Administración xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e pola Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, en data 07/08/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

7. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 16/09/2024.
8. Prego de cláusulas administrativas corrixido en data 01/10/2024, asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia estaba delegada por Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados, e modificacións posteriores de data 28/06/24, elévase á quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá e Relación coas empresas, quen autorizou o inicio deste expediente de contratación en data 06/08/2024.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de Administración xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (11765-320) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada dos "SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTO SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS E CONVENIOS TRAMITADOS POLA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ".

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 7 de agosto de 2024 e o prego de cláusulas administrativas de 1 de outubro de 2024, que rexerán a contratación dos “SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTO SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCÍONS E CONVENIOS TRAMITADOS POLA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

3º.- Aprobar o gasto de 21.937,43€ (IVE incluído de 3.807,32€) para a contratación dos “SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTO SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCÍONS E CONVENIOS TRAMITADOS POLA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279906 SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS do orzamento do concello de Vigo do ano 2024.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(805).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓNS, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS DOS VEHÍCULOS TIPO C1 DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15161/445.

Visto o informe xurídico de data 16/09/2024 e o informe de fiscalización do 26/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/09/2024, asinado polo enxeñeiro de camiñoos, canais e portos, a técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 06/10/2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a TALLERES FONTAN S.L.U. (B-36634756) o contrato do “Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil Municipal do Concello de Vigo” (Expte. 15.161/445) por un prezo total de DOUS CENTOS CORENTA MIL CINCOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (240.544,86 EUROS) sendo a cota correspondente ao IVE de 41.747,46 €, e segundo os prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 07/11/2022 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital, con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da primeira prórroga do contrato do “Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil Municipal do Concello de Vigo”, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Consta no expediente administrativo de referencia, o preaviso de prórroga notificado electronicamente á adxudicataria en data 30.08.2024 así como a súa conformidade á proposta de prórroga en data 03.09.2024 . (Tte. 521, 522 e 528 do expediente dixital).

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 08/11/2024 ao 07/11/2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de CENTO VINTE MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E CORENTA E TRES CÉNTIMOS (120.272,43 euros) IVE incluído.

Sétimo.- O importe da prórroga imputarase ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación mantemento e conservación do material”, e a partida 9202.2211100 “Repostos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
	9202.214.00.00	5.500,00 €

Do 08/11/2024 ata o 31/12/2024	9202.221.11.00	4.500,00 €
Do 01/01/2025 ata o 07/11/2025	9202.214.00.00	54.272,43 €
	9202.221.11.00	56.000,00 €
	TOTAL	120.272,43 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a primeira prórroga dun ano de duración do vixente contrato do “Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil Municipal do Concello de Vigo” (15.161-445), formalizado coa entidade mercantil TALLERES FONTAN S.L.U. (B-36.634.756). polo período comprendido dende o 08/11/2024 ata o 07/11/2025.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato do “Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil Municipal do Concello de Vigo” (15.161-445), a favor da entidade TALLERES FONTAN S.L.U. (B-36.634.756) por importe de CENTO VINTE MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E CORENTA E TRES CÉNTIMOS (120.272,43 euros) IVE incluído; imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación mantemento e conservación do material”, e a partida 9202.2211100 “Repostos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 08/11/2024 ata o 31/12/2024	9202.214.00.00	5.500,00 €
	9202.221.11.00	4.500,00 €
Do 01/01/2025 ata o 07/11/2025	9202.214.00.00	54.272,43 €
	9202.221.11.00	56.000,00 €
	TOTAL	120.272,43 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria TALLERES FONTAN S.L.U. (B-36.634.756) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(806).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA A ELABORACIÓN DUN ESTUDO, DIAGNOSE E PROXECTO DE RECUPERACIÓN DOS XARDÍNS DO PAZO DE CASTRELOS E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DE DIVULGACIÓN DOS VALORES DO BEN. EXPTE. 11524/307.

Visto o informe xurídico do 24/09/2024 e o informe de fiscalización de data 03/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/09/2024, asinado polo técnico medio de Xestión e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O Concello de Vigo é propietario do Pazo de Castrelos e do seu Xardín histórico, Bens de interese cultural declarados segundo Decreto de 25 de febreiro de 1955, Decreto 474/1962, de 1 de marzo que o declara *Museo Histórico Artístico* e Resolucions de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección de Patrimonio Histórico y documental.

O antecedente arquitectónico do pazo é a "Torre de Lavandeira" que probablemente se levantaba moi cerca do lugar que ocupa hoxeendía. A súa orixe se remonta ao século XVII. A finais do século XIX trazáronse os xardíns do entorno inmediato ao edificio, co que forman un conxunto indisoluble.

Concíbese á maneira dos grandes xardíns da Francia barroca, a partir dun eixo lonxitudinal perpendicular á fachada do pazo que permite velo na súa totalidade cun só golpe de vista. A súa vexetación vese enriquecida por esculturas, unha galería de blasóns e diversos monumentos. O anterior propietario, Fernando Quiñones de León dona a Vigo a totalidade da propiedade en 1924, condicionando que se dispuxesen nel un museo e un parque público. Así, dende o ano 1937, o pazo é a sede do museo municipal Quiñones de León.

O espazo axardinado está ubicado no entorno inmediato ao edificio e forma con él un conxunto indisoluble do que é o principal xerador. É unha grande extensión de terreo e, actualmente, ocupa unhas vinte hectáreas e media. Á primeira vista, obsérvanse seis partes ben diferenciadas: o xardín de acceso, a rosaleda, o xardín francés, o xardín inglés, a solana ao fondo e o bosque. O xardín presenta numerosas variedades de plantas ornamentais e exóticas, algunhas centenarias.

Ademais do edificio, o complexo do pazo complétase con algunhas construcións adxacentes distribuídas no espazo axardinado: alpendres, o propio muro de almenado con torres, un orixinal pombal erguido sobre una emerxente pena e todos os elementos propios da xardinería pacea: esculturas, fontes, surtidores, charcos, pías, camiños, pérgolas, quioscos, etc.

II.- A Fundación Juana de Vega é unha entidade privada de natureza non lucrativa, que ten por obxecto segundo artigo 3 dos seus Estatutos aprobado por Orde de 11 de novembro de 2004 da Concellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e inscrito no Registro de Fundacións deste protectorado de Fundacións de interese galego, promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, a conservación e o desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación á investigación, á innovación, á formación da súa poboación activa, a preservación da súa contorna natural e cultural e a mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas.

A preocupación da Fundación en materia de paisaxe reflíctese na creación da Escola Galega da Paisaxe, coa que a Fundación pretende potenciar e mellorar a eficacia da súa liña de actuación no ámbito da paisaxe, integrando nela todas as actividades de formación, investigación e divulgación que desenvolve relacionadas con paisaxe e territorio de Galicia, na organización durante dez anos de cursos de arquitectura da paisaxe nos que participaron un gran número de profesionais e investigadores da elite práctica internacional creando no ano 2006, conxuntamente coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, o Master de Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega, titulación homologada a nivel europeo polo Consello Europeo de Escolas de Arquitectura da Paisaxe, de cúa coordinación se ocupa hoxendía, o que lle permite ter un profundo coñecemento no mundo da arquitectura da paisaxe e unha rede de contactos internacionais de especialistas de primeiro nivel neste eido.

III.- Ao formar parte este conxunto de Castrelos do noso patrimonio histórico máis salientable, (BIC) e habida conta que a xestión do Xardín é unha das competencias do servizo de Patrimonio Histórico, esta Concellería considera de interese municipal dispoñer dun plan estratéxico que previo diagnóstico i estudio pormenorizado do estado do Xardín deseñe as accións necesarias



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

para o obxectivo da súa correcta conservación, posta en valor e divulgación, e establecer unha folla de ruta ou plan de actuacións que conduzan a súa adecuada preservación para o disfrute das xeracións seguintes, especificamente unha valoración real das accións que son imprescindibles para preservar, protexer e manter o conxunto, incluíndo unha proposta para a realización de actividades de formación, sensibilización e divulgación dos valores deste ben.

Neste senso, o Concello de Vigo ten interese en poñer en valor o Ben de Interese Cultural Xardín de Castrelos mediante un estudo, diagnose e documento proxectual elaborado por un equipo multidisciplinar de alto nivel académico e experiencia (doutores, arquitectos, enxeñeiros en diferentes ramas, especialistas en fitopatoloxía, biomecánica, restauración, etc.) na procura da excelencia de coñecemento e excelencia propositiva, así como formar, sensibilizar e divulgar entre a cidadanía de Vigo, a poboación en xeral e entre especialistas na materia, os valores naturais, patrimoniais, culturais e históricos deste ben, entendendo que a Fundación Juana de Vega cunha ampla experiencia no eido da formación da sensibilización e da divulgación así como na coordinación de equipos de traballo no ámbito da paisaxe e da infraestrutura verde de Galicia, cunha especialización e coñecemento no sector, e polo feito de contar con especialistas únicos neste ámbito, é o axente idóneo para colaborar na coordinación e elaboración do obxecto deste proxecto.

Preténdese a través do instrumento axeitado (convenio), detallar os compromisos e circunstancias para desenvolver as actuacións necesarias para levar a cabo a redacción do plan estratéxico para o Xardín.

IV.- En data 18.09.2024, a Concellería delegada da Área de goberno de Cultura incoa expediente para formalizar un acordo entre a Fundación Juana de Vega e o Concello de Vigo a través da sinatura dun convenio cuxo obxecto será a realización dun estudo, diagnose e proxecto de recuperación dos xardíns do pazo Quiñones de León e a realización de actividades de formación, sensibilización e divulgación dos valores do ben.

V.- En data 18.09.2024 elabórase memoria xustificativa, na que consta aos efectos do disposto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, análise da necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter no contractual da actividade así como o cumprimento do previsto na citada norma.

VI.- Financiamento do convenio: O importe do convenio deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3360.4800000 CONVENIO POSTA EN VALOR X.H. CASTRELOS do orzamento municipal para o ano 2024; este convenio tramítase como anticipado de gasto (modificación orzamentaria 11 e 11A 2024 expte. 86/142).

Así as cousas, partindo do interese público do obxecto do contrato, por parte da Concellería da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, e para o caso de que a Xunta de Goberno Local ratifique a apreciación do dito interese público, fórmulase a esta a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Juana de Vega para a elaboración dun estudo, diagnose e proxecto de recuperación dos xardíns do pazo de Castrelos e a realización de actividades de formación, sensibilización e de divulgación dos valores do ben, que de seguido se transcribe como ANEXO I.

Segundo.- A achega económica do Concello de Vigo prevista no convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da formalización do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA A ELABORACIÓN DUN ESTUDO, DIAGNÓSE E PROXECTO DE RECUPERACIÓN DOS XARDÍNS DO PAZO DE CASTRELOS E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DE DIVULGACIÓN DOS VALORES DO BEN.

En Vigo, a ___ de _____ de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, o **Concello de Vigo**, representado por Don Abel Ramón Caballero Álvarez, actuando en calidade de alcalde da cidade de Vigo nomeado na sesión constitutiva do Pleno de data 17 de xuño de 2023, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local e polo artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra, a **Fundación Juana de Vega** (en adiante, a Fundación), e no seu nome e representación D. Enrique Sáez Ponte, presidente da mesma, segundo nomeamento efectuado pola Xunta de Padroado o trece de xuño de 2003, debidamente inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con data 1 de xullo do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

mesmo ano. A Fundación está clasificada como de beneficencia particular docente por Real Orde do “Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes”, do 30 de xuño de 1925, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia, co nº 58, con CIF G-15050602 e domicilio en Rúa Salvador Allende, nº 92, 15176 San Pedro de Nós - Oleiros.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que ó Concello de Vigo é propietario do Pazo de Castrelos, Ben de interese cultural, declarado segundo o Decreto de 25 de febreiro de 1955; Decreto 474/1962, de 1 de marzo e Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección de Patrimonio Histórico y documental.

Segundo reza na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Vigo ten a competencia da conservación e mantemento dos seus espazos verdes e culturais, concretamente nas materias recollidas no artigo 25, apartados:

b) *Medio ambiente urbano: en particular, **parques e xardíns públicos**, xestión dos residuos sólidos urbáns e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo ten interese en poñer en valor o Ben de Interese Cultural Pazo de Castrelos mediante un estudo, diagnose e documento proxectual elaborado por un equipo multidisciplinar de alto nivel académico e experiencia (doutores, arquitectos, enxeñeiros en diferentes ramas, especialistas en fitopatoloxía, biomecánica, restauración, etc.) na procura da excelencia de coñecemento e excelencia propositiva, así como formar, sensibilizar e divulgar entre a cidadanía de Vigo, a poboación en xeral e entre especialistas na materia, os valores naturais, patrimoniais, culturais e históricos deste ben.

TERCEIRO.- A Fundación Juana de Vega é unha entidade privada de natureza non lucrativa, que ten por obxecto promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural e a paisaxe de Galicia a diferentes escalas, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación do patrimonio natural e cultural, da súa contorna natural e humana e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas, entre outras. A preocupación da Fundación en materia de paisaxe reflíctese na creación da Escola Galega da Paisaxe, na organización durante 10 anos de cursos de arquitectura da paisaxe nos que participaron un gran número de profesionais e investigadores da elite práctica internacional e na coordinación do Master oficial de Arquitectura da Paisaxe coas Universidades de Santiago de Compostela (Escola Politécnica Superior

de Lugo) e a Universidade de A Coruña (Escola Técnica Superior de Arquitectura), o que lle permite ter un profundo coñecemento no mundo da arquitectura da paisaxe e unha rede de contactos internacionais de especialistas de primeiro nivel neste eido.

Na parte práctica, a Fundación ten traballado activamente no desenvolvemento de proxectos de paisaxe dende unha óptica transversal, multidisciplinar a diferentes escalas e ámbitos de traballo, incluíndo proxectos de mellora e de integración paisaxística ao longo dos Camiños de Santiago, e realizado diversas estratexias de infraestrutura verde a escala supramunicipal e local, así como diferentes estudos e proxectos relacionados con intervencións sobre espazos públicos e sobre o medio natural. Tamén ten organizado múltiples workshops internacionais de paisaxe para especialistas no entorno de bens de interese cultural, entre outras actividades de sensibilización e divulgación no eido da paisaxe entre a cidadanía en xeral.

CUARTO.- Que a Fundación, como se indicou, conta cunha ampla experiencia no eido da formación da sensibilización e da divulgación, así como na coordinación de equipos de traballo no ámbito da paisaxe e da infraestrutura verde de Galicia, cuxa especialización e coñecemento no sector, e o feito de contar con especialistas únicos neste ámbito, convértena no axente idóneo para colaborar na coordinación e elaboración do **ESTUDO, DIAGNOSE E PROXECTO DE RECUPERACIÓN DOS XARDÍNS DO PAZO DE CASTRELOS**, e a realización de **ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN** dos valores do ben, non sendo posible, en consecuencia, a concorrencia.

E na súa virtude, sendo patente a vontade de colaboración e o interese común das entidades comparecentes, as partes acordan a subscrición do presente Convenio, que se levará a cabo de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxectivo e finalidade do convenio

O obxecto do presente Convenio é regular o marco de colaboración entre as institucións asinantes para a realización conxunta das actividades para a elaboración dun **ESTUDO, DIAGNOSE E PROXECTO DE RECUPERACIÓN DOS XARDÍNS DO PAZO DE CASTRELOS** e desenvolver **ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN** dos valores patrimoniais, culturais, naturais e paisaxísticos deste ben entre a cidadanía de Vigo, a poboación en xeral así como entre expertos na materia.

SEGUNDA: Compromisos asumidos polas partes

Para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio, cada entidade asumirá os seguintes compromisos:

O Concello de Vigo:

- Participar na dirección, na coordinación superior e colaborar no desenvolvemento dos traballos e das actividades previstas no convenio.

- Financiar parte do custe das actividades a desenvolver obxecto deste convenio a través das achegas establecidas na cláusula terceira.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

-Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de protección de datos, así como prestar, no seu caso, o asesoramento técnico que fose preciso.

-Participar nas reunións de traballo conxuntas, así como nas reunións que se convoquen da Comisión de Seguimento que se estableza para a adecuada execución das actividades.

-Colaborar nas actividades de formación, sensibilización e divulgación que se organicen por parte da Fundación no marco deste convenio.

E a Fundación Juana de Vega:

-Desenvolver as actividades detalladas no anexo I a este convenio, para cumprir co obxecto e finalidade do mesmo.

-Poñer a disposición da realización das actividades obxecto deste convenio o persoal técnico e administrativo propio ou externo que sexa preciso, asumir o pago das nóminas, dietas e desprazamentos, e no seu caso das facturas ou honorarios do persoal externo, así como a xustificación diante do Concello de Vigo dos gastos incorridos na execución das actividades cuxo custo asume o Concello, na forma que se indica na cláusula quinta.

-Asistir ás reunións conxuntas que se determinen e ás da Comisión de Seguimento que se convoquen coa periodicidade que se estime necesaria para o bo seguimento das actividades.

-Organizar e asumir o custo das actividades de formación, sensibilización e divulgación previstas no anexo I e cuxo custo se detalla no anexo II.

TERCEIRA.- Orzamento e financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de DOUSCENTOS OITENTA TRES MIL OITOCENTOS CINCUENTA MIL EUROS, (283 850 €) dentro dos que se atopan os sesenta mil (60.000,00 €) nos que se valoran os traballos a realizar pola Fundación relativos ás actividades de formación, sensibilización e divulgación previstos no anexo I deste convenio.

O orzamento anterior farase efectivo como segue:

O Concello de Vigo achegará DOUSCENTOS VINTE TRES MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS, (223 850 €), nas seguintes anualidades:

No 2024.....72.600,00 € por todos os conceptos, IVE incluído.

No 2025.....78.650,00 € por todos os conceptos, IVE incluído.

No 2026.....72.600 € por todos os conceptos, IVE incluído.

A Fundación Juana de Vega asumirá o custo das actividades de formación, sensibilización e divulgación previstas que ascende a SESENTA MIL EUROS (60.000,00 euros), do seguinte xeito:

No 2024..... 6.700,00 € por todos os conceptos, IVE incluído.

No 2025.....30.300,00 € por todos os conceptos, IVE incluído.

No 2026.....23.000,00 € por todos os conceptos, IVE incluído.

O Concello de Vigo, fará efectiva as súas achegas logo da correspondente xustificación segundo se establece na cláusula seguinte, e previa presentación por parte da Fundación Juana de Vega das facturas, recibos, honorarios, nóminas e seguros sociais, dietas e gastos de viaxe que se correspondan cos gastos incorridos para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio.

CUARTA: Xustificación e pagamento.

O Concello de Vigo compensará á Fundación con parte dos gastos nos que incorra segundo se indica a continuación:

O aboamento do importe previsto xustificárase mediante presentación de:

- Documentos que recollan as actividades realizadas no período de xustificación.
- Informe das actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- Xustificantes de gasto (nóminas, seguros sociais, dietas e gastos de viaxe do persoal propio da Fundación que participe nas actividades previstas no convenio, así como no seu caso, facturas ou recibos de honorarios de persoal externo que participe no desenvolvemento desas actividades).
- Xustificante de pago dos gastos anteriores.

A documentación xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa representante, na seguinte ligazón: <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

Os pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes intervintes no convenio obteña lucro ningún.

No caso de que a xustificación dos gastos fose inferior ao importe total previsto no convenio, a contribución económica do Concello diminuírase proporcionalmente mantendo as porcentaxes de contribución de cada parte sobre o total, tendo coma data límite de xustificación o 30 de novembro de 2024 para a anualidade correspondente ao exercicio 2024, e o 30 de novembro de 2025 para a anualidade correspondente ao exercicio 2025, e o 30 de novembro de 2026 para a última anualidade. Os custos devengados a partir do 1 de decembro de 2024, serán imputados á anualidade do 2025.

Procederá a obriga de reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida polo Concello de Vigo en relación coa xustificación do Convenio, no exercicio das funcións de fiscalización e de control do destino das cantidades que lle corresponden.

QUINTA.- Comisión de seguimento



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Para o seguimento do convenio e das actividades desenvolvidos na súa execución, así como para propoñer solucións a calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes de cada unha das entidades.

Dentro dos dez días seguintes á firma do presente Convenio de Colaboración as partes faranse saber por escrito o nome dos seus respectivos representantes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta Comisión, serán de aplicación o previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SÉXTA.- Natureza do convenio

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexerese polas súas propias cláusulas, e de xeito supletorio, polas normas xerais do dereito administrativo.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026, salvo prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente, no seu caso, a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no portal de transparencia do Concello de Vigo, de conformidade co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

NOVENA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con un mes de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Se se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.

e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/notificaciones>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO SEGUNDA.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha ao Concello de Vigo, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Xurisdición

As Partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

E, en proba de conformidade con canto antecede, asíñase o presente convenio na cidade e data indicados.

ANEXO I

ACTIVIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO DO ESTUDO, DIAGNÓSE E PROXECTO DE RECUPERACIÓN DOS XARDÍNS DO PAZO DE CASTRELOS E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN SOBRE OS VALORES DO BEN



**CONCELLO
DE VIGO**



OBXECTIVOS

O obxecto deste convenio é a elaboración conxunta do **ESTUDO, DIAGNÓSE E PROXECTO DE RECUPERACIÓN DOS XARDÍNS DO PAZO DE CASTRELOS**, para o cal se realizará unha análise das diversas problemáticas que afectan ao espazo obxecto do convenio, co obxectivo final de xerar coñecemento e información para a toma de decisións por parte dos responsables públicos, así como desenvolver **ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN** dos valores históricos, culturais, naturais e paisaxísticos deste espazo público entre a cidadanía de Vigo, o público en xeral e especialistas na materia. Con este fin:

- Analizaranse as diferentes visións e perspectivas dos xardíns do Pazo desde disciplinas diferentes de coñecemento.
- Analizarase a importancia estratéxica dos espazos históricos como nodos no eido das estratexias de infraestruturas verde.
- Recompilarase información histórica, patrimonial, botánica, de fauna, e do estado actual dos xardíns do Pazo de Castrelos.
- Redactaranse propostas de intervención para a mellora, recuperación e conservación e posta en valor dos xardíns.
- Definiranse criterios de conservación dos elementos do xardín.
- Mellorarase o ecosistema de investigación, innovación e formación en materia de restauración de espazos verdes urbanos.
- Mellorarase a imaxe e o recoñecemento social do BIC.
- Realizaranse actividades de formación, sensibilización e de divulgación que contribúan a promocionar o Pazo de Castrelos como paradigma de espazo verde histórico que aglutina valores históricos no marco do capital vexetal, cultural e social, tanto entre a cidadanía local como entre o público en xeral e entre especialistas na materia.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO MARCO DO TRABALLO

A Fundación Juana de Vega asumirá as seguintes tarefas:

- a Elaborar, baixo a supervisión e en coordinación co Concello de Vigo o ESTUDO, DIAGNÓSE E PROXECTO DE RECUPERACIÓN DOS XARDÍNS DO PAZO DE CASTRELOS.
- b Convocar as reunións de traballo conxuntas, así como fixar os temas a abordar e os obxectivos a acadar en cada unha das sesións.
- c Recompilar toda a información, así como elaborar toda a documentación que sexa precisa para o desenvolvemento dos traballos.
- d Levantar acta das reunións realizadas.
- e Organizar e asumir o custo das actividades de formación, sensibilización e divulgación sobre os valores históricos, culturais, naturais e paisaxísticos deste espazo público entre a cidadanía de Vigo, o público en xeral e entre especialistas na materia.

As tarefas concretas a realizar, repartidas por fases, detállanse a continuación no seguinte cadro:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

FASE 1. INVENTARIO E ESTUDOS PRELIMINARES	
Inventario	
Levantamento topográfico.	Levantamento taquimétrico con precisión centimétrica de todos os elementos existentes no Pazo, tanto naturais como instalacións, equipamento e elementos históricos e singulares. O levantamento estará complementado por vídeo realizado mediante UAVs. A entrega será en formato dixital, CAD (*.dwg ou *.dgn) e GIS (*.shape), así como formato de vídeo compatible cos programas máis utilizados.
Inventario botánico.	Inventario botánico completo a nivel de especie, cultivar ou variedade, de todos os exemplares do estrato arbóreo, arbustivo e herbáceo. Inclúense as dimensións dendrométricas (altura, DBH e anchura de copa) dos exemplares arbóreos e os arbustivos a nivel de masa (salvo os de dimensións importantes que serán a nivel de pé). O inventario estará xeoposicionado segundo o estudo taquimétrico.
Inventario da fauna.	Inventario de fauna completo a nivel de especie, subespecie etc. Inclúese a fauna e microfauna. En caso de identificación de roteiros de fauna habituais, serán reflectidos en cartografía de referencia.
Análise de biodiversidade.	Estudo de biodiversidade, utilizando métricas e sistemas internacionais como o índice de Shannon o Simpson. No caso de avifauna poderanse utilizar sistemas internacionais contrastados.
Caracterización de exemplares singulares.	Caracterización morfolóxica, fisiolóxica e biomecánica dos exemplares singulares do espazo, que serán catalogados seguindo os criterios de dendrometría e/ou valores botánicos, históricos e sociais.
Inventario de infraestrutura gris.	Inventario completo dos elementos de equipamento e mobiliario, infraestrutura (iluminación, saneamento, rega, telecomunicación e outras instalacións). Reflectirase o seu estado actual e incluírase nos planos precisos.
Estudo histórico.	
Estudio histórico do espazo e dos seus elementos.	Estudo completo da historia do Pazo de Castrelos, particularmente os seus xardíns, realizado por experto de traxectoria contrastada seguindo metodoloxía académica que utilice fontes documentais de diversa procedencia: bibliografía, cartapacios, arquivos municipais, planos e pinturas etc.
Estudo de Contexto urbano e IV e estudo sensorial	
O Pazo e o Xardín no contexto de	Estudo da importancia do espazo no contexto

FASE 1. INVENTARIO E ESTUDOS PRELIMINARES	
Vigo.	municipal da cidade de Vigo, detallando o seu encaixe no armazón urbanístico histórico.
O seu papel na trama verde urbana.	Análise do papel e importancia do Pazo de Castrelos na rede de infraestrutura verde municipal, representando un nodo de importancia botánica, patrimonial e histórica.
Perspectivas e concas visuais.	Análise das concas visuais máis importantes do espazo, en coherencia co estudo histórico e o estado actual do espazo.
Os cinco sentidos. Microclimas, microespazos.	Análise da percepción sensorial do espazo e da existencia de microclimas que determinen a existencia de diferentes especies vexetais e de fauna.

FASE 2. ANÁLISE DE SITUACIÓN E ANTEPROXECTO	
Análise do uso e poboación	
Análise de uso do espazo	Estudo estatístico realizado mediante enquisas poboacionais do uso e preferencias do espazo.
Análise de percepcións sociais	Estudo estatístico realizado mediante enquisas poboacionais da percepción do espazo.
Análisis de patoloxías	
Pragas e enfermidades vexetais	Análise das pragas e enfermidades dos exemplares vexetais do espazo, realizado por Doutores, enxeñeiros e biólogos expertos en fitopatoloxía, de recoñecido prestixio. Determinaranse as pragas e enfermidades reais e potenciais, reflectirase en cartografía os posibles epicentros e realizaranse recomendacións de xestión e xerarquización das incidencias.
Avaliación de risco	Análise do perigo potencial dos exemplares arbóreos, realizada por especialistas de traxectoria contrastada neste campo (doutores, enxeñeiros e biólogos) utilizando sistemas internacionais como o TRAQ da ISA, QTRA, Pokorny, VTA, SIA ou similares. Realizarase en tres niveles: Nivel básico; mediante a visualización e clasificación en niveis de risco, descartando aqueles exemplares con potencialidade mínima, Nivel medio, aplicando sistemas métricos de clasificación de risco e solicitando os datos precisos para iso seguindo a Táboa da ISA-TRAQ e Nivel avanzado, mediante a testificación instrumental coas ferramentas precisas (tomógrafo sónico, de impedancia eléctrica, resistógrafo, etc.)
Infraestruturas e equipamento	Análise do estado das infraestruturas e equipamento, descrición de patoloxías, avarías, problemas, proposta de modificación e trazados etc.
Elementos históricos	Análise do estado dos elementos histórico-patrimoniais, con propostas de tratamento,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

FASE 2. ANÁLISE DE SITUACIÓN E ANTEPROXECTO	
	restauración, realizado por especialistas en restauración do patrimonio cultural, con recoñecida traxectoria neste campo.
Diagnose	
Diagnose parcial e xeral	Redacción de documento da diagnose sectorial de cada parte anterior, con propostas xerarquizadas de intervención e proceso cronolóxico.
Anteproxecto	
Definición da tipoloxía de intervención.	Proposta consensuada de tipoloxía de intervención seguindo o especificado nas diferentes opcións que recolle a Lei 5/2016 de PC de Galicia. Detalle de condicionantes, solucións e propostas.
Filosofía de intervención.	Definición da filosofía da intervención que emane dos condicionantes do estado actual, historia, limitacións legais, culturais e botánicas.
Propostas preliminares	Propostas de intervención específicas, seguindo zonificación baseada en estudos anteriores e zonas sensibles.
Anteproxecto de intervención a diferentes escalas.	Documento formal a nivel de anteproxecto de intervención a escala global e zonificada.
FASE 3. PROXECTO DE EXECUCIÓN	
Proxecto	
Proxecto de execución	Redacción de documento formal de proxecto de execución, realizado por equipo multidisciplinar de doutores, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos da paisaxe, biólogos etc.
Asesoramento en liñas de subvencións.	Asesoramento para a procura de liñas de subvención para o financiamento da execución do proxecto.
FASE TRANSVERSAL. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN	
Desenvolvidas e asumido o seu custo pola Fundación Juana de Vega	
Formación	Organización e desenvolvemento de workshop internacional de restauración e xestión de xardíns históricos. Actividades formativas - interactivas con estudantes do Grado de Paisaxe con visita guiada ao espazo e desenvolvemento do proceso interactivo sobre espazos verdes declarados bens de interese cultural.

Sensibilización e divulgación.	Redacción e publicación de libro sobre os valores do Pazo de Castrelos, a súa orixe, historia, composición, patrimonio vexetal, cultural e o proxecto de recuperación.
	Redacción e edición de tríptico/díptico dos xardíns do Pazo de Castrelos
	Redacción de guía infantil de valores botánicos dos xardíns do Pazo de Castrelos.

**ANEXO II
ORZAMENTO**



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

	ORZAMENTO	ANO 1	ANO 2	ANO 3
FASE 1. INVENTARIO E ESTUDOS PRELIMINARES	72.600,00	72.600,00		
Inventario				
Levantamento topográfico	9.680,00	9.680,00		
Inventario botánico	13.915,00	13.915,00		
Inventario faunístico	6.050,00	6.050,00		
Análise de biodiversidade	2.420,00	2.420,00		
Caracterización de exemplares singulares	10.890,00	10.890,00		
Inventario de infraestrutura gris.	7.260,00	7.260,00		
Estudo histórico.				
Estudo histórico do espazo e dos seus elementos.	15.125,00	15.125,00		
Estudo de Contexto urbano e Infraestrura Verde, e sensorial	7.260,00	7.260,00		
O Pazo e o xardín no contexto de Vigo				
O seu papel na trama verde urbana.				
Perspectivas e concas visuais				
Os 5 sentidos. Microclimas, microespazos.				
FASE 2. ANÁLISES DE SITUACIÓN E ANTEPROXECTO	78.650,00		78.650,00	
Análises do uso e poboación				
Análise do uso do espazo	6.050,00		6.050,00	
Análise de percepción sociais				
Análise de patoloxías				
Praças e enfermidades vexetais	12.100,00		12.100,00	
Evaluación do risco	18.150,00		18.150,00	
Infraestruturas e equipamento	7.260,00		7.260,00	
Elementos históricos	9.680,00		9.680,00	
Diagnose				
Diagnose parcial e xeral	7.260,00		7.260,00	
Anteprojecto	18.150,00		18.150,00	
Definición da tipoloxía de intervención.				
Filosofía da intervención.				
Propostas preliminares				
Anteprojecto de intervención a diferentes escalas.				
FASE 3. PROXECTO DE EXECUCIÓN	72.600,00			72.600,00
Proxecto	72.600,00			72.600,00
Proxecto de execución				
Asesoramiento en líñas de subvencións				
FASE TRANSVERSAL. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN	60.000,00	6.700,00	30.300,00	23.000,00
Desenvolvido e asumido o seu custo pola FJV				
Organización e desenvolvemento de workshop internacional de restauración e xestión de xardíns históricos	21.250,00		21.250,00	
Redacción e publicación de libro sobre os valores do Pazo de Castrelos, a súa orixe, historia, composición, patrimonio vexetal, cultural e o proxecto de recuperación.	20.000,00			20.000,00
Actividade interactiva con estudantes do grado de Paisaxe con visita guiada ao espazo e desenvolvemento de proceso interactivo sobre espazos verdes declarados Bens de interese cultural.	9.000,00	3.000,00	3.000,00	3.000,00
Redacción e edición de tríptico dos xardíns do Pazo de Castrelos.	3.700,00	3.700,00		
Redacción de guía infantil de valores botánicos dos xardíns do Pazo de Castrelos.	6.050,00		6.050,00	
SUBTOTAL A ACHEGAR POLO CONCELLO DE VIGO	223.850,00	72.600,00	78.650,00	72.600,00
SUBTOTAL ACHEGA FUNDACION JUANA DE VEGA	60.000,00	6.700,00	30.300,00	23.000,00
TOTAL ORZAMENTO DO CONVENIO	283.850,00	79.300,00	108.950,00	95.600,00

9(807).- PROPOSTA DE APROBACIÓN CONXUNTA DAS LISTAS DE RESERVA, DERIVADAS DA EXECUCIÓN DA OEP 2017-18-19 (PERSONAL FUNCIONARIO). EXPTE. 45382/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/10/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 12/03/2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases xerais do proceso selectivo para a provisión de 1 praza de mestre/a de formación (especialidade pintura), 1 praza de economista, 1 praza de enxeñeiro/a técnico/a forestal, 2 prazas de operador/a informática, 1 praza de programador/a informática, pola quenda libre, persoal funcionario/a, incluídas na 3ª fase da Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019, que se publicaron no Boletín Oficial de Pontevedra nº 128 de 07 de xullo de 2020.

II.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2023, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, así como o lugar e data da primeira proba do proceso selectivo.

III.- Así mesmo, por Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 01 de agosto de 2023, resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

IV.- Rematados os procesos selectivos referidos, segundo consta en actas incorporadas aos respectivos expedientes, os órganos de selección designados para os devanditos procesos selectivos, acordaron someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, os nomeamentos como funcionarios/as de carreira aos aspirantes que superaron os procesos selectivos e acadaron as máximas puntuacións.

A Xunta de Goberno Local, nas sesións de datas 08/03/2024, 15/03/2024, 22/03/2024, 01/04/2024 e 19/04/2024, acordou as devanditas propostas de nomeamento.

V.- Así mesmo, e de conformidade co disposto nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2020, no apartado “*Outras disposicións comúns*”, os Órganos de Selección, acordan propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación como lista de substitución para os efectos de poder ser nomeados como persoal interino nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo e normativa de concordante aplicación, na que figuran os aspirantes que, aínda que superaron o proceso selectivo non obtiveron praza.

Procédese, pois, a elaborar as seguintes listas de reserva de persoal funcionario, segundo as puntuacións outorgadas (de maior a menor) polos distintos órganos de selección segundo se recolle nas propostas de nomeamento e no resto de documentación incorporada nos expedientes de execución da OEP 2017-18-19, referidos aos seguinte procesos selectivos:

-Mestre/a Formación (Especialidade pintura)

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	PÉREZ CRUCES	REBECA	***6224**



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

- Economista

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CRESPO CIBRÁN	MIGUEL ÁNGEL	***7342**

-Enxeñeiro/a técnico/a forestal

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	TEIJEIRA DACOSTA	SARA	***7514**
2	MEIRA SUÁREZ	JOSE MANUEL	***7548**

-Operador/a informática

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	PREGAL RODRIGUEZ	MIGUEL	***1371**
2	SOLLA ARAUJO	ALBERTO	***5015*
3	IGLESIAS MARQUES	DIEGO	***7374**

-Programador/a informática

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BARROS RIVERA	FERMÍN	***1696**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- No apartado de “Outras disposicións comúns” das bases da convocatoria establecíase que *“as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación”*.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, realiza a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente – tal e como se establece no punto IV e V dos antecedentes.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de agosto de 2022, adoptou acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 167, de 01/09/2022, e modificadas por acordo do mesmo órgano de data 20 de maio de 2024.

No presente suposto, acordárase a formación das listas de reserva do persoal que superou todos os exercicios do proceso selectivo e conforme á orde de puntuación obtida (de maior a menor) establecida polos órganos de selección na súas propostas de nomeamento dos respectivos procesos selectivos.

V.- Segundo o criterio manifestado pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220 e 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considérase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de administración xeral que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar as listas de reserva de Mestre formación -especialidade pintura-(,C1) Economista (A1), Enxeñeiro/a técnico/a forestal (A2), Operador/a informático/a (C2) e Programador/a informática (C1), derivadas da execución da 3ª fase da OEP 2017-18-19, que inclúe as persoas que poidan ser temporalmente nomeadas conforme ao establecido nos criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación e segundo a puntuación outorgada (de maior a menor) polos distintos Órganos de Selección dos seguintes procesos selectivos:

-Mestre/a Formación (Especialidade pintura)

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	PÉREZ CRUCES	REBECA	***6224**

- Economista

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CRESPO CIBRÁN	MIGUEL ÁNGEL	***7342**

-Enxeñeiro/a técnico/a forestal

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	TEIJEIRA DACOSTA	SARA	***7514**
2	MEIRA SUÁREZ	JOSE MANUEL	***7548**

-Operador/a informática

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	PREGAL RODRIGUEZ	MIGUEL	***1371**
2	SOLLA ARAUJO	ALBERTO	***5015*
3	IGLESIAS MARQUES	DIEGO	***7374**

-Programador/a informática

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BARROS RIVERA	FERMÍN	***1696**

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(808).- PROPOSTA DE APROBACIÓN CONXUNTA DAS LISTAS DE RESERVA, DERIVADAS DA EXECUCIÓN DA OEP 2017-18-19 (PERSOAL LABORAL). EXPTE. 45351/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/10/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 12/03/2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases xerais do proceso selectivo para a provisión de, 1 praza de Oficial desinfectador/a, 1 praza de Oficial pavimentador/a, 2 prazas de Oficial sepultureiro/a, 1 praza de Oficial albanel, 1 praza de Oficial ferreiro/a e 2 prazas de Oficial coidador/a zoo, pola quenda libre, en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C2, incluídas na 3ª fase da Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019, que se publicaron no Boletín Oficial de Pontevedra nº 128 de 07 de xullo de 2020.

II.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2023, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, así como o lugar e data da primeira proba do proceso selectivo.

III.- Así mesmo, por Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 01 de agosto de 2023, resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

IV.- Rematados os procesos selectivos referidos, segundo consta en actas incorporadas aos respectivos expedientes, os órganos de selección designados para os devanditos procesos selectivos, acordaron someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, os nomeamentos para contratación como persoal laboral fixo aos aspirantes que superaron os procesos selectivos e acadaron as máximas puntuacións.

A Xunta de Goberno Local, nas sesións de datas 01/04/2024, 05/04/2024 e 19/04/2024 acordou as devanditas propostas de contratación.

V.- Así mesmo, e de conformidade co disposto nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2020, no apartado B) Persoal laboral "outras disposicións comúns", os Órganos de Selección, acordan propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación como lista de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

substitución para os efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo e normativa de concordante aplicación, na que figuran os aspirantes que, aínda que superaron o proceso selectivo non obtiveron praza.

Procédese, pois, a elaborar as seguintes listas de reserva de persoal laboral, e segundo as puntuacións outorgadas (de maior a menor) polos distintos órganos de selección segundo se recolle nas propostas de nomeamento e no resto de documentación incorporada nos expedientes de execución da OEP 2017-18-19, referidos aos seguinte procesos selectivos:

-Oficial desinfector/a

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	ARAUJO RODRIGUEZ	MARIA SALOMÉ	***9464**

-Oficial pavimentador/a

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	RAMÓN ALBERTO	***4731**
2	VELOSO COSTAS	JESÚS	***9910**
3	CARRERA FERREIRA	JOSE ANTONIO	***6122**
4	CASTRO DUARTE	ALFREDO BAUTISTA	***0601**

-Oficial sepultureiro/a

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	IGLESIAS PEIXOTO	JUAN MIGUEL	***7559**
2	CARRERA FERREIRA	JOSE ANTONIO	***6122**
3	ALONSO VIDAL	TOMÁS	***6403**
4	AMOR VILLAR	EZEQUIEL	***7115**
5	COIDO RICO	JAVIER	***5671**
6	COSTAS VILLAR	ALBERTO	***2517**
7	DASILVA RIVAS	MANUEL	***8217**
8	LAGO GUERRA	JOSE MANUEL	***9204**

-Oficial albanel

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BASTOS CABALEIRO	FELIPE	***7239**
2	LOPEZ COMESAÑA	BELARMINO	***9098**

3	CARNERO CAMPOS	OSCAR	***5784**
4	ALONSO VIDAL	TOMAS	***6403**
5	MARTINEZ OTERO	XAQUIN	***8441**

-Oficial ferreiro/a

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	DIAZ ALVAREZ	PABLO	***2476**
2	CAYETANO BLANCO	PABLO JOSE	***1276**

Oficial coidador/a zoo

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	PESQUEIRA CAMESELLE	XOSÉ MANOEL	**11031**
2	MANZANO HERRERO	NOELIA	**08318**
3	RAMOS MARTÍNEZ	IVÁN JULIO	**30022**
4	GONZÁLEZ ÁLVAREZ	MARIA CRISTINA	**97873**
5	COMESAÑA FERNÁNDEZ	ISABEL	**18548**
6	MEIRA SUÁREZ	JOSÉ MANUEL	**17548**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

Así mesmo, o artigo 11 do Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón que é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal.

II.- No apartado de “Outras disposicións comúns” das bases da convocatoria establecíase que *“as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación”*.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, realiza a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente – tal e como se establece no punto IV e V dos antecedentes.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de agosto de 2022, adoptou acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 167, de 01/09/2022, e modificadas por acordo do mesmo órgano de data 20 de maio de 2024.

No presente suposto, acordarase a formación da lista de reserva do persoal que superou todos os exercicios do proceso selectivo e conforme á orde de puntuación obtida (de maior a menor) establecida polos órganos de selección na súas propostas de nomeamento dos respectivos procesos selectivos.

V.- Segundo o criterio manifestado pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220 e 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de administración xeral que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar as listas de reserva de Oficial desinfectador/a, Oficial pavimentador/a, Oficial sepultureiro/a, Oficial albanel, Oficial ferreiro/a e Oficial coidador/a zoo, (de persoal laboral, equiparadas ao subgrupo C2) derivadas da execución da 3ª fase da OEP 2017-18-19, que inclúe as

persoas que poidan ser temporalmente nomeadas conforme ao establecido nos criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación, e segundo a puntuación outorgada (de maior a menor) polos distintos Órganos de Selección dos seguintes procesos selectivos:

-Oficial desinfector/a

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	ARAUJO RODRIGUEZ	MARIA SALOMÉ	***9464**

-Oficial pavimentador/a

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	RAMÓN ALBERTO	***4731**
2	VELOSO COSTAS	JESÚS	***9910**
3	CARRERA FERREIRA	JOSE ANTONIO	***6122**
4	CASTRO DUARTE	ALFREDO BAUTISTA	***0601**

-Oficial sepultureiro/a

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	IGLESIAS PEIXOTO	JUAN MIGUEL	***7559**
2	CARRERA FERREIRA	JOSE ANTONIO	***6122**
3	ALONSO VIDAL	TOMÁS	***6403**
4	AMOR VILLAR	EZEQUIEL	***7115**
5	COIDO RICO	JAVIER	***5671**
6	COSTAS VILLAR	ALBERTO	***2517**
7	DASILVA RIVAS	MANUEL	***8217**
8	LAGO GUERRA	JOSE MANUEL	***9204**

-Oficial albanel

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BASTOS CABALEIRO	FELIPE	***7239**
2	LOPEZ COMESAÑA	BELARMINO	***9098**
3	CARNERO CAMPOS	OSCAR	***5784**



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

4	ALONSO VIDAL	TOMAS	***6403**
5	MARTINEZ OTERO	XAQUIN	***8441**

-Oficial ferreiro/a

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	DIAZ ALVAREZ	PABLO	***2476**
2	CAYETANO BLANCO	PABLO JOSE	***1276**

-Oficial cuidador/a zoo

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	PESQUEIRA CAMESELLE	XOSÉ MANOEL	**11031**
2	MANZANO HERRERO	NOELIA	**08318**
3	RAMOS MARTÍNEZ	IVÁN JULIO	**30022**
4	GONZÁLEZ ÁLVAREZ	MARIA CRISTINA	**97873**
5	COMESAÑA FERNÁNDEZ	ISABEL	**18548**
6	MEIRA SUÁREZ	JOSÉ MANUEL	**17548**

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(809).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, CON CARGO Á VACANTE, PARA O SERVIZO DE MUSEOS. EXPTE. 44791/220.

Visto o informe de fiscalización de data 03/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/10/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Mediante solicitude que obra unida ao presente expediente, asinado pola xefatura do servizo de Museos Municipais e coa conformidade da concellería competente, solicítase á Área de Recursos Humanos e Formación, o nomeamento de 1 auxiliar de administración xeral por cobertura de vacante (artigo 10.1 a) do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP).

II.- Analizada a solicitude, en data 27/06/2024 procédese á incoación de expediente, e en data 07/08/2024 a acumulación de expedientes e cambio de instrutor.

III.- Sobre a existencia de vacantes para a súa posible cobertura mediante nomeamento de persoal interino, consta incorporado ao expediente informe de verificación previa realizado polo persoal administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación (trámite 56), onde se recolle:

“...Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, na data de sinatura, só consta unha praza ocupada por un funcionario/a interino/a con cargo á vacante 2023 (...)”

(...) “Dado que a OEP 2023, aprobada por acordo da XGL de data 29/12/2023 (BOPPO nº 5 de 05/01/2024), e rectificada por acordo da XGL de data 12/04/2024 (BOPPO Nº 79 de 23/04/2024), contén a oferta de 5 prazas de Auxiliar de Administración Xeral por quenda libre (1 reservada a discapacidade intelectual), e tendo en conta o disposto anteriormente, quedarían 3 prazas vacantes libres de Auxiliar de Administración Xeral para cubrir con cargo a referida oferta.”

IV.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de 17/09/2024, unha persoa acepta o nomeamento e está en condicións de ser nomeada.

V.- Consta no expediente informe técnico que inclúe a proposta de gasto.

VI.- En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este

Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022),



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación de un/unha auxiliar de administración xeral con cargo á praza vacante do 2023.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 138 – Auxiliar.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas

as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación de data 17/09/2024, consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 44791/220 infórmase o seguinte:

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino de 1 auxiliar de Administración xeral por cobertura de vacante (art. 10.1.a) TREBEP), existe lista de reserva do Concello de Vigo vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como auxiliar de administración xeral, á candidata que se relaciona a continuación que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:*

*Paula García Márquez con DNI ***6040***

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Segundo o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4^a do contrato asinado con data 24 de outubro de 2022, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 1 de novembro de 2022, prevéndose a posibilidade de unha única prórroga por unha anualidade (12 meses).

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, de data 21 de agosto de 2024, autorizando o inicio deste expediente da primeira e única prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira e única prórroga do contrato do 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025 do contrato de subministración de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á Rede de Museos Municipais (Verbum e Casa das Artes), (3173-341), polo período dun ano, é dicir, dende o día 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de 28.127,70 € (**vinte e oito mil cento vinte e sete euros con setenta céntimos**), **ive engadido, a favor de GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B36736049)**, segundo o seguinte desglose de exercicios orzamentarios:

EXERCICIO 2024 (1 de novembro a 31 de decembro): 14.063,85 €, nº de documento 12024000001837 (RC202400004053 de 11.01.2024) que se financiarían con cargo á seguinte partida:

- 3330.221.03.00 “Combustibles”.

EXERCICIO 2025 (1 de xaneiro ao 31 de outubro): 14.063,85 €, nº de documento 12024000145174, que se financiarían con cargo á seguinte partida:

- 3330.221.03.00 “Combustibles”.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(816).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO CONTRA O REQUIRIMENTO DE PAGO FEITO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO POLA LIQUIDACIÓN DO CONVENIO “ABRIR VIGO AO MAR”. EXPTE. 1766/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/10/2024, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- A Presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo, con data de 26 de setembro do 2019, acordou a resolución do convenio «Abrir Vigo ao Mar» por incumprimento municipal do

mesmo e a Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, pola súa parte, en resolución de 17 de outubro de 2019, acordou tamén a resolución do referido convenio por incumprimento do mesmo pola Autoridade Portuaria de Vigo.

2º.- Ditas resolucións determinaron a interposición de dous recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

No primeiro, tramitado co número 4019/2020, o Concello de Vigo interesou a anulación do acordo da Autoridade Portuaria de Vigo no que se declara a resolución do convenio por incumprimento municipal; demanda que foi desestimada. No segundo, seguido co número 4059/2020, a Autoridade Portuaria, solicitou a anulación das resolucións do Concello de Vigo de datas de 19 de decembro de 2019 e 10 de xaneiro de 2020, que rexeitaban a anulación da resolución do Convenio, declarada polo concello de Vigo por incumprimento do mesmo pola Autoridade Portuaria e a liquidación de tal convenio; demanda, esta última, que foi parcialmente estimada con anulación das resolucións municipais impugnadas, pero deixando a liquidación do convenio a un procedemento administrativo posterior.

Ambas sentencias, deviron firmes ao ser inadmitidos os recursos de casación interpostos polo Concello de Vigo.

3º.- A Directora da Autoridade Portuaria de Vigo, en execución das referidas sentencias, resolveu, en data de 7 de setembro de 2023, a incoación de expediente aos efectos de liquidar os gastos, danos e perdas causados á Autoridade Portuaria polo incumprimento do Convenio polo Concello de Vigo, nomeando instrutor do mesmo ao Secretario Xeral da Autoridade Portuaria, o cal, en escrito da mesma data de 7 de setembro de 2023, formulou proposta de liquidación das cantidades por danos e perdas debidos polo concello de Vigo á Autoridade Portuaria como consecuencia do incumprimento do Convenio.

4º.- Da dita proposta de liquidación deuse traslado ao Concello de Vigo o día 11 de setembro de 2023, para que no prazo de dez días formulase as alegacións e propuxera a proba que considerase pertinente.

Aa cantidades que se reclamaban, cun importe total de 4.680.468,60 euros, sen IVE, correspondían ás obras de reparación da Praza da Estrela, por importe de 31.982,03 euros; ás obras de acondicionamento do tramo enlousado das Avenidas, no ámbito do convenio, por importe de 1.263.952,76 euros; aos gastos de reparación incluídos no contrato de obras de «Reconstrucción do Paseo Marítimo en el entorno de la dársena náutica, en las Avenidas, en el ámbito del convenio “Abrir Vigo ao mar”», por importe de 3.300.723,87 euros; e aos gastos derivados do accidente do Marisquiño, polo importe restante de 83.809,94 euros.

5º.- Esta Administración municipal entendeu que non procedía o pago das cantidades reclamadas polas razóns que se expuxeron no escrito asinado polo enxeñeiro de camiños,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

canais e portos municipal e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da área de Goberno de Fomento e Servizos, en datas de 26 e 27 de setembro de 2023, que figura no expediente, remitido a autoridade Portuaria na mesma data e que se volve a remitir agora como **documento número 1**, xunto cos informes do enxeñeiro municipal de camiños canais e portos, xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas do concello de Vigo, de 29 de maio de 2019 e 10 de maio de 2021, que tamén se remiten como **documento números 2 e 3**.

6º.- As razón da oposición municipal a reclamación foron as que seguen:

«**Dos gastos imputados á Praza da Estrela.**

A APV remitiu ao concello de Vigo, o 2 de maio de 2019, escrito comunicando o mal estado do paseo de As Avenidas e as deficiencias observadas na Praza da Estrela, incluídos no ámbito do convenio “Abrir Vigo al Mar” e instou ao Concello á súa reparación e conservación, en base as obrigas de mantemento que este tería asumido sobre tales superficies en virtude do dito convenio; petición que reproduciu en escrito de 8 de maio de 2019.

En contestación á dita solicitude e no que a Praza da Estrela se refire, o enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, con data de 29 de maio de 2019, informou que «O estado de conservación da Praza da Estrela é en xeral bo, a excepción de algúns puntos que se solucionarían con actuacións puntuais de levantamento da zona afectada, reposición da base e do pavimento; actuacións que poderían considerarse comprendidas dentro das obriga municipal de mantemento e conservación da praza».

*Dito informe emitiuse en base ao presentado, a solicitude do dito técnico, pola contratista municipal de mantemento de viais, de data 22 de maio, que se achega a estas alegacións (se volve achegar a este expediente como **documento número 4**).*

Á vista destes informes, os días 2 e 3 de outubro de 2019 a contratista de mantemento de viais do Concello procedeu á reparación dos desperfectos existentes nese momento na praza da Estrela, co seguinte detalle:

Descrición	Precio	fecha	Unidades	Expediente	Tipo traballo	Instalación	Parcial	Nº Inicial
MAPAVRPG007 (Ud) Levant y repos losa granito 8 cm < 1 m ²	67,79	02/10/2219	6	83926/250	ACERAS PAVIMENTOS PÉTREOS	ESTRELA	406,74	9
MAPAVRPG140 SUMINISTRO DE GRANITO AZUL ZAFIRO 8 CMS	130,13	02/10/2019	2,98	83926/250	ACERAS PAVIMENTOS PÉTREOS	ESTRELA	414,607	9
MAPAVRPG007 (Ud) Levant y repos losa granito 8 cm < 1 m ²	67,79	03/10/2019	15	83926/250	ACERAS PAVIMENTOS PÉTREOS	ESTRELA	1016,85	9

MAPAVRPG140 SUMI- NISTRO DE GRANITO AZUL ZAFIRO 8 CMS	130,13	03/10/2019	7,53	83926/250	ACERAS PA- VIMENTOS PÉTREOS	ESTRELA	1047,649	9
							2885,846	

Con data de 30 de maio de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (achegase certificación deste acordo como **documento número 5**) rexeitara as pretensións formuladas pola APV nos ditos escritos de 2 e 8 de maio de 2019, coa excepción da reclamación de reparación dos desperfectos que presentaba a Praza da Estrela, que si se considerou fundada, procedéndose os días 2 e 3 de outubro de 2019, tal e como vai dito, á súa reparación pola contratista municipal de mantemento de viais.

A APV, en resolución do seu presidente de 25 de setembro de 2019, á vista do devandito acordo municipal de 30 de maio de 2019 declarou resolto o convenio por incumprimento municipal do mesmo.

Daquela, ás datas de resolución do convenio, a Praza da estrela atopábase en adecuado estado de conservación, pois a resolución do convenio foi declarada pola APV o 25 de setembro de 2019 e uns días despois desta declaración, os días 2 e 3 de outubro de 2019, os desperfectos observados no informe de maio foran reparados. Por tanto as obras as que se refire a reclamación da APV ou ben son obras de reparación de desperfectos producidos con posterioridade á resolución do convenio ou ben son obras de mellora, non comprendidas dentro da obriga de conservación que incumbía ao concello de Vigo a virtude do convenio.

Dos gastos reclamados pola APV polas obras de acondicionamento do tramo enlousado das Avenidas

Polo que se refire ao requirimento de reparación das lousas de granito do Paseo de Avenidas cómpre reproducir as consideracións realizadas polo enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos no seu informe de 23 de maio de 2019 que figura nos antecedentes do acordo municipal de 30 de maio de 2019.

«(...) o Concello terá que asumir exclusivamente os deterioros que se produzan (...) no paseo peonil de pedra, polo natural uso do ben ao longo do tempo. Pero se os deterioros se producen por defectos de deseño ou de execución (labores estas nas que non participou o Concello), ou debido ao uso do (...) paseo de pedra en condicións distintas ás previstas, isto é, distintas ao seu uso normal (emprego para tráfico rodado por exemplo), as actuacións necesarias para a súa reposición, en canto que non son debidas ao uso normal ao longo do tempo, serían obras de reforma (mellora ou adecuación do paseo), de reparación ou gran reparación, se de elementos estruturais se trata, que quedarían todas fóra das obrigas municipais.

O uso en condicións distintas ao normal previsto está a suceder (...) no paseo de pedra, previsto como de uso peonil no proxecto construtivo de “Abrir Vigo ao Mar” —proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

descarga, se desvía polo vial de Montero Rios—, pero que se ven empregando, segundo se ten constatado, tamén para o tráfico rodado, e incluso para tráfico pesado de mercancías portuarias, o cal provoca a rotura do pavimento, ao someter este a cargas para as que non está deseñado.

A Autoridade Portuaria indica no seu escrito dirixido a Abogacía do Estado que se respetaron as vías de tren nese ámbito para permitir o paso de convoyes pesados por este medio de transporte. Ademáis indica que o proxecto do paso inferior está calculado para que a súa lousa superior soporte o peso de vehículos pesados e trenes, indicando tamén que o clausulado do título da concesión dese paso inferior indica que a lousa debe soportar o tráfico de vehículos pesados. Ao respecto desta afirmacións indicar que nada ten que ver o dimensionamento da lousa de formigón do paso inferior, que é un elemento estrutural do túnel (e como moito un elemento da base do firme), coa tipoloxía da capa superficial formada por pavimento de pezas de pedra (...), dimensionada para tráfico peonil, como se recolle nos planos 9 e 37 do proxecto básico da actuación, do ano 1994; proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Rios, proxectando tráfico peonil polo paseo de pedra e o entarimado de madeira.

En canto ao feito de que se conserve o paso de trens sobre raís sobre o paseo, tal feito non supón que o pavimento de pedra que o rodea —calculado para soportar un uso peonil— permita o tráfico pesado, xa que estruturalmente a transmisión de cargas dos convoyes do tren se produce a través dos raís sobre a base de formigón e non sobre o pavimento de pedra que o rodea e é, daquela, independente da capacidade portante do pavimento superficial de pedra que rodea aos carrís, como ocorre co balasto e as travesas e raís nas vías convencionais.

Destacar asemade que no seu escrito de data 8 de maio, a Autoridade Portuaria insta ao Concello a reparación do ámbito, término que se recolle na LCSP 9/2017 no artigo 232. Clasificación de las obras, no seu apartado 4, “Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien inmueble por causas fortuitas o accidentales. Cuando afecten fundamentalmente a la estructura resistente tendrán la calificación de gran reparación y, en caso contrario, de reparación simple”, por lo que cabe indicar que o obxecto e a natureza das obras solicitadas pola Autoridade Portuaria no último escrito presentado, nada ten que ver coas obrigacións de mantemento por parte do Concello derivadas da subscripción dos citados convenios».

*As razóns que aduce o enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal para xustificar a oposición ao requirimento da Autoridade Portuaria ao Concello de Vigo para que proceda a reparación das lousas de granito do Paseo de Avenidas son —entendemos— plenamente fundadas e concordantes con canto vimos de dicir. Soamente, cómpre engadir agora que a virtude do Convenio a Autoridade Portuaria de Vigo asumiu a obriga da **supervisión técnica das obras** obxecto do mesmo (apartado III, in fine do convenio) e que se a Autoridade Portuaria pretendía utilizar o paseo peonil das Avenidas para a circulación do transporte portuario non so a través do tren —cuxos raís transmiten directamente as toneladas de carga á lousa de formigón superior do túnel inferior, calculada a tal fin— senón, tamén, a través de camiións de grande tonelaxe, como son os que, co seu tránsito, teñen provocado a penosa situación actualde lousas de pedra rotas en que se atopa a parte*

inferior do Paseo das Avenidas —non da superior que ven sendo utilizada exclusivamente para o tránsito peonil e atópase en perfecto estado— o que tiña que ter feito a Autoridade Portuaria de Vigo, en cumprimento da súa obriga de supervisión técnica, era esixir o dimensionamento das lousas de pedra nesta parte do paseo adecuado a tonelaxe máxima que haberían de soportar estas.

Daquela, procede rexeitar tamén este requirimento da Autoridade Portuaria, pois as obras cuxo custe de execución reclama a APV non son obras de mantemento e conservación, senón como di o enxeñeiro municipal de reparación ou de grande reparación se afectaran a elementos estruturales do recheo

Pero, é que tampouco procede reparar esta zona do paseo das Avenidas substituíndo as lousas rotas por outras iguais en perfecto estado. Se a Autoridade Portuaria pretende seguir facendo pasar camións de grande tonelaxe polo Paseo das Avenidas o que ten que facer e substituír o pavimento e colocar outro —o que considere oportuno— adecuado ás cargas que deberá soportar para permitir o paso dos transportes especiais portuarios, e esta obra nin tería o carácter de obra de mantemento e conservación, nin sería de responsabilidade do Concello de Vigo.

Corrobora isto último o feito de que, a mediados do ano 2017, esta zona do paseo atopábase no mesmo mal estado no que se atopa na actualidade e que a Autoridade Portuaria de Vigo procedeu a reparación desta, substituíndo as lousas rotas e afundidas por outras novas da mesmas dimensións. Como queira que a Autoridade Portuaria seguiu utilizando esta zona do paseo para o tránsito de vehículos de grande tonelaxe para transportes especiais portuarios, sen tomar en consideración a insuficiencia deste firme para soportalos, o paseo das Avenidas, nesta concreta zona, volveu a atoparse no lamentable estado no que se atopaba dous anos atrás: o que procede —temos que volver a insistir— é substituír o pavimento desta zona do paseo e colocar outro —o que se considere oportuno— adecuado ás cargas que deberá soportar para permitir o paso dos transportes especiais portuarios.

*Tan é así, que, tal e como se reflicte na noticia publicada no Faro de Vigo, o sábado 27 de xuño de 2020 —que se achega copia a estas alegacións— co titular «**El Puerto prevé licitar en julio la reparación de As Avenidas y el nuevo carril bici por 6,8 millones**», o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo recoñece que o pavimento de pedra do Paseo das Avenidas nese momento é inadecuado para garantir o tránsito de vehículos pesados e que é necesario substituílo por outro das dimensións necesarias para evitar que as lousetas se estean rompendo constantemente.*

Do texto da noticia transcribimos o que segue:

*«La estética del Puerto Marítimo -el gran espacio de contacto con el mar en el centro urbano- sigue lastrado por el desgaste del empedrado y, sobre todo, el enorme socavón en la zona de tablas de madera, recordatorio que arrojó un saldo de 467 heridos y ninguna víctima mortal. Los planes del Puerto ahora pasan por su reconstrucción y mejora por un importe de unos cinco millones de euros. **La cifra***



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

recoge el cambio de losetas y refuerzo de las estructuras para garantizar el tránsito de vehículos pesados que transportan grandes piezas -a lo que se destinarán dos millones-. “Visualmente no se notará mucho, pero será más resistente para evitar que se estén rompiendo constantemente”, explica Enrique López Veiga, presidente del Puerto. Y también, por unos tres millones, incluye la reparación del agujero del entablillado. Ninguna de las dos intervenciones, “considerables”, incide Veiga, modificarán el diseño del convenio Abrir Vigo al Mar de 1992, trazado en su momento por Guillermo Vázquez Consuegra, Premio Nacional de Arquitectura. Al contrario, se dejarán “ las cosas tal como están”. “Si se hace otro plan, bien, pero el que teníamos y el que está contemplado es ese. Si alteramos las cosas, se complica muchísimo desde el punto de vista administrativo”, recalca el dirigente de la Autoridad Portuaria. En todo caso Veiga promete que el proyecto dejará un paseo “resistente” y “con todas las garantías del mundo».

O enxeñeiro municipal de camiños canais e portos, xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas do concello de Vigo, a solicitude deste Servizo Xurídico informou, con data de 10 de maio de 2021, respecto do proxecto de reparación do enlousado cuxo custe se reclama. que:

«O proxecto de reparación, no ámbito do tramo de enlousado de granito, ao que se refire a noticia de prensa citada polos servizos xurídico, foi presentado co título de “Acondicionamento de tramo enlousado en As Avenidas en el ámbito del convenio Abrir Vigo al Mar. Vigo (Pontevedra)”, pola Autoridade Portuaria de Vigo ante a Xerencia Municipal de Urbanismo, a comenzos do ano 2020, que solicitou deste Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas informe no que as competencias deste Servizo se refire.

O citado proxecto, como se recolle na documentación do correspondente expediente da Autoridade Portuaria, ten entre outras finalidades acondicionar o Paseo de As Avenidas diseñándoo acorde as necesidades de uso, e facendoo compatible co uso estrictamente portuario.

Na documentación que conforma o proxecto (memoria, planos e orzamento), se contempla a renovación do enlousado de pedra da parte inferior do Paseo no ámbito contiguo á zona do entarimado de madeira, inmediata á lámina de auga.

A citada renovación do firme supón un reforzo da capacidade portante do firme superficial do enlousado de pedra xa que a proposta xeométrica das novas pezas de granito plantexa, respecto a situación previa ao citado proxecto, tanto a redución considerable da esbelteza das pezas (relación entre largo e ancho) como o aumento do espesor das pezas. Ambas consideracións, diminución da esbelteza e aumento de espesor das pezas, permite aumentar a capacidade portante do citado pavimento e reducir o risco de rotura das pezas ante o paso de vehículos pesados».

En definitiva, a substitución das lousas de pedra do Paseo da Avenidas, para permitir o tránsito do transporte portuario pesado polo mesmo, non é unha obra de conservación e mantemento senón unha obra de gran reparación, sendo así que o concello de Vigo estaba obrigado, a virtude do convenio, a emendar os menoscabos que se produciran no enlousado do Paseo polo uso previsto para el —o uso peonil—, pero non resultaba obrigado a reparar os menoscabos provocados polo uso do Paseo para o tránsito, non previsto no proxecto, de transportes pesados portuarios, para o cal as lousetas de pedra non estaban adecuadamente dimensionadas e rompíanse constantemente, sobre todo tendo en conta que a supervisión dos traballos de execución do Paseo correou a cargo da Autoridade Portuaria de Vigo.

Por todo exposto procede rexeitar tamén neste punto a reclamación de pago da Autoridade Portuaria de Vigo.

Das cantidades reclamadas pola APV polas obras de «Reconstrución do Paseo Marítimo en el entorno de la dársena náutica, en las Avenidas, en el ámbito del convenio “Abrir Vigo ao mar”».

Verbo desta reclamación debemos recordar que, tal e como establece no seu artigo 5.3 o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo, «A los efectos de este Reglamento, se considerará que la edificación se encuentra en situación de ruina física cuando concurren los requisitos de antigüedad y estado de conservación establecidos por la legislación urbanística aplicable» e que o artigo 141.2 LSG dispón que «Procederá la declaración de situación legal de ruina en los siguientes supuestos:

a) Cuando el coste de las obras necesarias excediese de la mitad del coste de reposición de la edificación o de una nueva construcción con características similares, excluido el valor del suelo.

b) Cuando el edificio presentase un agotamiento generalizado de sus elementos estructurales fundamentales.

É o caso que o ditame de don X. Ramón Novoa, emitido o 18 de decembro de 2018, nas actuacións penais seguidas ante o Xulgado de Instrución núm. 3 de Vigo, como DPA 1618-18, como consecuencia do accidente do Marisquiño, conclúe que «a estrutura do pretensado, que constitúe o paseo, superou a súa vida útil entre os anos 5 e 6 da súa posta en servizo», isto é, entre os anos 1989 e 1991 e, daquela, antes da firma do convenio «Abrir Vigo ao mar», que tivo lugar o 2 de novembro de 1992.

Foi, pois, unha auténtica negligencia da APV poñer a disposición do Consorcio da Zona Franca de Vigo, para a execución dun paseo sobre o molle voado, cuxo custe de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

reconstrución reclama do Concello a APV, esta infraestrutura portuaria voada, cando nese ano 1992, en que se asinou o convenio, o dito molle voado superara xa a súa vida útil, polo que debía considerarse en situación de ruína e procederse a súa substitución; negligencia que se agrava máis, se cabe, tendo en conta que no dito convenio de «Abrir Vigo ao mar» o Porto de Vigo obrigábase á supervisión técnica das obras; supervisión que facía necesaria a consideración desta circunstancia do estado de uso deste molle voado.

Daquela, procede rexeitar a reclamación da APV de pago dos custes de reposición dunha instalación portuaria que xa antes de ter sido incorporada ao proxecto de Abrir Vigo ao mar esgotara a súa vida útil e debería ter sido considerada en situación de ruína, procedendose a súa substitución».

7º.- Tras a formulación polo concello de Vigo das alegacións que van transcritas, a Autoridade Portuaria de Vigo non notificou a esta Administración municipal resolución definitiva no expediente de liquidación do Convenio e, con data 4 de marzo de 2023, tivo entrada neste concello de Vigo requirimento previo á vía contencioso-administrativa, dirixido pola Autoridade Portuaria a esta Administración municipal para o pago por esta das cantidades arriba indicadas que a Autoridade Portuaria de Vigo considera que se derivan da liquidación do convenio «Abrir Vigo ao Mar»; requirimento que foi inadmitido pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 12 de abril de 2024 e contra o cal «ad cautelam» interpúxose polo concello de Vigo recurso contencioso-administrativo.

8º.- A autoridade Portuaria de Vigo, en escrito que tivo entrada neste Concello o día 22 de xullo de 2024, comunicou a este que tras o citado requirimento:

«(...) han sobrevenido un conjunto de hechos relevantes a los efectos de la referida liquidación:

1.- En primer lugar, la liquidación provisional de la más cuantiosa de las partidas reclamadas (dimanante de la del contrato adjudicado por la Autoridad Portuaria con código O/1240, para la rehabilitación de parte del entorno afectado por el incumplimiento municipal) devino definitiva, arrojando una suma distinta de la primera, que era la obrante en el requerimiento.

2.- En segundo lugar, la Abogacía General del Estado emitió, a solicitud de la Abogacía del Estado en Pontevedra y con vistas al inicio de la vía judicial, dictamen sobre la adecuación a derecho del procedimiento de liquidación de las sumas adeudadas por el Ayuntamiento y en tal documento, pese a convenir en la regularidad legal de dicho procedimiento, se concluía también la necesidad de que aquél se entendiera también con el Consorcio de la Zona Franca de Vigo, como interesado, al haber sido parte del convenio resuelto.

Tales hechos imponían concluir el procedimiento e incoar otro que permitiera atender tales exigencias procedimentales y ajustar las sumas reclamadas a las resultantes de la liquidación definitiva del contrato referido. En consecuencia, la Autoridad Portuaria acordó en fecha 10 de junio de 2024, y al amparo del artículo 93 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, desistir de dicho primer procedimiento e incoar, por acuerdo de fecha 18 de junio de 2024, otro con su mismo fin.

(...)

El importe de la presente liquidación resulta del informe de la Jefatura de Área de Planificación que se adjunta con el presente escrito».

9º.- Do citado informe da Xefatura de Área de Planificación merece transcribirse aquí o que segue:

«De la valoración de los gastos derivados del incumplimiento de las obligaciones de mantenimiento recogidas en el Convenio conocido como Abrir Vigo Al Mar.

Respecto de los gastos asumidos por la Autoridad Portuaria tras la resolución del Convenio de Abrir Vigo al Mar, derivados del incumplimiento de las obligaciones de mantenimiento recogidas en el Convenio de “Abrir Vigo al Mar”, se pueden subdividir en tres conceptos principales:

1.- Gastos de reparación derivados de la ausencia de mantenimiento en la plaza de La Estrella por un importe de 18.353,99 €.

- Tras la resolución del convenio se realizó una revisión en el ámbito de la plaza de La Estrella y el 02/03/2020 se contrató la reparación del pavimento (CG-5909)

El 02.11.2023 tras el análisis de las alegaciones presentadas por el Concello de Vigo, esta área emite nuevo informe, a la vista a su vez del informe emitido por el departamento de conservación en fecha 02.11.2023, en lo relativo a las actuaciones de reparación llevadas a cabo en la Plaza de la Estrella, en el que se pone de manifiesto que una vez revisado el expediente, se detectó un error en la valoración de las cantidades reclamadas siendo el importe correcto de las unidades finalmente ejecutadas el de 18.353,99 € (sin IVA) en lugar de los 31.982,03 € que se correspondían con el presupuesto de adjudicación de la actuación.

2.- Gastos de reparación incluidos en el contrato de obra de “ACONDICIONAMIENTO DEL TRAMO ENLOSADO EN LAS AVENIDAS EN EL



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.238)” por un importe de 1.263.952,76 €.

- En estos gastos se incluyen la aportación obligatoria al Patrimonio Cultural Español del 1,5% del presupuesto de ejecución material de las obras licitadas por las administraciones públicas estatales.

- La parte proporcional de los gastos para la contratación de una asistencia técnica para la redacción de los proyectos y la codirección de las obras, que se ha calculado proporcionalmente al presupuesto base de licitación de cada una de las actuaciones. (SET-329).

- Los gastos de reparación incluidos dentro del contrato de obra de “ACONDICIONAMIENTO DEL TRAMO ENLOSADO EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.238)” después de deducir del importe total las actuaciones consideradas como de mejora.

3.- Gastos de reparación incluidos en el contrato de obra de “RECONSTRUCCIÓN DEL PASEO MARÍTIMO EN EL ENTORNO DE LA DÁRSENA NAÚTICA EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.240)” por un importe de 3.301.326,17 €.

- En estos gastos se incluyen la aportación obligatoria al Patrimonio Cultural Español del 1,5% del presupuesto de ejecución material de las obras licitadas por las administraciones públicas estatales.

- La parte proporcional de los gastos para la contratación de una asistencia técnica para la redacción de los proyectos y la codirección de las obras, que se ha calculado proporcionalmente al presupuesto base de licitación de cada una de las actuaciones. (SET-329)

- Los gastos de reparación incluidos dentro del contrato de obra de “RECONSTRUCCIÓN DEL PASEO MARÍTIMO EN EL ENTORNO DE LA DÁRSENA NAÚTICA EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.240)” después de deducir del importe total las actuaciones consideradas como de mejora.

En este punto cabe destacar que se incorpora todo el ámbito de actuación de esta obra sin excluir la zona colapsada con motivo del concierto de “O Marisquiño”, dado que el estado de deterioro del paseo fruto de la ausencia de mantenimiento durante un periodo tan prolongado de tiempo, hace que la única opción técnicamente viable

para su reparación, al igual que se ejecutó en el resto del ámbito, fuese la demolición de la estructura y su posterior reconstrucción.

En total ascienden los gastos de conservación y reparación considerados que derivan de un deficiente mantenimiento en el ámbito de “Abrir Vigo al Mar” a un total de 4.583.632,93 €.

(...)

Como principio general para realizar el cálculo de estos importes se han analizado los gastos que se han acometido en el ámbito desde la fecha de resolución del Convenio y se ha analizado el desglose de los capítulos presupuestarios ejecutados en los contratos de obra principales (“RECONSTRUCCIÓN DEL PASEO MARÍTIMO EN EL ENTORNO DE LA DÁRSENA NAÚTICA EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.240)” y “ACONDICIONAMIENTO DEL TRAMO ENLOSADO EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.238)”) no considerando las unidades de obra que podrían ser consideradas como mejoras no achacables a la ausencia de mantenimiento de la actuación original.

En el siguiente cuadro se presenta el desglose justificativo de los importes anteriormente relacionados:

(...)

De la valoración de los daños derivados del accidente de “O Marisquiño”.

Para determinar los gastos asumidos por la Autoridad Portuaria asociados al accidente que tuvo lugar en el mes de agosto de 2018 en el que se produjo el colapso de parte del paseo de madera con motivo de la celebración de un concierto promovido por el festival de “O Marisquiño”, se ha procedido a diferenciar dos conceptos principales.

Por un lado, se han considerado los costes derivados de la reconstrucción del propio paseo estimados, proporcionalmente a la superficie total de la actuación de “RECONSTRUCCIÓN DEL PASEO MARÍTIMO EN EL ENTORNO DE LA DÁRSENA NAÚTICA EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.240)”, en 1.004.751,44 €. Este importe supone un 30,43% del importe total dedicado a la reconstrucción del paseo de madera que coincide con la superficie afectada por el accidente.

Por otro lado, la Autoridad Portuaria ha asumido una serie de costes derivados del propio accidente de “O Marisquiño” para garantizar la seguridad de la zona hasta su reparación, fundamentalmente la colocación de elementos de protección para evitar caídas al mar. Estos gastos ascienden a 14.750,25 €.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Además, se inclúyen los gastos de las periciales asumidos por la Autoridad Portuaria de Vigo con motivo de la apertura del procedimiento abreviado 1682/2018 que ascienden a un total de 42.380,00 €.

Por último, se incluye la indemnización en ejecución de sentencia no 100/2023 de 2 de mayo de 2023, en el P.A. 005/2021 por daños y perjuicios a la mercantil Soluciones Escénicas S.L. por un importe de 26.679,69 € (principal más intereses).

En total ascienden los gastos considerados asumidos hasta la fecha por la Autoridad portuaria que derivan del accidente de "O Marisquiño" a un total de 1.088.561,38 €».

10º.- Á vista deste novo requirimento o concello de Vigo solicitou a terminación do procedemento contencioso administrativo iniciado a súa instancia, co número 4146/2024, contra o anterior requirimento, por carencia sobrevida de obxecto; terminación que se acordou por auto núm. 97/2024, de 23 de setembro, da Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

11º.- Respecto desta nova reclamación formuláronse por esta Administración municipal as alegacións que seguen:

«A nova reclamación económica da Autoridade Portuaria debe ser integramente rexeitada polas razóns aducidas polo concello de Vigo no primeiro expediente de liquidación do convenio; razóns que figuran transcritas no apartado 6º da exposición que precede, as cales deben terse aquí por reproducidas, e as que ás que cabe engadir as que seguen:

Primeira.- *Respecto da actuación de "RECONSTRUCCIÓN DEL PASEO MARÍTIMO EN EL ENTORNO DE LA DÁRSENA NAÚTICA EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.240)", chama a atención que a Autoridade Portuaria de Vigo parece querer cobrar dúas veces a reconstrucción do paseo na porción que colapsou. Así, no informe do xefe do Área de Plaificación e Infraestruturas, de 25 de junio de 2024, arriba parcialmente transcrito, a propósito dos «Gastos de reparación incluídos en el contrato de obra de "RECONSTRUCCIÓN DEL PASEO MARÍTIMO EN EL ENTORNO DE LA DÁRSENA NAÚTICA EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.240)" por un importe de 3.301.326,17 €» di que:*

*«En este punto cabe destacar que se incorpora todo el ámbito de actuación de esta obra **sin excluir la zona colapsada con motivo del concierto de "O Marisquiño"**, dado que el estado de deterioro del paseo fruto de la ausencia de mantenimiento durante un periodo tan prolongado de tiempo, hace que la única opción técnicamente viable para su reparación, al igual que*

se executó en el resto del ámbito, fuese la demolición de la estructura y su posterior reconstrucción».

E, sen embargo, nos danos derivados do accidente de «O Marisquiño» volve a incluír entre os danos, cuxa indemnización reclama, 1.004.751,44 euros, como custes

«derivados de la reconstrucción del propio paseo estimados, proporcionalmente a la superficie total de la actuación de “RECONSTRUCCIÓN DEL PASEO MARÍTIMO EN EL ENTORNO DE LA DÁRSENA NAÚTICA EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.240)”, en 1.004.751,44 €. Este importe supone un 30,43% del importe total dedicado a la reconstrucción del paseo de madera que coincide con la superficie afectada por el accidente».

O que implica pretender cobrar dúas veces a reconstrucción da porción colapsada do paseo que nos ocupa.

*Polo demais, cómpre insistir, dunha parte, en que, con independencia de que a obriga municipal de mantemento do paseo alcanzase a estrutura portante do entarimado de madeira do molle voado de que tratamos —isto é, á estrutura soporte e a estrutura do pretensado do paseo— a dita estrutura portante, e mais concretamente, a estrutura do pretensado portante do entarimado de madeira que colapsou, tal e como se conclúe no ditame pericial, emitido por don Xosé Ramón Novoa Rodríguez, catedrático de Enxeñería Química da Universidade de Vigo e experto en corrosión e durabilidade de materiais, nomeado pola xuíza instrutora do procedemento penal DPA 1682/2018, que se achega a estas alegacións como **documento número 6**, agotara xa a súa vida útil xa antes da sinatura do convenio «Abrir Vgo ao Mar», pois o proxecto técnico do paseo é de 1978 e a súa posta en servizo tivo lugar nos primeiros anos da década de 1980, sendo así que como afirma don Xosé Ramón Novoa Rodríguez «a estrutura de pretensado, que constitúe o paseo , superou a súa vida útil entre os 5 e 6 anos da súa posta en servizo»: a estrutura portante do paseo estaba xa no momento da sinatura do convenio «Abrir Vgo ao Mar» en situación de ruína técnica polo que debeu procederse a súa substitución; substitución á que non estaba obrigado o concello de Vigo. Nin o estaba no momento da sinatura do convenio e da execución das obras nin o está agora, pois a ruína do paseo e anterior a obriga de conservación municipal.*

Doutra, na negligencia da Autoridade Portuaria de Vigo ao poñer a disposición do Consorcio da Zona Franca de Vigo un molle voado en situación de ruína, para a execución sobre el do repetido paseo entarimado; negligencia que se agrava máis, se cabe, tendo en conta que no dito convenio de «Abrir Vigo ao mar» o Porto de Vigo obrigábase á supervisión técnica das obras; supervisión que facía necesaria a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

consideración do estado de uso deste molle voado antes de procedera a obra de colocación do entarimado de madeira.

Cómpre volver a recordar tamén, para finalizar esta primeira alegación, que sen prexuízo da obriga de conservación das construcións, estas, de acordo co disposto no artigo 35.3, in fine, do RD L 7/2015, TRLSRU, se valorarán tendo en conta «su antigüedad y su estado de conservación. Si han quedado incursas en la situación de fuera de ordenación, su valor se reducirá en proporción al tiempo transcurrido de su vida útil».

Daquela, sen prexuízo de que, conforme aos artigos 135 e 141 da Ley 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, a obriga de conservación desaparece nos casos de ruína, esgotada a vida útil do molle voado que colapsou, sobre o que se executou o entarimado de madeira en virtude do convenio «Abrir Vigo ao Mar», o concello de Vigo, na liquidación do convenio en ningún caso resultaría obrigado, a virtude da obriga de conservación do convenio, a proporcionar a Autoridade Portuaria de Vigo, un molle novo, habida conta do tempo transcurrido desde a súa execución e porque o valor do repetido molle xa antes da firma do convenio «Abrir Vigo ao Mar» non tiña ningún valor, ao atoparse en situación de ruína, polo que debería ter sido demolido e substituído por outro ao inicio das obras previstas neste convenio.

Segunda.- Canto aos gastos de reparación incluídos no contrato de obra de “ACONDICIONAMIENTO DEL TRAMO ENLOSADO EN LAS AVENIDAS EN EL ÁMBITO DEL CONVENIO ABRIR VIGO AL MAR (O/1.238)” por un importe de 1.263.952,76 €, remitímonos ao xa alegado no primeiro expediente de liquidación, que figura transcrito no apartado 6º da exposición de antecedentes que precede a estas alegacións. Non obstante achegamos a estas alegacións, como **documento número 7**, a noticia de prensa publicada no Faro de Vigo, de 27 de xuño de 2020, na que o entón Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, manifestaba que:

*«La estética del Puerto Marítimo -el gran espacio de contacto con el mar en el centro urbano- sigue lastrado por el desgaste del empedrado y, sobre todo, el enorme socavón en la zona de tablas de madera, recordatorio que arrojó un saldo de 467 heridos y ninguna víctima mortal. Los planes del Puerto ahora pasan por su reconstrucción y mejora por un importe de unos cinco millones de euros. **La cifra recoge el cambio de losetas y refuerzo de las estructuras para garantizar el tránsito de vehículos pesados que transportan grandes piezas -a lo que se destinarán dos millones-**. “Visualmente no se notará mucho, pero será más resistente para evitar que se estén rompiendo constantemente”, explica Enrique López Veiga, presidente del Puerto».*

Terceira.- No que atinxe aos gastos derivados da reparación os desperfectos existentes na praza da Estrela remitímonos ao xa alegado no primeiro expediente de liquidación, que figura transcrito tamén no apartado 6º da exposición de antecedentes que precede a estas alegacións, volvendo a insistir, tal e como se recolle máis arriba que, con data de 30 de maio de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, rexeitara as pretensións de reparacións, cuantificadas agora pola Autoridade Portuaria de Vigo neste expediente de liquidación do convenio, formuladas pola Administración portuaria en escritos de 2 e 8 de maio de 2019; porén tal rexeitamento o foi coa excepción da reclamación de reparación dos desperfectos que presentaba a Praza da Estrela, que si se considerou fundada, procedéndose os días 2 e 3 de outubro de 2019 á súa reparación pola contratista municipal de mantemento de viais.

Advírtase que a Autoridade Portuaria de Vigo declarou resolto o convenio o 25 de setembro de 2019 e que o concello de Vigo reparou os desperfectos da Praza da Estrela, tal e como vai dito no apartado 6º dos antecedentes, os días 2 e 3 de outubro de 2019. Por tanto, as obras as que se refire a reclamación da Administración Portuaria ou ben son obras de reparación de desperfectos producidos con posterioridade á resolución do convenio ou ben son obras de mellora, non comprendidas dentro da obriga de conservación que incumbía ao concello de Vigo a virtude do convenio.

Cuarta.- Verbo dos demais gastos reclamados pola Autoridade Portuaria de Vigo, derivados do accidente de «O Marisquiño», cómpre contestar: (i) que os custes dos elementos de protección para garantir a seguridade do molle colapsado son imputables a Autoridade Portuaria de Vigo, pois a reconstrución do molle voador, polas razóns que van ditas, non correspondía ao concello de Vigo; (ii) que os gastos das periciais asumidas pola Autoridade Portuaria de Vigo no procedemento penal referido teñen que ser soportados por esta, salvo que a Administración municipal tivera sido condenada en custas neste procedemento penal; condena en custas que non se produciu; (iii) e, por último, que o molle voador é unha infraestrutura portuaria —de titularidade da APV— que estaba en situación de ruína no momento de execución, en virtude do convenio, da obra do entarimado de madeira sobre el, e que, con independencia de que o concello tivera a obriga de conservalo, a Autoridade Portuaria, como titular da infraestrutura tiña a obriga de comprobar o estado do mesmo para conceder a autorización para o concerto con ocasión do cal se produciu o accidente, e esixir, no seu caso, do concello de Vigo a execución das obras de conservación —non de substitución— que resultaran necesarias para a autorización que a APV concedeu á mercantil Soluciones Escénicas, S.L. para celebrar alí o concerto; non o fixo polo que os danos producidos á promotora do concerto son imputables á Autoridade Portuaria de Vigo e non pode repetir por estes contra o concello de Vigo».



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

12º.- Con data 10 de setembro, a Autoridade Portuaria de Vigo, en resolución do novo expediente de liquidación incoado por esta, remite a ese Concello requirimento de pago, da mesma data, das cantidades arriba referidas, cuxo teor literal é o que segue:

«Se requiere al Ayuntamiento de Vigo, a los efectos del art. 44.1 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, el abono a esta Autoridad Portuaria de la suma de 4.583.632,93 euros (IVA excluido) como indemnización por su incumplimiento de las obligaciones de conservación y mantenimiento que le imponía el convenio “Abrir Vigo al Mar”, suma que resulta de la liquidación motivada oportunamente notificada a dicha Administración local y a cuyo pago viene obligada al amparo de los preceptos legales señalados en los fundamentos jurídicos, según se ha declarado ya por sentencia judicial firme.

Se fija el plazo de UN (1) mes desde la notificación de este acuerdo para que dicha Administración acredite el inicio del procedimiento tendente al pago de dicha suma y se proceda, al término de aquél, a su abono efectivo.

Se anticipa que, transcurrido tal plazo sin haber sido atendido el presente requerimiento, se interpondrá recurso contencioso administrativo para reclamar el pago de tales sumas, conforme al art. 44.3 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, agregando a la suma ya liquidada las costas procesales y los correspondientes intereses».

13º.- No dito escrito, se di que «La responsabilidad del Ayuntamiento de Vigo se extiende tanto a la reparación y reposición de los espacios degradados por el incumplimiento de su obligación de mantenimiento como a la reposición a su estado original de la estructura colapsada durante la celebración, el 12 de agosto de 2018, de un concierto autorizado por aquél dentro del festival “O Marisqueño”, por ser también efecto del incumplimiento de dicha obligación, al margen de las eventuales consecuencias penales derivadas de las Diligencias Previas tramitadas por el Juzgado de Instrucción no3 de Vigo con la referencia 1682/2018» e que as sumas cuxo pago reclama a Autoridade Portuaria de Vigo «deben abarcar todas las necesarias para restaurar el ámbito del convenio a su correcto estado (art. 213.3, en relación con el art. 4, de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos de las Administraciones Públicas, y 1124 del Código Civil), incluyendo, en particular, la reconstrucción de la parte del paseo colapsada por la celebración de un evento autorizado por el propio Ayuntamiento».

Tras estas declaracións o requirimento da Autoridade Portuaria de Vigo rexeita as alegacións municipais formuladas no expediente de liquidación incoado pola Autoridade Portuaria pois «Dichas alegaciones no desvirtúan los fundamentos obrantes en la propuesta de liquidación cursada y, de hecho, contrarían lo ya fallado por la aludida sentencia del TSJ de Galicia en su sentencia no 4059/2020».

14º.- O requirimento de pago ten que ser recurrido ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa tanto polas razóns aducidas por este Concello, arriba transcritas, como pola súa falta de motivación. A Autoridade Portuaria de Vigo, utilizando unha fórmula de estilo, limítase a dicir que «Dichas alegaciones no desvirtúan los fundamentos obrantes en la propuesta de liquidación cursada y, de hecho, contrarían lo ya fallado por la aludida sentencia del TSJ de Galicia en su sentencia no 4059/2020». O requirimento da Autoridade Portuaria de Vigo carece por completo duns mínimos argumentos que puideran xustificar o rexeitamento das alegacións municipais e, desde logo, non contraría, en modo algún, o faiado pola sentenza do TSXG na súa sentenza 4059/2020, antes ao contrario é ás cuestións que as alegacións municipais presentan ás que ven a referirse a dita sentenza, que declara que non procede condenar ao Concello de Vigo ao pago das cantidades que na vía xurisdiccional tamén se reclamaban pola Autoridade Portuaria de Vigo, porque —en boa lóxica— as ditas cantidades deberían ser tratadas e discutidas no procedemento de liquidación; procedemento no que o Concello de Vigo formulou as fundadas alegacións que figuran *ut supra*, pero que a Autoridade Portuaria non tivo a ben contestar.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o requirimento de pago, de data 10 de setembro de 2024, formulado pola Autoridade Portuaria de Vigo, transcrito no apartado 11º da parte expositiva desta resolución e solicitar a suspensión do dito requirimento ante a xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(817).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “APARCADOIRO PROVISIONAL NA RÚA MANUEL COMINGES - MATAMÁ”. EXPTE. 6498/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/10/2024, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 05.07.2024 resolveu o autorizar o gasto para Actualización do proxecto para acondicionamento do entorno do aparcadoiro do futuro pavillón deportivo de Matamá a favor da mercantil Ingenia Proyectos Técnicos S.L. (exp 2029/441).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

II.- A empresa Ingenia Proyectos técnicos S.L. presenta o borrador do proxecto de “APARCADOIRO PROVISIONAL NA RÚA MANUEL COMINGES - MATAMÁ”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos María Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO SESENTA E CATRO MIL TRESCENTOS VINTE E UN EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (1.164.321,30 €).

III.- O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 23.08.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do Xefe do Servizos Xurídicos de Servizos Xerais, en data 26.08.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

IV.- A actuación se desenrola nunha parcela de titularidade municipal lindeira á do futuro Pavillón Deportivo de Matamá. Proxéctase a creación da citada instalación ao aire libre, con capacidade para 123 vehículos, dos cales se reservan 4 prazas de aparcadoiro para discapacitados.

O acceso ao aparcadoiro realízase pola rúa Manuel Cominges, fronte ao Colexio Público Josefa Alonso, a partir de aí proxéctase un vial que discorre a través da parcela municipal, ata chegar á rúa dos Canteiros.

Prevense as seguintes actuacións:

- Optimización da utilización do espazo e ordenación deste.
- Mellora da accesibilidade peonil na contorna.
- Delimitación das zonas de aparcamentos adaptadas aos usos existentes.
- Mellora da seguridade viaria no ámbito e a súa contorna.
- Renovación e mellora das redes de servizos, cando sexa necesario e a instalación dunha nova rede de alumeadado.
- Incluíranse tamén zonas axardinadas dotadas de rega e árbores, así como distinto mobiliario urbano.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (NOVE) 9 meses.

V.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 24.09.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(...) O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 29 de abril de 1993. A aprobación definitiva de dito PXOU de 1993 foi publicada no DOG n° 87 o día 10/05//1993 e a súa normativa foi publicada no BOP n° 133, o 14 de xullo de 1993.

Así mesmo, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional, redactado polos servizos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, ao amparo da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación; foi aprobado definitivamente polo pleno o 24/07/2019, publicado no DOG n° 160 do 26/08/2019 e a súa normativa foi publicada no BOP n° 181 do 20 de setembro de 2019. O IOP recupera parte do solo urbano do Plan Xeral do ano 2018 que foi anulado por sentenza e trátase dunha ordenación que, tal e como o seu propio nome indica, ten unha vixencia temporal mentres se

tramita un novo plan.

A parcela obxecto do proxecto non está incluída no IOP. Segundo o PXOU de 1993 a parcela está clasificada como solo de núcleo rural existente tradicional "10 06 IGREXA C" - incluída no ámbito UA 1 IGREXA" pendente do desenvolvemento do planeamento.

De acordo co artigo 89.1 da LSG e o 204 do seu Regulamento, a pesar da obrigatoriedade da observancia dos plans, poderanse autorizar usos e obras de carácter provisional no solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados nos sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial.

De conformidade cos artigos 13 e 14 do Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana RDL 7/2015, tanto no solo en situación de rural para o que os instrumentos de ordenación urbanística prevexan ou permitan o seu paso á situación de solo urbanizado, como no solo urbanizado, as facultades do dereito de propiedade inclúen a realización de usos e obras de carácter provisional que se autoricen por non estar expresamente prohibidos pola lexislación territorial e urbanística, ou a sectorial e sexan compatibles coa ordenación urbanística. Estes usos e obras deberán cesar e, en todo caso, ser demolidas as obras, sen dereito a indemnización algunha, cando así o acorde a Administración urbanística.

O uso de aparcadoiro non está expresamente prohibido, polo que sería permisible a instalación dun aparcamento provisional.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“APARCADOIRO PROVISIONAL NA RÚA MANUEL COMINGES - MATAMÁ”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos María Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO SESENTA E CATRO MIL TRESCENTOS VINTE E UN EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (1.164.321,30 EUROS) e con sinatura dixital de datas 12 e 20 de setembro de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(818).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. EXPTE. 6403/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/10/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2024 acordou *adxudicar a REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO, SLNE o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (Expte. 1641-441).*

II.- Por parte da mercantil REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO, SLNE presentouse borrador do proxecto básico para a **“MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”**, redactados polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández.

III.- En data 30.04.2024 polo Xefe do Servizo de Deportes e o Xefe da Área de Servizos Xerais informase que o borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 03.05.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na Rúa Coutadas nº 54, na actual piscina de Teis.

As actuacións propostas no proxecto se desengrosaron en tres capítulos; As que veñen derivadas do incendio, outras derivadas de patoloxías previas e un terceiro capítulo de actuacións novas motivado polo cambio normativo, que obriga a unha serie de melloras no edificio tanto nos illamentos, como na calidade das instalacións, o que provoca un aumento do tamaño e custe fundamentalmente das instalacións, pero tamén en canto a accesibilidade e evacuación.

Os traballos a levar a cabo en cada capítulo enuméranse a continuación;

- ACTUACIÓNS DERIVADAS DO INCENDIO: Demolicións e traballos previos, particións e albanelería, carpinterías, revestimentos e acabados, cubertas e instalacións contra incendios, climatización, fontanería, gases combustibles, alta tensión, baixa tensión, iluminación, telecomunicacións, depuración piscinas, saneamento, seguridade, audiovisuais, estruturas, mobiliario e equipamento e axudas de albanelería.
- ACTUACIÓNS PATOLOXÍAS PREVIAS: En cubertas, fachadas, particións e albanelería, carpinterías e vidros, en revestimentos, acabados e axudas de albanelería.
- ACTUACIÓNS NOVAS: Demolicións e traballos previos, carpinterías, particións e albanelería, revestimentos e acabados, climatización multiusos e fotovoltaica.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 18 meses.

V.- Pola Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, a Enxeñeira pública de Obras Públicas da mesma emite en data 03.10.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(...) O edificio da piscina de Teis é un edificio de equipamento público de uso deportivo, os traballos axústanse as ordenanzas de aplicación tanto no PXOU/93, I.O.P. e novo PXOU/21 con aprobación inicial.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local. Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que “non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “**MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS**”, redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dña. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), con data da sinatura xullo de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(819).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA”. EXPTE. 6436/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/10/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En data 19 de xaneiro de 2024, o Segundo Tenente de Alcalde e o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolve adjudicar á empresa Capitel Arquitectura Ingeniería e Innovación SL, e autorizar o gasto para a redacción do proxecto “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA”.

II.- Por parte da mercantil Capitel Arquitectura Ingeniería e Innovación SL presentouse borrador do proxecto Vigo Vertical “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puenta Crespo.

III.- En data 14.06.2024 polo Xefe da Área de Servizos Xerais infórmase que o borrador presentado recolle proposta de deseño tendo en conta os diferentes condicionantes que afectan ao ámbito de actuación e modulado segundo a incidencia destes sobre os usuarios. Así mesmo tivéronse en conta criterios de eficiencia enerxética e mantemento futuro adecuado e acorde ao entorno urbano. A actuación exposta no documento borrador a nivel global se considera que cumpre os obxectivos do contrato de redacción, sen entrar a corroborar solucións técnicas específicas, cálculos dimensionais, nin cumprimento de normativa vixente, validados polo técnico asinante do proxecto construtivo.

IV.- A actuación desenvólvese no Paseo de Granada e unha pequena parte da Rúa do Pracer, abarcando unha superficie duns 3.300 m² e unha lonxitude aproximada de 210 metros. As obras a executar enuméranse a continuación:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

- Redistribución da sección transversal da rúa, ampliando o ancho das beirarrúas seguindo criterios de accesibilidade peonil.
- Peonalización do tramo da rúa Pracer na conexión co Paseo de Granada e a rúa de San Sebastián, para dar continuidade ao Casco Vello.
- Modificación da curva de conexión para mellorar o radio de xiro dende a Avda. Das Camelias.
- Disposición de 3 ramplas mecánicas e un i-walk, de lonxitudes 35m, 38m, 35m e 12 metros respectivamente, de subida na beirarrúa impar do Paseo Granada. En paralelo, manterase o carril bici segregado da calzada para asegurar unha circulación en condicións de seguridade.
- Pavimentación acorde coa contorna: beirarrúas de lousa de granito de 60x40cm, bordos de granito, vados de acceso de lastros de granito de 14x14x10cm, carril bici en mestura bituminosa cun revestimento de resina acrílica coloreada, e calzada de mestura bituminosa en dúas capas sobre unha capa de formigón.
- Renovación das redes de servizos existentes:
 - Creación dunha rede separativa para a evacuación de augas pluviais e renovación da rede de saneamento.
 - Renovación da rede de abastecemento con tubaxes de fundición dúctil de 150 mm de diámetro.
 - Retranqueo da liña de gas existente.
 - Nova canalización de baixa tensión e retranqueo da liña de media tensión. Nova acometida ás ramplas mecánicas.
 - Renovación do alumeadado público mellorando a eficiencia e aforro enerxético e asegurando a uniformidade en todo o viario.
- Resto de obras complementarias das anteriores, incluída a implantación de elementos de mobiliario urbano: bancos, papeleiras, varandas e puntos de recarga de vehículo eléctrico; e a disposición de de novas zonas axardinadas, mantendo as árbores existentes e dotándoa dunha rede de rego automático por goteo.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos en favor do peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de QUINCE (15) MESES.

V.- Con data 18.06.2024 polo Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo infórmase que as actuacións atópanse parcialmente dentro da zona de protección do elemento arqueolóxico "XACEMENTO ROMANO MEDIEVAL DO CASCO VELLO" (GA-36.057.084) e do " O CASTRO / CASTRO DE VIGO" (GA-36.057.007), polo que debe solicitarse autorización da Consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Con data 26.07.2024 pola Delegación territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura resolveuse:

"Autorizar o proxecto Proxecto Vigo Vertical implantación de medios mecánicos de transporte peonil en rúa Paseo de Granada, concello de Vigo, non obstante cómpre realizar un control arqueolóxico das

remocións de terra no treito suxeito a cautela arqueolóxica. No tramo mais setentrional das obra (aproximadamente sector da rúa Pracer) o control arqueolóxico será especialmente exhaustivo. Os movementos de terra deberán ser executados baixo as directrices do director/a da intervención arqueolóxica. En función dos resultados do control poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias (sondaxes, mecánicas ou manuais, escavación en área, ...).

En consecuencia, antes do inicio dos traballos, o promotor deberá presentar o correspondente proxecto arqueolóxico, asinado por técnico competente, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

No caso de localizarse restos arqueolóxicos inmoables, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario realizar modificacións no proxecto, principalmente, no que atinxe a súa afección sobre o subsolo.”

VI.- Pola Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, a Enxeñeira de Caminos Canais e Portos da mesma emite en data 07.10.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

(...) “A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA”**, redactado polo Enxeñeiro Industrial Javier De La Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS TRESCENTOS CORENTA E CATRO MIL CATROCENTOS SESENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (3.344.461,20 €) e con sinatura dixital de data 03 de outubro do 2024

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(820).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE BASES E ESTATUTOS DE ACTUACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DA “XUNTA DE COMPENSACIÓN DO ÁMBITO DO PERI DA UA 3 MONTANA” ALCABRE. EXPTE. 5335/401.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación das obras para a execución do proxecto de “Renovación das cubertas do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social –CIIES- do Concello de Vigo”. Expte. 2059/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

23(821).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL –CIIES- DO CONCELLO DE VIGO”. Expte. 2059/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 10/10/2024 , sométese a aprobación o informe-proposta do 25/09/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Por parte da Concellería da Área de Goberno de Política Social e Turismo, remítese proxecto básico e de execución para a “RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL – CIIES – DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (239.458,77 €).

II.- O Xefe de Área de Benestar Social e o Xefe do servizo de Vías , Obras e Infraestruturas en datas 14 e 15 de marzo de 2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos e a Concelleira de Área de Goberno de Política social, a proposta dos Xefes de Área e Servizo respectivos, en data 15 de marzo de 2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 01.07.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 09.07.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 12.07.2024 aprobou o proxecto básico e de execución para a “RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL – CIIES – DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (239.458,77 €) asinado dixitalmente en data 1 de xullo de 2024. (Expte. 6374-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 12.07.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6374-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Área de Bienestar Social e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 23.07.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 24.07.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Área de Bienestar Social e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 29.07.2024.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 30.07.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 23.08.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 03.09.2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 24.09.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 24.09.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun

procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28.02.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL - CIIES - DO CONCELLO DE VIGO**”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 24.09.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS TRINTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (239.458,77 €)** , sendo o importe correspondente ao IVE de 41.558,96 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación 2310.632.00.01 (INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN EN C.S. SOCIAIS), proxecto de gasto 24231002, segundo a distribución de anualidades proposta.

2024	239.458,77 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(822).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1762 /1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez